

**DIAGNOSE DO  
ACOSO SEXUAL E  
POR RAZÓN DE SEXO  
NA UNIVERSIDADE DE VIGO**

**AUTORAS**

**María Lameiras Fernández**

**Yolanda Rodríguez Castro**

**María Victoria Carrera Fernández**

**Edita**

Universidade de Vigo

**Copyright**

Universidade de Vigo

**© Textos e gráficos**

María Lameiras Fernández, Yolanda Rodríguez Castro e  
María Victoria Carrera Fernández

**Colaboradoras**

Patricia Alonso Ruido e Rosana Martínez Román

**ISBN**

978-84-8158-797-5

**Depósito Legal**

VG 580-2018

# ÍNDICE

<b>1 • Xustificación</b>	7
<b>2 • Introducción</b>	11
<b>3 • Aproximación teórica ao estudo do acoso sexual e en función do sexo</b>	17
3.1. As raíces do acoso sexual	19
3.2. Delimitación conceptual, tipolóxica e psicosocial	24
3.2.1. Delimitación conceptual e xurídica do acoso sexual	24
3.2.2. Tipoloxías do acoso sexual	28
3.2.3. Perfil da vítima e do agresor/a	30
3.3. Extensión do acoso sexual no ámbito universitario:	
estado da cuestión internacional e nacional	32
3.3.1. A situación do acoso sexual no ámbito internacional	32
3.3.2. A situación do acoso sexual nas universidades españolas	38
<b>4 • Obxectivos do estudo</b>	43
4.1. Obxectivo xeral	45
4.2. Obxectivos específicos	45
<b>5 • Metodoloxía multimétodo</b>	47
5.1. Metodoloxía do estudo cuantitativo da investigación	50
5.1.1. Mostra de estudantes	53
5.1.1.1. Distribución de estudantes por campus	54
5.1.1.2. Distribución por ámbitos científico-académicos, titulacións e campus	55
5.1.2. Mostra do Persoal Docente e Investigador (PDI)	56
5.1.2.1. Distribución do PDI por categoría profesional	56
5.1.2.2. Distribución do PDI por campus	57
5.1.2.3. Distribución por ámbitos científico-académicos	57
5.1.3. Mostra do Persoal de Administración e Servizos (PAS)	58
5.1.3.1. Distribución do PAS por categoría profesional	58
5.1.3.2. Distribución do PAS por campus e por facultades e servizos	59
5.1.4. Instrumentos	60
5.1.5. Procedemento	63
5.1.6. Análises estatísticas	65
5.2. Metodoloxía do estudo cualitativo da investigación	66
5.2.1. Características do estudo cualitativo	66
5.2.2. Participantes	67


5.2.2.1. Entrevistas semiestruturadas.....	68
5.2.2.2. Grupos de discusión .....	68
5.2.3. Procedemento .....	70
5.2.3.1. Contacto coas/cos participantes.....	70
5.2.3.2. Desenvolvemento das entrevistas.....	71
5.2.3.3. Desenvolvemento dos grupos de discusión.....	72
5.2.4. Técnicas de recollida de datos .....	73
5.2.5. Análise de contido .....	75
5.2.5.1. Análise das entrevistas .....	76
5.2.5.2. Análise dos grupos de discusión .....	86

## 6 • Resultados ..... 93

6.1. Resultados da investigación cuantitativa.....	95
6.1.1. Estudantes.....	95
6.1.1.1. Perfil sociodemográfico do alumnado.....	95
6.1.1.2. Os trazos estereotipados polo xénero e o nivel de sexismo ambivalente .....	97
6.1.1.3. Percepción de risco do acoso sexual, o acoso en función do sexo e da agresión sexual.....	97
6.1.1.4. Actitudes cara ao acoso sexual .....	101
6.1.1.5. Comportamentos sexuais e comportamentos en función do sexo non desexados.....	103
6.1.1.5.1. Víctimas de acoso sexual, por razón de sexo e agresión sexual na universidade.....	103
6.1.1.5.2. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade.....	105
6.1.1.5.3. O nivel de cousificación sexual experimentado.....	114
6.1.1.5.4. Acoso relativo á non conformidade de xénero vivido na universidade .....	115
6.1.2. Persoal Docente e Investigador (PDI) .....	118
6.1.2.1. Perfil sociodemográfico do PDI.....	118
6.1.2.2. Os trazos estereotipados polo xénero e o nivel de sexismo ambivalente .....	120
6.1.2.3. Percepción de risco do acoso sexual, do acoso en función do sexo e da agresión sexual.....	121
6.1.2.4. Actitudes cara ao acoso sexual .....	124
6.1.2.5. Comportamentos sexuais e comportamentos en función do sexo non desexados.....	126
6.1.2.5.1. Víctimas de acoso sexual, por razón de sexo e agresión sexual na universidade.....	126
6.1.2.5.2. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade.....	129
6.1.2.5.3. Nivel de cousificación sexual experimentado.....	137
6.1.2.5.4. Acoso relativo á non conformidade de xénero vivido na universidade .....	137
6.1.3. Persoal de Administración e Servizos (PAS) .....	140
6.1.3.1. Perfil sociodemográfico do PAS.....	140
6.1.3.2. Os trazos estereotipados polo xénero e o nivel de sexismo ambivalente .....	142
6.1.3.3. Percepción de risco do acoso sexual, do acoso en función do sexo e da agresión sexual.....	142
6.1.3.4. Actitudes cara ao acoso sexual .....	146

6.1.3.5. Comportamentos sexuais e comportamentos en función do sexo non desexados.....	147
6.1.3.5.1. Víctimas de acoso sexual, por razón de sexo e agresión sexual na universidade.....	147
6.1.3.5.2. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade.....	149
6.1.3.5.3. Nivel de cousificación sexual experimentado.....	155
6.1.3.5.4. Acoso relativo á non conformidade de xénero vivido na universidade.....	156
6.2. Resultados da investigación cualitativa.....	158
6.2.1. Estudantes.....	158
6.2.1.1. Resultados das entrevistas.....	158
6.2.1.1.1. Coñecementos de acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresión sexual.....	159
6.2.1.1.2. Percepcións do acoso sexual, do acoso por razón de sexo e da agresión sexual.....	163
6.2.1.1.3. Actitudes cara ao acoso sexual, do acoso por razón de sexo e da agresión sexual.....	171
6.2.1.1.4. Relatos de acoso sexual, por razón de sexo e agresión sexual no contexto universitario.....	180
6.2.1.1.4.1. Relatos narrados en primeira persoa.....	180
6.2.1.1.4.2. Relatos narrados en terceira persoa.....	194
6.2.1.1.5. Respostas ás situacións de acoso e accións preventivas.....	205
6.2.1.2. Resultados dos grupos de discusión.....	209
6.2.1.2.1. Coñecementos de acoso sexual, do acoso por razón de sexo e da agresión sexual.....	209
6.2.1.2.2. Percepcións do acoso sexual, do acoso por razón de sexo e da agresión sexual.....	217
6.2.1.2.3. Actitudes cara ao acoso sexual do acoso por razón de sexo e da agresión sexual.....	224
6.2.1.2.4. Relatos de acoso sexual, por razón de sexo e agresión sexual.....	227
6.2.1.2.5. Respostas ás situacións de acoso e accións preventivas.....	236
6.2.2. Persoal Docente e Investigador (PDI).....	239
6.2.2.1. Coñecementos sobre o acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresión sexual.....	239
6.2.2.2. Percepcións sobre o acoso sexual, o acoso por razón de sexo e a agresión sexual.....	240
6.2.2.3. Actitudes cara ao acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresión sexual.....	244
6.2.2.4. Relatos de acoso sexual e acoso por razón de sexo no contexto universitario.....	246
6.2.2.5. Respostas ás situacións de acoso sexual e por razón de sexo, e accións preventivas...	248
6.2.3. Persoal de administración e servizos.....	250
6.2.3.1. Coñecementos sobre o acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresión sexual.....	250
6.2.3.2. Percepcións sobre o acoso sexual, o acoso por razón de sexo e a agresión sexual.....	252
6.2.3.3. Actitudes cara ao acoso sexual, o acoso por razón de sexo e a agresión sexual.....	256
6.2.3.4. Relatos de acoso sexual, por razón de sexo e agresión sexual no contexto universitario.....	258
6.2.3.4.1. Relatos vividos de acoso sexual narrados en primeira persoa.....	258
6.2.3.4.2. Relatos vividos de acoso por razón de sexo narrados en primeira persoa...	262

6.2.3.4.3. Relatos vividos de agresión sexual narrados en primeira persoa .....	262
6.2.3.4.4. Relatos vividos de acoso sexual narrados en terceira persoa.....	263
6.2.3.4.5. Relatos vividos de acoso por razón de sexo narrados en terceira persoa .....	263
6.2.3.4.6. Relatos vividos de agresión sexual narrados en terceira persoa .....	264
6.2.3.5. Respostas ás situacións de acoso e accións preventivas .....	264
<b>7 • Conclusións</b> .....	267
7.1. Conclusións do estudo cuantitativo .....	269
7.1.1. Estudantes.....	269
7.1.2. Persoal Docente e Investigador (PDI) .....	273
7.1.3. Persoal de Administración e Servizos (PAS) .....	277
7.2. Conclusións do estudo cualitativo.....	280
7.2.1. Estudantes.....	280
7.2.2. Persoal Docente e Investigador (PDI) .....	283
7.2.3. Persoal de Administración e Servizos (PAS) .....	285
<b>8 • Propostas para a prevención e a intervención en situacións de acoso sexual e por razón de sexo na universidade</b> .....	287
<b>9 • Reflexión final</b> .....	299
<b>10 • Referencias bibliográficas</b> .....	305



XUSTIFICACIÓN





## 1. XUSTIFICACIÓN

Dentro das políticas encamiñadas a erradicar a violencia de xénero e, de forma específica, o acoso sexual nas institucións académicas, a Universidade de Vigo pon en marcha no ano 2015, articulado desde a Unidade de Igualdade, o primeiro *Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo* (aprobado no Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 26 de novembro de 2014, e publicado na Resolución reitoral do 16 de decembro de 2014, no DOG do 7 de xaneiro de 2015, pp. 553-569), en cumprimento da LO 3/2007 polo que se refire á aprobación e á implantación de plans de igualdade e protocolos para a prevención e a erradicación do acoso sexual. Ata o momento non se dispoñía dunha avaliación-diagnose da situación do acoso sexual e por razón de sexo na Universidade de Vigo, a partir da que poder establecer a folla de ruta que permita deseñar as estratexias de detección, intervención e prevención máis axeitadas, tanto para o estudiantado coma para o profesorado e persoal de administración e servizos, co que afianzar o compromiso da institución de “tolerancia cero” con este tipo de violencia, que compromete a saúde persoal das vítimas e tamén impacta a súa vida académica ou profesional.

As avaliacións como a que aquí se propón, ademais de posibilitar unha axeitada radiografía da situación, poden contribuír a reducir as agresións, así como a incrementar a concienciación e a revelación. Este informe-diagnose representa, por tanto, a primeira aproximación á situación do acoso sexual e por razón de sexo nos tres campus da Universidade de Vigo (Ourense, Pontevedra e Vigo); ademais, constitúe o primeiro análise da realidade do acoso sexual nos colectivos de estudiantado, persoal docente e investigador (PDI), e persoal de administración e servizos (PAS); representando o punto de partida para a elaboración de informes periódicos que permitan orientar o deseño de estratexias de actuación e avaliar a efectividade da súa execución a medio-longo prazo. Actuacións que terán como finalidade última a erradicación de todas as formas de violencia e acoso na comunidade universitaria da Universidade de Vigo.





INTRODUCCIÓN



## 2. INTRODUCCIÓN

*Culture change is a slow and difficult process, and shifting norms around campus sexual assault must be steady, thoughtful, and sustained.*

White House Task Force  
(Xaneiro, 5, 2017, p. 22)

O recoñecemento social e legal do acoso sexual é relativamente recente e representa unha «inxustiza invisible» (*unseen injustice*) (Cortina, 2008:55), que compromete o benestar das persoas que o sofren, das organizacións onde se produce e de toda a sociedade no seu conxunto. Os colectivos feministas da Segunda Onda na década dos anos setenta do pasado século identifican nas desigualdades en dereitos e en oportunidades das mulleres a raíz da violencia exercida contra elas. De xeito que o acoso sexual é unha manifestación máis das violencias que están a sufrir as mulleres pola súa condición de muller nas sociedades patriarcais, nas cales os homes se consideran co dereito de exercer o control sobre as mulleres e de recorrer á violencia para garantir a súa subordinación. Por isto, as mulleres, que representan algo máis da metade da poboación mundial, convértense nas principais vítimas da violencia exercida polos homes e de forma singular do acoso sexual e por razón de sexo, seguidas dos grupos LGTBI-Q –Lesbianas, Gais, Transexuais, Bisexuais, Intersexuais e Queer– (Bendixen e Ottesen, 2017), que se sitúan ás marxes do modelo heteronormativo –representado por homes masculinos e heterosexuais, e mulleres femininas e heterosexuais–, que mantén no centro do poder os homes das masculinidades hexemónicas. Ambas, a opresión baseada no xénero e na identidade sexual, están interconectadas, de xeito que o acoso sexual e por razón de sexo non é un problema sexual, é un problema de poder de xénero no cal se utiliza o dominio da autoridade ou poder dos homes hexemónicos para esixirlles satisfaccións sexuais ás mulleres (Gómez, Luc e González, 2001; Pernas *et al.*, 2000), ou discriminar usando o exercicio do poder no acoso por razón de sexo contra as mulleres e todas as persoas que subverten o modelo hexemónico de mulleres femininas heterosexuais e homes masculinos heterosexuais.

Os datos sobre a ocorrencia do acoso sexual recóllense principalmente de dúas fontes. Por unha banda, das denuncias perante as autoridades competentes e, por outro, das enquisas sobre o tema, especialmente relevantes se temos en conta a baixa probabilidade de que estes tipos de comportamento acaben sendo denunciados. Non obstante, a pesar das evidencias que confirman que o acoso sexual segue sendo unha realidade moi frecuente

nos espazos académicos (Cantor *et al*, 2015; Rosenthal, Smidt e Freyd, 2016), está aínda moi pouco estudado e visibilizado, e menos aínda no contexto universitario español. Esta ausencia de atención presenta á problemática do acoso sexual nos campus universitarios e pode ser explicada pola crenza errónea de aceptar que nos campus non se produce este tipo de violencia, e que cando se produce é algo marxinal que non representa un problema real. E, por outra banda, polo medo a que as avaliacións mostren unha realidade que poida comprometer a reputación e o status da institución. Para contradicir o primeiro argumento temos as evidencias que confirman que o acoso sexual está tamén presente nas institucións académicas dentro (Valls, Puigvert, Melgar e Garcia-Yuste, 2016) e fóra das nosas fronteiras (Cantor, 2015). Para contraargumentar o segundo razoamento hai que subliñar que son precisamente as institucións que afrontan con valentía a visibilización desta realidade as que están en mellor posición para combatela e, polo tanto, as que deberían acadar unha maior reputación e status.

Levar a cabo avaliacións sobre a situación do acoso sexual e por razón de sexo nas universidades representa, por tanto, un insubstituíble instrumento para que as institucións académicas poidan identificar a extensión do problema e artellar as actuacións necesarias para reducir e chegar a previr o acoso sexual (White House *Task Force*, 2014). As avaliacións sobre a situación do acoso sexual e por razón de sexo deben identificar tanto a incidencia coma o predominio deste tipo de condutas non desexadas, así como as percepcións que sobre estas condutas teñen todos os colectivos das institucións académicas. Isto supón incluír a avaliación dos coñecementos, así como das actitudes en relación co acoso sexual e por razón de sexo, xa que é importante subliñar que á hora de conceptualizar o acoso sexual non se pode ter en conta como algo separado do acoso heterosexista, xa que son fenómenos relacionados entre si, e ambos serven para lexitimar e perpetuar a xerarquía heteronormativa de xénero (Konik e Cortina, 2008).

A visibilización de calquera forma de violencia, por tanto tamén o acoso sexual e por razón de sexo, representa o primeiro paso para achegarse á completa erradicación dunha forma de maltrato que afecta a un numeroso grupo de mulleres en todo o mundo, e tamén de persoas que non conforman unha identidade heteronormativa, en todos os ámbitos de traballo, e tamén no académico. Este tipo de violencia maniféstase a través das negativas consecuencias na saúde física e psicosocial que impacta na vida laboral e académica das vítimas (Ferrer e Bosch, 2014).

É, por tanto, o obxectivo deste informe-diagnose iniciar a avaliación do acoso sexual e por razón de sexo co obxectivo de contribuír á visibilización desta realidade no ámbito académico da Universidade de Vigo, e posibilitar así a adecuada intervención e prevención de todas as

formas de violencia contra as mulleres e todas as persoas que non conforman identidades heteronormativas, en todos os colectivos presentes na universidade (estudiantado, persoal docente-investigador e persoal de administración e servizos).

O informe-diagnose que aquí se presenta recolle a avaliación da situación do acoso sexual e por razón de sexo nos tres colectivos –estudiantado, PDI e PAS– da Universidade de Vigo presentes nos tres campus –Vigo, Ourense e Pontevedra– e organízase en tres partes principais. A primeira, na que se expón unha aproximación teórica ao acoso sexual e por razón de sexo, e na que se achega unha panorámica desta problemática, que remata coa identificación da situación tanto no espazo académico internacional coma nacional. Na segunda parte, descríbese o estudo empírico artellado na dobre metodoloxía utilizada: cuantitativa e cualitativa. A continuación, preséntanse os resultados atendendo á dobre dimensión do estudo (cuantitativa e cualitativa) nos tres colectivos da universidade (alumnado, PDI e PAS). Finalmente, á luz dos resultados acadados, preséntanse as conclusións, así como as propostas de acción para a mellora da prevención e a intervención nas situacións de acoso sexual e por razón de sexo, co obxectivo de erradicar a violencia sexual en todos os espazos da Universidade de Vigo.







APROXIMACIÓN TEÓRICA  
AO ESTUDO DO  
ACOSO SEXUAL E EN  
FUNCIÓN DO SEXO



### 3.1. AS RAÍCES DO ACOSO SEXUAL

Para analizar as causas que están na raíz das condutas de acoso sexual téñense achegado diferentes teorías (McDonald, 2012; Pina, Gannon e Saunders, 2009). A primeira explicación artellada xustifica en termos evolutivos as condutas de acoso dos homes cara ás mulleres de xeito que estes, para maximizar o éxito reprodutivo, tratarían de acceder aos corpos do maior número de mulleres, usando a forza se fose necesario. O acoso desde a teoría biolóxico-natural considérase algo “inevitable”, que depende da propia natureza do ser humano. Non obstante, fronte a esta explicación que descarga o agresor/a de toda responsabilidade, téñense achegado unha morea de teorías que se poden agrupar arredor de tres grandes grupos (Whaley e Tucker, 1998): as teorías socioculturais, as teorías organizacionais e as teorías baseadas nos factores individuais ou da situación. Comezando polas últimas, nestas teorías fanse descansar as xustificacións das condutas de acoso nas características psicolóxicas e os *sesgos* cognitivos do agresor/a. A estas explicacións súmanse as teorías organizacionais, que achegan unha explicación para o acoso sexual moi recorrente, derivada das propias características estruturais das organizacións, consideradas espazos nos que se dá unha desigualdade de poder xerárquico e status que propicia así o acoso sexual ás mulleres de forma maioritaria e aos colectivos LGTBI-Q, xa que serían os colectivos que estarían máis representados nos estratos máis baixos da xerarquía patriarcal, ocupando posicións de menor poder.

O modelo que ten acadado un maior apoio e ten sido recollido como base explicativa para artellar a análise da violencia sexual, e de forma específica sobre o acoso sexual exercido contra as mulleres (que como veremos son as que desproporcionadamente sofren a violencia sexual nas diferentes facianas en que esta se expresa) é a teoría sociocultural. Nesta teoría o acoso sexual analízase desde o contexto social e político, de xeito que para explicar o acoso sexual recórrese á realidade da desigualdade de xénero que deriva en sociedades sexistas e homófobas, nas cales as mulleres e todas as persoas que non conforman as identidades heteronormativas son relegadas a posicións de subordinación e de obxectivización sexual. Desde esta perspectiva, Bosch e colaboradores (2012, 2013) propoñen a súa teoría multifactorial denominada modelo piramidal, tomando como base principalmente o recorrente modelo multicausal sobre violencia de xénero de Lori Heise (Heise, 1998). Con este modelo Bosch e Ferrer (2012, 2013) propoñen aplicar os principais elementos dos modelos explicativos multicausais a todas as formas de violencia exercida contra as mulleres. O obxectivo desta proposta é ser universal (recollendo os aspectos máis relevantes) e sinxela (tomando en

consideración o mínimo número de elementos posibles), diferenciando adecuadamente os elementos causais (sociedades patriarcais) dos desencadeantes (como son o abuso de alcohol e de drogas), e achegando claves explicativas para comprender o proceso de filtración (que permite que moitos homes aínda compartindo a socialización nas normas sexistas do patriarcado rexeiten o uso da violencia contra as mulleres en todas as súas caras).

Na base deste modelo piramidal atópase a sociedade patriarcal, tanto na súa versión do patriarcado da «coerción», aínda moi presente nos países menos desenvolvidos (nos que o patriarcado usa a violencia contra as mulleres para garantir a súa subordinación aos homes), coma na versión do patriarcado do «consentimento» que, coa súa faciana máis amable é o que caracteriza hoxe en día as sociedades máis desenvolvidas (mediante o cal as mulleres son «convencidas» por diversos mecanismos de sedución para que acepten os modelos e os comportamentos que prescribe o patriarcado para elas a cambio de recoñecemento e de valoración) (De Miguel, 2015). O segundo chanzo estaría formado polos procesos de socialización diferencial en función dos que se difunden as crenzas e as actitudes misóxinas da cultura patriarcal.

O terceiro nivel do modelo estaría representado polas expectativas de control dos homes e mulleres, de xeito que os homes que asumen o mandato de xénero tradicional esperan manter o control sobre as mulleres (sobre as súas vidas, os seus corpos e a súa sexualidade).

Os eventos desencadeantes representan o cuarto chanzo do modelo piramidal, funcionando como escusa para que o maltratador poña en marcha as estratexias de control, e será neste punto no que «estoupa» a violencia.

Xunto a estes niveis, Boch e Ferrer (2013) préstanlles unha especial atención ao que denominan proceso de filtrado ou fuga, en función do que os homes poden abandonar a pirámide para elixir un camiño que non derive en violencia, xa que exercer un comportamento de violencia contra as mulleres é unha elección voluntaria do que é responsable o agresor. Estes homes rexeitarían tanto os privilexios que se derivan da masculinidade hexemónica tradicional coma a lexitimación para exercer a violencia contra as mulleres, construindo unha forma alternativa de masculinidade dentro dun novo contrato social (De Miguel, 2003).

O estudo recollido neste informe-diagnose artéllase seguindo o modelo sociocultural coas achegas do modelo piramidal de Bosch e Ferrer (2012, 2013) para explicar o acoso sexual e o acoso por razón de sexo, que implica considerar que o acoso sexual funde as súas raíces nas normas socioculturais e nos roles de xénero baseados na subordinación da muller e de todas as persoas que non conforman as identidades heteronormativas, dentro das sociedades patriarcais, sexistas e homófobas (Lameiras, Carrera e Rodríguez, 2009, 2013). O acoso sexual ten así a función de manter as estruturas de xénero tradicional e xerárquico (Konik e

Cortina, 2008). Deste xeito, os roles de xénero tradicionais permiten castigar as mulleres e os homes que transgredan as normas de xénero, e premiar os homes que exercen a dominación sobre as mulleres e sobre os homes non hexemónicos; ao mesmo tempo que permiten que as mulleres, como vítimas máis numerosas, sexan acosadas para reforzar o seu status de subordinación (Berdahl *et al.*, 1996). Esta estrutura xerárquica e discriminatoria xustifícase en función dos estereotipos de xénero *descriptivos e prescritivos*, a través dos cales as persoas son socializadas de forma diferencial dende que nacen (Lameiras *et al.*, 2013). Os estereotipos de xénero descriptivos identifican e determinan as características intelectuais, de personalidade e estética dos homes e das mulleres, de xeito que en relación aos aspectos intelectuais, desde os modelos patriarcais hexemónicos, aos homes lles corresponde a ciencia, a razón e a lóxica, mentres que ás mulleres lles corresponde a estética, a sensibilidade e a intuición. No que respecta aos trazos de personalidade, os homes son descritos a través da independencia, a asertividade e a dominancia, e as mulleres son descritas dende a dependencia, a sensibilidade e o afecto. En relación coa estética dos corpos, os estereotipos corporais femininos reforzan a imaxe da muller fráxil e pasiva sometida á mirada masculina (*girl watching*) (Quinn, 2002) convertida en «obxecto» do desexo masculino (Fredrickson e Roberts, 1997). Fronte ao corpo-obxecto das mulleres para ser «usado», o corpo-activo e musculoso dos homes listo para a acción e erguido á categoría de «suxeito» de desexo, que representa a forza e a dominación.

No que corresponde aos estereotipos de xénero prescritivos, establécense as condutas ou roles que «deben levar a cabo» homes e mulleres, de xeito que se instalan nos trazos descriptivos. Considérase que os homes posúen os trazos necesarios para ocupar o poder e gobernar as institucións socioeconómicas e políticas (ámbito produtivo), priorizando para as mulleres o ámbito familiar e doméstico (ámbito reprodutivo); constrúese así un espazo binario e xerárquico no cal queda sobrevalorado o polo masculino e desvalorado o feminino. Estes estereotipos de xénero explican a valoración e o trato desigual de homes e mulleres e xustifican as actitudes sexistas.

As sociedades máis modernas lonxe de superar o sexismo e as fobias cara a todas as formas de diversidade sexual –lesbofobia, homofobia, transfobia etc.– teñen mudado desde a súa faciana máis hostil e discriminadora cara a formas máis sutís, socialmente máis toleradas pero máis perigosas, xa que son máis difíciles de identificar e, polo tanto, tamén máis difíciles de combater. As teorías do sexismo moderno recollidas nas formulacións feitas por Swim e colaboracións (1995) e do neosexismo de Tougas e colaboracións (1995) priman a dimensión social, o que implica considerar que homes e mulleres representan dous grupos homoxéneos en conflito, de igual xeito que se tratan os conflitos doutros grupos sociais categorizados pola raza/etnia, relixión ou outras categorías a través das que xustifican as diferenzas e con iso a confrontación. Pero as relacións entre sexos atópanse necesariamente connotadas tamén por

relacións de dependencia, e a teoría de Peter Glick e Susan Fiske (1996, 2001) é a primeira e a única teoría ata o de agora, que incorpora esta singularidade e trata o sexismo dentro do ámbito relacional. A teoría do sexismo ambivalente (Glick e Fiske, 1996, 2001) reconece a dobre dimensión hostil –que se expresa nun ton afectivo negativo cara ás mulleres que son consideradas «inferiores» aos homes– e benevolente –que se expresa nun ton afectivo positivo no que as mulleres son consideradas por cualidades «diferentes» aos homes–, que representa un complexo e efectivo sistema de discriminación no que a dimensión benevolente é aínda máis perigosa para os obxectivos de igualdade das mulleres, por mostrarse enmascarado o sexismo no seu ton positivo, en función do cal as mulleres son «valoradas» por cualidades consideradas «propias» das mulleres e por tanto diferentes ás dos homes. As mulleres quedan atrapadas nunha xerarquía inferior que é difícil de reconecer, e así dificultase a súa identificación como sexista.

Do mesmo xeito, a heterosexualidade normativa funciona tamén como un estereotipo prescritivo, xa que, para ser unha muller ou un home “lexítimos”, ou como diría a teoría Queer «socialmente intelixibles» (Butler, 1990, 1993) é necesario ser tamén heterosexuais. A heterosexualidade normativa insírese no molde da heteronormatividade e refírese ás normas e aos discursos sociais relativos ao xénero e á orientación sexual, que parten da concepción de identidades de xénero complementarias, binarias, contrapostas e xerárquicas, necesariamente heterosexuais (Berlant e Warner, 1998), e condicionadas polo sexismo e a homofobia (Sharma, 2009). Deste xeito, as mulleres e as persoas que transgreden as normas de xénero da feminidade e a masculinidade, congruentes coa marca corporal sexual e da heterosexualidade obrigatoria, sofren exclusión e violencia (Butler, 2001).

Así, xunto ao sexismo, a homofobia representa outro dos piares sobre os que se constrúe o patriarcado (Lameiras *et al.*, 2013). O termo homofobia foi acuñado en 1971 por Smith, que o definiu como unha actitude de medo e de rexeitamento á homosexualidade e que implica, polo tanto, unha actitude discriminatoria dirixida cara a unha persoa en función da súa identidade homosexual. Caracterízase por un sentimento de superioridade con respecto a outra persoa, deshumanización da outra que se ve como carente de emocións e de conciencia, e convicción de merecerse privilexios e de estar na posición correcta (Viñuales, 2002).

Unha complexa definición da homofobia sería o medo dos homes a amar a outros homes; de feito, a identidade masculina tradicional constrúese sobre a misoxinia e a homofobia (Epstein, O’Flynn, e Telford, 2003). Desde esta perspectiva, a homofobia non só afecta aos homosexuais, senón tamén a todos os homes que non se adaptan aos estereotipos tradicionais impostos para o seu xénero, afectando a todos eles sen excepción, coa ameaza de degradalos ao status de «maricas», «calzonazos» ou «nenazas» (Guasch, 2006), manifestándose a rixidez da matriz heterosexual (Butler, 1990, 1993) De xeito que transgredir calquera estereotipo de

xénero relativo á masculinidade tradicional poría en cuestionamiento a heterosexualidade. Así mesmo, a homofobia, en tanto que actitude discriminatoria dirixida cara a unha persoa en función da súa identidade homosexual, vai dirixida tamén cara ás mulleres lesbianas, o que se coñece como lesbofobia (Viñuales, 2002). Este termo manifesta a dobre discriminación á que está suxeita a muller lesbiana na cultura occidental: por ser muller e por ser lesbiana, o que supón un prexuízo engadido, coas consecuentes repercusións na calidade da súa vida.

As actitudes homófobas abarcan desde as actitudes discriminatorias máis hostís e explícitas ata outras que, dun xeito latente e máis sutil como no caso do sexismo, permanecen silenciadas e invisibles. Deste xeito, poderíamos afirmar que existen actitudes homófobas explícitas e hostís, como a agresión verbal, física ou psicolóxica cara ás persoas homosexuais, e actitudes homófobas latentes ou sutís (Quiles, Betancor, Rodríguez, Rodríguez e Coello, 2003), tales como os discursos culturais ou médicos sobre o carácter patolóxico da homosexualidade ou a incapacitación das parellas homosexuais para a crianza, entre outras cuestións que pretenden coartar a vivencia e a expresión homosexual. Actitudes que constitúen o que Lizárraga (2005) denomina «violencia polimórfica» e Eribon (2000) «discursos culturais» e «científicos», desenvolvidos pola ciencia e argumentados nos medios de comunicación, nas universidades ou nos parlamentos. Deste xeito, a homofobia non representa só o insulto groseiro ou explícito na rúa, senón que constitúe, tal e como destaca Lizárraga (2005: 33) «unha persistente presenza fantasmal que sobrevoa o cotián sementando temores e resentimentos, insidias, culpas, vergoñas e desconfianzas». Derivado entón da heteronorma, o rexeitamento a calquera persoa que transgrida a norma de xénero convértese na norma social, sendo pervasiva a discriminación e o rexeitamento á diversidade sexual (Carrera *et al.*, 2014).

Nesta liña, é o colectivo transexual o máis rexeitado (Carrera *et al.*, 2014). Do mesmo xeito que a homofobia, a transfobia refírese ás crenzas e ás actitudes negativas dirixidas ás persoas trans, incluíndo sentimentos de aversión e medo irracional a atoparse ou a relacionarse con mulleres masculinas, homes femininos, travestís, persoas transxénero ou transexuais (Hill e Willoughby, 2005). Os tres compoñentes que constitúen a base do cuestionario *Genderism and Transphobia Scale* (GTS) desenvolvido por Hill e Willoughby (2005) son *Genderism*, *Transphobia* e *Gender-bashing* (Hill, 2002). *Genderism* (traducido «xenerismo») refírese a un sistema social de crenzas que reforzan a avaliación negativa de todas as persoas que non conforman o xénero tradicional ou o seu sexo non coincide de forma coherente co seu xénero. Está baseado nun modelo social heteronormativo, construído na base do dimorfismo sexual «ideal» (sexo masculino ou feminino), en función do cal se aplicará unha socialización diferencial de xénero, con estereotipos e roles de xénero descritivos e prescritivos sobre como deben ser e comportarse os homes e as mulleres «normais» que terán que ser, por definición,

heterosexuais. Este sistema de crenzas ten sido denominado por Judith Butler (1993) «matriz heteronormativa». Por outra parte, a *transfobia*, como xa se ten destacado, referiríase ao compoñente actitudinal, incluíndo os sentimentos negativos de aversión e medo cara ás persoas que transgreden o rixido modelo de dous sexos/dous xéneros. Finalmente, o último compoñente clave sería o comportamental ou *gender-bashing* («comportamentos de ataque e agresión»), que se referiría aos actos de acoso ou de violencia cara ás persoas trans, e que estaría en estreita relación coas crenzas (*genderism*) e coas actitudes.

Así, a tendencia a normalizar determinados comportamentos de natureza sexual, sexistas ou homófobos susténtase sobre os estereotipos que a sociedade proxecta sobre os homes e as mulleres, así como sobre as persoas que non conforman as identidades de xénero heteronormativas. Estas actitudes inflúen de forma negativa sobre a percepción do fenómeno do acoso sexual e por razón de sexo, xustificando as accións do acosador/a, culpabilizando a vítima e propiciando a tolerancia da violencia (Herrera, 2016). Este tipo de actitudes sexistas alimentan determinados mitos en relación coas condutas de acoso, que se refiren a ideas falsas, pero que perduran nas sociedades co obxectivo de negar e de xustificar o acoso sexual e por razón de sexo (Herrera, Herrera e Expósito, 2014). Algúns dos mitos máis comúns son, por exemplo, «cando unha muller di non, realmente quere dicir si», «estábao buscando», e «ás mulleres non hai que crelas»; crenzas que actúan como medidas de control social sobre a liberdade e os dereitos das mulleres (Beneque, 1994; Lameiras *et al.*, 2011). Estes mitos, á súa vez, permiten culpabilizar as vítimas acosadas (Lonsway, Cortina e Magley, 2008).

## 3.2. DELIMITACIÓN CONCEPTUAL, TIPOLÓXICA E PSICOSOCIAL

### 3.2.1. DELIMITACIÓN CONCEPTUAL E XURÍDICA DO ACOSO SEXUAL

A primeira vez que se usa o termo acoso sexual (*sexual harassment*) é en 1974 por un grupo de académicas durante un curso na Universidade de Cornell (EUA), co fin de analizar as experiencias que sufrían as mulleres no mundo laboral por parte dos homes (Pernas *et al.*, 2000). Pero non será ata 1979 cando a xurista Catherine McKinnon o introduza na lexislación americana. Haberá que esperar, non obstante, ata 1980 para que o acoso sexual sexa considerado un problema social polo Tribunal Supremo dos Estados Unidos, e ata 1986 para que se recoñeza este fenómeno como unha forma de discriminación sexual cara ás mulleres. Cabe subliñar que a Organización Mundial do Traballo (1998) foi o primeiro organismo internacional en adoitara un instrumento a favor da protección das mulleres contra o acoso sexual, aínda que, xa no ano 1985, a Conferencia Internacional do Traballo promoveu a incorporación de medidas para combater o acoso sexual no mundo laboral.



En Europa non será ata o ano 1988 no que a Comisión Europea publica o informe Rubestein, *La dignidad de la mujer en el trabajo: informe sobre el problema del acoso sexual en los estados miembros de las comunidades europeas*, o primeiro estudo sobre a situación do acoso sexual no traballo a partir do cal se elaborou a recomendación do Consello das Comunidades Europeas relativo á protección da dignidade das mulleres e homes no traballo (92/131/CEE), e o código de conduta sobre as medidas para combater o acoso sexual. Posteriormente, o 5 de outubro de 2002 publícase a Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, que modifica a Directiva 76/207/CEE. Esta directiva establece que o acoso sexual e o acoso por razón de sexo implican unha discriminación que vai en contra da igualdade entre homes e mulleres e que, polo tanto, debería erradicarse, polo que cada estado membro debería impoñer as medidas necesarias. Catro anos despois, esta directiva unificouse na Directiva 2006/54/CE, do 5 de xullo, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación.

No ano 2011, en Istambul, os estados membros europeos asinan o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica. Este convenio ten como obxectivo protexer as mulleres de todas as formas de violencia; previr, perseguir e eliminar a violencia; promover a igualdade real entre mulleres e homes; desenvolver políticas e medidas de protección e asistencia a todas as vítimas e promover a cooperación internacional para eliminar a violencia cara ás mulleres e a violencia doméstica. Trátase do primeiro instrumento de dereito internacional legalmente vinculante que crea un cadro xurídico para combater a violencia exercida contra as mulleres, focalizada, en particular, sobre a prevención da violencia de xénero, a protección da vítima e a persecución do agresor/a. Neste convenio enténdese a violencia contra as mulleres como unha violación dos dereitos humanos e unha forma de discriminación contra as mulleres, recoñecendo todos os actos de violencia baseados no xénero que implican ou poden implicar para as mulleres danos ou sufrimentos de natureza física, sexual, psicolóxica ou económica, incluídas as ameazas de realizar os citados actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, tanto na vida pública coma privada. España asina o convenio o 11 de maio de 2011, finalmente ratificado polo Estado español o 18 de marzo de 2014. Neste convenio, no artigo 40, menciónase o acoso sexual sinalando que:

As partes adoptarán as medidas legislativas ou doutro tipo necesarias para que toda forma de comportamento non desexado, verbal, non verbal ou físico, de carácter sexual, que teña por obxecto ou resultado violar a dignidade dunha persoa, en particular cando o devandito comportamento cree un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo, sexa castigado con sancións penais ou outro tipo de sancións legais.

En España a Constitución consagra en 1978 o principio de igualdade entre mulleres e homes. Non obstante, o acoso sexual non será considerado como delito na lexislación española ata o ano 1995 (Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro) no que se incorpora dentro do capítulo de «Delitos contra a liberdade e a indemnidade sexual» o título XIII do seu libro II, no que se inclúen os delitos relativos ao acoso sexual (art. 184) xunto cos delitos de agresións sexuais (arts. 178-180), abusos sexuais (arts. 181-182), agresións e abusos sexuais a menores de trece anos (arts. 183-183 bis), delitos de exhibicionismo (art. 185) e provocación sexual (art. 186), e os delitos relativos á prostitución e á corrupción de menores (arts. 187-190). A inclusión no Código penal considérase un claro avance no recoñecemento e na visibilización do acoso sexual como un grave problema social. A Lei orgánica 11/1999 introduce penas máis severas para estes delitos, as posteriores reformas de 2003 (leis orgánicas 11 e 15) introducen máis cambios. A Lei orgánica 5/2010 incorpora máis cambios no ámbito dos delitos sexuais (Orts e Alonso, 2014). Na última reforma de 2015, na que se eleva a idade de consentimento para manter relacións sexuais aos 16 anos, que no artigo 184 se define o delito de acoso sexual nos seguintes termos:

O que solicitara favores de natureza sexual, para si ou para un terceiro, no ámbito dunha relación laboral, docente ou de prestación de servizos, continuada ou habitual, e con tal comportamento provocáralle á vítima unha situación obxectiva e gravemente intimidatoria, hostil ou humillante.

O delito de acoso sexual foi obxecto de duras críticas desde a súa incorporación no Código penal, xa que a doutrina xurídica consideraba que poderían subsumirse noutros delitos xa dispoñibles e, polo tanto, considerábase un delito innecesario e perturbador (Vives *et al.*, 2015). A figura básica deste delito consta de dous elementos: solicitarlle a unha persoa favores sexuais para si ou para terceiros, e provocar con tal comportamento unha situación obxectiva e gravemente intimidatoria, hostil ou humillante á vítima. A citada solicitude ten que efectuarse no marco dunha relación laboral, docente ou de prestación de servizos continuada ou habitual. As dúas figuras agravadas inclúen o predominio da situación de superioridade laboral, docente ou xerárquica, así como o anuncio de terlle causado un mal á vítima. O ben xurídico protexido será a liberdade sexual e os suxeitos activos e pasivos poden ser tanto un home coma unha muller, por tanto como vítima ou persoa agresora. Finalmente, é importante destacar que non é necesario que se leve a cabo a conduta sexual requirida para entender consumado o delito (Vives *et al.*, 2015).

De xeito, paralelo ao plano penal, no ano 1989 introducíronse previsións do acoso sexual na reforma do Estatuto dos traballadores/as en España, pero non será ata o ano 2007, na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, cando se incorpore unha referencia explícita ao acoso sexual e por razón de sexo no capítulo 7. No seu artigo 7,1 o acoso sexual defínese como:

Calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un contorno intimidatorio, degradante ou ofensivo (páx. 4).

E no artigo 7,2 defínese o acoso por razón de sexo como:

Calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa, con propósito ou efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear un contorno intimidatorio, degradante ou ofensivo (páx. 4).

Polo tanto, o acoso sexual é un concepto fortemente marcado pola súa manifestación sexual, mentres que o acoso por razón de sexo inclúe as discriminacións que reciben as mulleres ou as minorías sexuais que non conforman a norma de xénero, sen que se dean comportamentos sexuais (Bosch *et al.*, 2012). De xeito que os comportamentos de acoso por razón de sexo son, entre outros, condutas discriminatorias ou ofensivas que se dirixen a unha persoa para ridiculizar as súas capacidades, competencias ou habilidades, desprezar o seu traballo, ou degradala utilizando chistes sexistas ou homófobos. Esta lei, no artigo 7,3, especifica o que se considera discriminatorio tanto por acoso sexual coma por razón de sexo. Así mesmo, nos artigos 46, 48 e 62 establécense medidas específicas para previr o acoso sexual e o acoso por razón de sexo no mundo laboral, introducindo tamén unha serie de medidas específicas e protocolos de actuación para a súa prevención, que se deben incorporar dentro dos plans de igualdade.

No ámbito galego, a Lei 2/2004, do 16 de xullo, para a igualdade da muller e do home, no seu capítulo IV, establece as medidas de prevención e sanción do acoso sexual, e no capítulo V proclama a erradicación do acoso moral por razón de sexo. Posteriormente, a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade de mulleres e homes de Galicia, no artigo 3 establece a discriminación directa e indirecta, que son de plena aplicación no ámbito universitario, en relación co acoso e co acoso sexual. Máis recentemente, a Xunta de Galicia vén de publicar no ano 2016 un protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero no sistema educativo non universitario no cal se manifesta que:

Para facilitar unha resposta unánime que garanta o dereito á identidade de xénero, pónense á disposición dos centros educativos estas medidas tendentes a guiar as actuacións en materia organizativa e de resposta do sistema educativo. (...) Atenderanse particularmente os menores de idade, independentemente de que todas as normas, medidas e actuacións previstas no plan de convivencia e nas normas de organización e funcionamento do centro se redacten cunha perspectiva de xénero que garanta a diversidade afectivo-sexual e a identidade sexual (Xunta de Galicia, 2016: 5).

Non obstante, este protocolo non modifica a realidade educativa nin social en xeral, ao omitir o traballo necesario na raíz do problema e só propor medidas paliativas dun mal inmediato. Un exemplo de traballo dende as bases en materia de tolerancia cara á diversidade sexual sería a materia de Educación para a cidadanía e os dereitos humanos que entrou en vigor coa Lei orgánica de educación (LOE) en 2006, e que quedou suprimida na lei aprobada en 2013, a Lei orgánica para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

### 3.2.2. TIPOLOXÍAS DO ACOSO SEXUAL

Pódense identificar diversas tipoloxías para tratar a complexidade do fenómeno do acoso sexual e por razón de sexo. Podemos diferenciar seguindo a revisión de Cuenca (2017), en primeiro lugar, a tipoloxía clásica da man da xurisprudencia, a tipoloxía en función da natureza dos comportamentos, a tipoloxía en función do tipo de vínculo, a tipoloxía en función de se é acoso técnico ou acoso declarado –a máis utilizada– e, por último, a tipoloxía en función da súa gravidade.

A *tipoloxía clásica* é a baseada na doutrina xurisprudencial establecida por primeira vez pola Comisión de Igualdade de Oportunidades no Emprego dos Estados Unidos de América (EUA) en 1980, e que identifica dous tipos de acoso sexual. Por unha banda, a chantaxe sexual ou *Quid Pro Quo* (do latín «isto a cambio diso», tamén denominado «acoso de intercambio»), que sería o exercido por unha persoa superior xerarquicamente, ou persoa de poder, que lle solicita á vítima subordinada un favor sexual a cambio de lograr un beneficio na súa promoción laboral ou resultados académicos. E, por outra banda, o *acoso sexual ambiental*, que se refire ás condutas exercidas por superiores xerárquicos ou outras persoas/compañeiros de igual ou inferior nivel, creando un ambiente laboral intimidatorio, hostil ou humillante para a vítima (Ferrer e Bosch, 2014; OIT, 2007). No acoso ambiental incorpóranse tanto elementos obxectivos coma subxectivos. O criterio obxectivo implica analizar se a conduta ten a suficiente entidade para crear un ambiente intimidatorio para a vítima, e o compoñente subxectivo implica que a conduta do acosador/a debe ser considerado pola propia vítima como intimidatorio e indexesable.

En función da *natureza dos comportamentos* de acoso (OIT, 2007) pódense diferenciar os tipos de acoso físico (por exemplo: violencia física, tocamientos, achegamentos indexesados, beliscos ou roces deliberados); verbal (por exemplo; comentarios ou insinuacións sexuais, contar chistes sexuais, sexistas ou homófobos; comentarios sexistas, homófobos e insultos baseados no sexo da persoa ou chamadas de teléfono ofensivas); e non verbal (por exemplo: asubíos, miradas, xesticular ou chiscar os ollos con connotación sexual, presentación de obxectos pornográficos, envío de cartas anónimas, correos electrónicos ou mensaxes de texto).

A tipoloxía en función do *tipo de vínculo* (Directiva 2006/54/CE) permite identificar o acoso atendendo a se existen ou non diferencias xerárquicas entre o acosador/a e a vítima. Así, podemos diferenciar varios tipos: o acoso horizontal, que se dá entre compañeiros e compañeiras; o acoso vertical descendente, cando se produce dunha persoa con superioridade na xerarquía a unha persoa subordinada; o acoso vertical ascendente, dunha persoa subordinada a unha persoa con superioridade na xerarquía; e, por último, o acoso de vínculo externo que se exerce por persoas externas á empresa, pero que dalgún xeito están vinculadas a ela. Estas clasificacións en función do tipo de vínculo pódense resumir en tres tipos: horizontal, ascendente e descendente.

Outra tipoloxía é a impulsada no informe Inmark (2006), subvencionado polo Instituto de Muller, no cal se fai a diferenciación entre *acoso técnico e acoso declarado*. Especificácase que o acoso técnico se produce cando unha persoa do grupo de traballadoras/es ten sufrido calquera situación que o propio estudo define como acoso sexual, tanto se a persoa se ten considerado vítima como se non. E o acoso declarado defínese como as situacións que experimentou a propia vítima e que ela define como acoso sexual.

Finalmente, desde a tipoloxía en *función da gravidade* (Casas, 2006), considérase como *acoso leve* as expresións verbais públicas e vexatorias para a persoa acosada (como chistes de contido sexual sobre a muller ou sobre as minorías sexuais, tales como piropos, comentarios sexuais, solicitar reiteradamente citas, achegamento excesivo, facer xestos ou miradas insinuantes); *acoso grave* as situacións nas que se produce unha interacción verbal directa con alto contido sexual (como facer preguntas sobre a súa vida sexual, facer insinuacións sexuais, pedir abertamente relacións sexuais sen presións ou presionar despois dunha ruptura sentimental); e, finalmente, o *acoso moi grave* se corresponde coas situacións nas que se producen contactos físicos non desexados e presión verbal directa (abrazos, bicos non desexados, tocamientos, beliscos, acurrallamentos, meter presión para obter sexo a cambio de melloras ou con ameazas, esixir actos sexuais baixo presión de despido ou asalto sexual).

Xunto a estas clasificacións Fitzgerald e colaboracións (1997) establecen o modelo tridimensional baseado na tipoloxía de cinco niveis desenvolvida por Till (1980). En primeiro lugar, o acoso por cuestión de xénero, que implica comportamentos verbais e non verbais nos que se pretende insultar ou degradar a vítima. En segundo lugar, a atención sexual non desexada, que implica avances sexuais non desexados, incluíndo tocamientos non desexados ou intentos constantes coa finalidade de obter unha relación íntima ou sexual. Ademais, tamén se inclúen os comportamentos verbais e non verbais que son ofensivos, non desexados e non recíprocos. En terceiro lugar, a coerción sexual que constitúe o exemplo canónico do acoso sexual, é dicir, a extorsión mediante ameazas ou promesas a cambio de oportunidades adicionais ou eludir o seu despido se ela/el participase na relación sexual.

Finalmente, Cuenca Piqueras (2017) engade a clasificación na que se incorpora o sexo da persoa agresora e da vítima, aínda que a propia autora reconece que esta clasificación non se ten incorporado porque na maior parte dos casos o agresor é un home e a vítima unha muller. Non obstante, é necesario reconecer que o acoso sexual é posible de home a home, de muller a home e incluso entre mulleres.

### 3.2.3. PERFIL DA VÍTIMA E DA PERSOA AGRESORA

Os datos confirman que o acoso sexual é un problema que afecta maioritariamente as mulleres, e os homes sobrerrepresentan o grupo de acosadores/agresores sexuais e por razón de sexo (Pryor e Day, 1988). O certo é que os datos confirman que ningunha muller está libre de sufrir ao longo da súa vida algunha forma de violencia de xénero, xa que unha de cada tres mulleres ten sufrido algunha forma de acoso na súa vida (Pina *et al.*, 2009). Así mesmo, é importante subliñar que cando os homes e as mulleres falan de acoso sexual sufrido non se están referindo exactamente ao mesmo. Así, o home, cando di que se sente acosado, estase a referir a que ten recibido atención sexual non desexada, que pode non experimentalo como algo ofensivo, humillante ou hostil, senón que, en ocasións, o pode percibir como algo afagador; pero en ningún caso esta conduta perpetúa a súa subordinación como no caso das mulleres, que o viven como un episodio discriminatorio, sexista, humillante, hostil e de subordinación ao dominio do home agresor (Bosch *et al.*, 2012; Pernas *et al.*, 2000).

En relación co acoso das persoas LGBTI, os datos evidencian a marcada tendencia a converterse en vítimas do acoso xunto ao colectivo de mulleres (OIT, 2007; Pernas *et al.*, 2000). De tal xeito que as persoas que se «desvían» do patrón masculino e feminino tradicional se convirten en máis vulnerables aínda á vitimización do acoso heterosexista exercida por homes heteronormativos tanto no eido laboral coma académico (Rabelo e Cortina, 2014; Silverschanz *et al.*, 2008).

Os estudos encamiñados a identificar o perfil da vítima de acoso sexual identifican maioritariamente a vítima como unha muller nova que traballa ou estuda en contextos masculinizados ou tradicionais, e en contextos onde predomina a discriminación por razón de sexo, con situacións económicas ou postos de traballo inestables, situacións laborais de maior precariedade ou irregulares (Berdahl e Moore, 2006; Bosch *et al.*, 2012; McDonald, 2012). En referencia ao acoso sexual no eido laboral en España, os perfís das mulleres que sofren acoso confirman tamén que están influenciados por variables persoais e condicións laborais distintas (Cuenca, 2015). Así, a vítima que ten experimentado acoso ambiental é máis frecuente en mulleres sen parella, sen fillas/os, con estudos medios e menor de 34 anos. En cambio, para as vítimas que teñen sufrido chantaxe sexual é máis frecuente o perfil de muller casada, con fillos/as, con estudos primarios ou superiores e maiores de 34 anos.

Ademais, as mulleres que pertencen a minorías étnicas son máis vulnerables a sufrir «dobre» acoso, e convértense en diana do acoso sexual e da discriminación (Berdahl e Moore, 2006; Cuenca, 2015; McDonald, 2012).

En calquera caso, todos os episodios de acoso sexual teñen consecuencias demoledoras nas vítimas. Diversos estudos constatan que as vítimas de acoso sofren un conxunto de consecuencias que repercuten na súa saúde e no seu benestar persoal, familiar, social e laboral/académico (Ferrer e Bosch, 2014; Fitzgerald *et al.*, 1997; Pryor, 1995). No ámbito psicolóxico, pódense producir intentos de suicidio, ansiedade, depresións, estrés ou perda de autoestima, ademais de experimentar alteracións do comportamento como illamento social, nerviosismo e diminución das relacións sociais. Por outra parte, as experiencias de abuso sexual poden impactar na saúde física incrementando a probabilidade de consumo de drogas ou alcohol, así como sufrir trastornos da conduta alimentaria como anorexia ou bulimia nerviosa. A perda de oportunidades laborais ou académicas, abandono ou baixo rendemento laboral ou académico son outras das consecuencias máis salientables. Ademais, os síntomas postraumáticos como consecuencia do acoso sexual poden persistir incluso cando a vítima ten chegado a controlar o trauma (Herrera, García e Guadarrama, 2015; Huerta *et al.*, 2006; OIT, 2007; Rosenthal, Smidt e Freyd, 2016; Stockdale, Logan e Weston, 2009). Así mesmo, non podemos esquecer que o acoso sexual tamén se traduce nun problema de seguridade laboral e saúde pública (OIT, 2007).

En relación co perfil do agresor/a, diversos estudos confirman que non existe un perfil sexual definido, xa que son ou poden ser persoas superiores na xerarquía, compañeiros/as ou clientes/as, de calquera estrato social, nivel ocupacional, idade ou categoría profesional (Pina *et al.*, 2009). O que diversos estudos no ámbito internacional confirman é que máis de tres cuartas partes do acoso sexual é cometido por homes (OIT, 2007; Pernas *et al.*, 2000). En España, no estudo de Legido e Sierra (2010), un 15 % reconece ter cometido algunha agresión sexual como usar ameazas ou a manipulación para levar a cabo condutas sexuais. Este tipo de comportamentos, na maioría dos casos, non responden a ningunha enfermidade mental, senón á construción social do xénero, a cal constitúe un pilar fundamental para explicar tanto as complexas relacións interpersoais de dominación-submisión coma as crenzas e mitos que se convierten en actitudes sexistas que lexitiman a violencia sexual cara ás mulleres (Benyto, 2002; Lameiras *et al.*, 2011).

Os homes que son máis propensos a acosar sexualmente as mulleres son os que se posicionan na dominación masculina, teñen actitudes misóxinas ou perpetúan outras formas de vitimización sexual (Pernas *et al.*, 2000; Pryor, 1988). Cabe subliñar tamén que os acosadores sexuais tenden a negar ou a distorsionar o sucedido, normalmente culpabilizan a vítima ou denuncian a provocación por parte da muller (Benyto, 2002; Cowan, 2000; Lameiras *et al.*, 2011), e carecen de empatía cara ás súas vítimas (Benyto, 2002).

### 3.3. EXTENSIÓN DO ACOSO SEXUAL NO ÁMBITO UNIVERSITARIO: ESTADO DA CUESTIÓN NO ÁMBITO INTERNACIONAL E NACIONAL

#### 3.3.1. A SITUACIÓN DO ACOSO SEXUAL NO ÁMBITO INTERNACIONAL

Os estudos no ámbito internacional alertan da alta incidencia do acoso sexual e por razón de sexo no eido laboral, e de forma específica nas institucións académicas. Desde a publicación do informe Rubestein en 1988, a Comisión da Comunidade Europea publica dous informes en 1996 e en 1998 nos que se analiza o impacto das conclusións do informe Rubestein e a revisión de 74 enquisas/estudos cualitativos realizados nos estados membros desde 1987 ata 1997, respectivamente, que inclúen os informes de Alemany (1998) e Timmerman e Bajema (1999). No informe de Alemany (1998) inclúense os resultados de cinco países do sur de Europa, incluída España, e no estudo de Timmerman e Bajema (1999) os datos de once países do norte de Europa, e identifícase un rango entre o 17 % e o 81 % de mulleres que tiñan sido vítimas dalgunha forma de acoso sexual no seu lugar de traballo. As principais conclusións destes informes salientan a desproporcionada atención que o acoso sexual no eido laboral tiña acadado nos estados do norte de Europa fronte á escasa atención dos estados do sur. Non obstante, as diferenzas na conceptualización e delimitación do acoso sexual, e as diferentes formas de medilo (desde o último mes, ano, ou durante toda a vida laboral) supuxeron unha importante dificultade á hora de establecer comparacións entre os diferentes países.

Estudos posteriores como o do Departamento de Xustiza, Igualdade e Dereito Irlandés de 2004, durante a presidencia irlandesa da Unión Europea, sobre a situación dos 25 estados membros, conclúe que a problemática do acoso sexual aínda non tiña acadado a atención nas mesas de negociación colectiva. O estudo da Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo (*European Agency for Safety and Health at Work*) do ano 2010, no que se utilizaron os datos da enquisa europea de condicións de traballo e unha enquisa propia aplicada en 22 países, conclúe destacando a alta incidencia do acoso sexual, especialmente nas contornas laborais da hostalaría e a restauración, así como nos corpos e forzas de seguridade do estado. Por outra parte, a Organización Internacional do Traballo, desde a que aínda que non se fan estudos específicos, alude de forma recorrente á situación do acoso sexual nos seus informes e salienta a necesidade de atallar esta lacra que asola os ámbitos laborais de forma sistemática nos diferentes países e contornas laborais no ámbito internacional. Son as mulleres novas, migrantes, dependentes economicamente e solteiras/divorciadas xunto aos colectivos LGBTI e as minorías étnicas e raciais quen máis sofren o acoso sexual.

Na última enquisa sobre as condicións de traballo en Europa, cun ratio de emprego feminino do 66 % fronte ao 71 % de emprego masculino (*European Working Conditions Survey, 2015*),



un 16 % das traballadoras/es identifican unha morea de condutas negativas nas contornas laborais que inclúen violencia física ou sexual, cun 2 % que reconece ter vivido experiencias de atención sexual indexesada no último mes e un 1 % acoso sexual, así como un 5 % que reconece ter vivido experiencias de acoso non sexual nos últimos doce meses. Estes datos parecen amosar unha realidade pouco frecuente, pero é necesario salientar as dificultades que teñen as vítimas para identificar as experiencias de violencia vividas. Peterson e Muehlenhard (2011), na súa investigación cualitativa, confirman as dificultades das mulleres á hora de identificar se tiñan sufrido algún episodio de violación, acoso ou abuso. Así mesmo, tamén manifestaron que non se sentían completamente libres de culpa, vergoña ou responsabilidade. Ademais, resultáballes complexo identificarse a si mesmas como vítimas e evitaban cualificar a súa experiencia como violación, acoso, ou abuso por medo a sufrir as consecuencias que se lles atribúen a estas etiquetas (Peterson e Muehlenhard, 2011; Phillips, 2000;). En definitiva, a maioría das vítimas non se identifican como tal, e as que si o fan asóciano á chantaxe sexual, aos casos máis graves ou incluso aos máis duradeiros (Pernas *et al.*, 2000).

Todas as cuestións aludidas explicarían o baixo número de mulleres, e aínda máis de mulleres e homes que non conforman a identidade heteronormativa, que denuncian este tipo de agresións. Considérase que apenas un 10 % dos casos de violencia sexual acaban sendo denunciados (Ferrer e Bosch, 2011), o que representa a punta dun enorme iceberg que está oculto e invisibilizado para a sociedade. En primeiro lugar, porque pode non identificarse como tal, e, en segundo lugar, polo medo a que non se lles crea, ou a que se lles culpabilice/responsabilice da situación vivida. En conclusión, este tipo de actitudes provocan que se culpabilice á vítima, minimizando o impacto social e psicolóxico do delito, ao mesmo tempo que se xustifican os actos do acosador/a e a tolerancia sobre estes comportamentos e sobre o fenómeno do acoso en si mesmo (Herrera, Herrera e Expósito, 2016; Herrera *et al.*, 2014). Os modelos explicativos baseados nas características organizativas dos espazos laborais salientan que as situacións de acoso sexual para as mulleres están presentes de forma máis grave en espazos masculinizados. Seguindo a teoría sociocultural, na que se fundamenta este informe-diagnose, cabería esperar que nos espazos de traballo dominados por homes se reproduzan os estereotipos de xénero masculinos, tales como o poder, a dominación, a agresividade e a competitividade. O que Gutek e Morasch (1982) denominan desbordamento do rol sexual (*sex-role spillover*), que implica que se reproduzan nas contornas laborais os comportamentos estereotipados polo xénero. Nestes contextos as mulleres son consideradas «intrusas» que poden interromper o mantemento do status quo que se sostén na fraternidade masculina (Vogt *et al.*, 2007). Así, a pesar da presenza cada vez máis igualitaria das mulleres nas contornas universitarias, estes teñen sido tradicionalmente espazos masculinizados cunha marcada xerarquía de poder nos que as mulleres e as persoas que non conforman o modelo de identidade heteronormativo convértense en especialmente vulnerables de sufrir acoso sexual

ou por razón de sexo. O acoso sexual, a misoxinia e a intolerancia a toda diversidade sexual que subverta o modelo heteronormativo están presentes nas institucións académicas que combaten así a resistencia das mulleres e as outras identidades non hexemónicas a aceptar as estruturas patriarcais que as subordinan baixo o poder masculino. Non obstante, máis aló dos traballos puntuais desenvolvidos nalgúns países europeos, a realidade en Europa é a inexistencia de investigacións sistemáticas sobre o acoso sexual nas institucións académicas (Caprile, 2012).

Os primeiros estudos sobre o acoso sexual no ámbito universitario no ámbito internacional centráronse na realidade das universidades norteamericanas, onde se aproba a primeira normativa contra todo tipo de discriminación e de violencia contra as mulleres amparada baixo o título IX da Lei de educación norteamericana, introducido no ano 1972. A citada lei complementase coa lexislación promulgada polo goberno federal en 1998 para protexer o estudantado universitario en resposta aos graves episodios de violencia nos campus que se estaban a producir, a coñecida como *Clery Act*. O obxectivo desta lexislación é o de obrigar as universidades a reportar as políticas de seguridade e as estatísticas de crimes cometidos nos campus universitarios, con rango de lei desde o ano 1990. O nome é en honor a Jeanne Clery, quen foi violada e asasinada en 1986 na súa residencia no campus da Universidade de Lehigh, en Pensilvania. Aínda que xa se cometeran outros crimes no campus previamente ao asasinato de Jeanne, foi a súa violación e asasinato o que propiciou o debate social que culminou na aprobación da lei que leva o seu nome. O obxectivo desta lei foi incrementar a concienciación pública sobre a criminalidade nos campus universitarios e axudar os estudantes a protexerse. Ademais dos delitos de asasinato e agresións sexuais tamén están incluídas nesta lei as agresións baseadas no xénero, a orientación sexual, a raza, a relixión, a etnia ou a discapacidade, así como outros delitos contra a propiedade (Gardella *et al.*, 2015).

Un dos primeiros estudos sobre o acoso sexual nas universidades americanas levouse a cabo por Benson e Thomson (1982) na Universidade de California, que confirma que o 30 % das mulleres participantes reportaron ter recibido unha atención sexual non desexada por un docente. O estudo conclúe que as experiencias de acoso tiñan graves consecuencias nas vítimas ao erosionar a confianza das mulleres nas súas competencias académicas. Nesta mesma liña, o estudo de Reilly *et al.* (1986), aínda que atopando porcentaxes lixeiramente inferiores, sinala que un 24,1 % das mulleres participantes informaron ter experimentado insinuacións sexuais por parte de docentes, e o 18,7 % ter sufrido proposicións sexuais non desexadas e bromas por parte de compañeiros ou profesores. Os resultados deste estudo ratifican que as mulleres tiñan experimentado con maior frecuencia ca os homes diversas formas de acoso sexual (miradas, xestos sexualmente suxestivos, bromas ou chistes non desexados e contacto deliberado), e que o 30 % das mulleres tiñan experimentado insinuacións sexualmente suxestivas por parte

do sexo masculino, un 10 % por parte de docentes. O 3 % das persoas enquisadas tamén reportaron ter sufrido presións indesexadas por favores sexuais, participación en actividades sexuais para recomendacións favorables, e participación baixo ameazas en actividades sexuais para manter un traballo.

Na mesma liña, o estudo de Kelley e Parsons (2000) reforza as evidencias que sinalan as mulleres como principais vítimas da violencia sexual nos campus universitarios. Neste estudo recoñecen ter sido acosadas sexualmente por parte de traballadores ou estudantes da universidade entre o 22 % e o 30 % das profesoras universitarias, o 43 % de mulleres que pertencen ao persoal administrativo e o 19 % das alumnas. Pola súa parte, no estudo de Forbes e Adams-Curtis (2001) un 53 % das enquisadas informan ter sufrido algún tipo de coerción sexual, un 22 % ter sufrido o uso da forza física nalgunha actividade sexual e o 2,8 % reportan ter sido vítimas dunha violación durante os seus anos no campus. Con respecto aos acosadores, un 21 % dos enquisados recoñeceu ter cometido algún tipo de coerción sexual, menos do 1 % ter usado a forza nalgunha actividade sexual, pero ningún recoñeceu ter cometido unha violación. Nesta mesma liña, Straus (2004) no seu estudo, cunha mostra de 8666 estudantes universitarios/as de 31 universidades de 16 países, evidencia que o 29 % dos estudantes recoñecen ter cometido agresións sexuais e acoso sexual no ano previo á enquisa (entre o 17 % e o 45 %, segundo a universidade). Nas universidades americanas entre un 25-30 % dos estudantes recoñecen terse involucrado nalgunha forma de violencia sexual na súa vida, e estes datos aparecen de forma consistente no tempo (Koss *et al*, 1987; Zinozow e Thompson, 2015).

Xunto ás mulleres, as persoas dos colectivos LGBTI son os máis vulnerables, así o evidencia o estudo de Konik e Cortina (2008), no que participaron 629 traballadoras/es dunha universidade do noroeste dos Estados Unidos, confirmando que o 76,9 % das persoas de minorías sexuais tiñan experimentado algún episodio de acoso sexual en comparación co 30 % das persoas heterosexuais. Ademais, o 66,4 % de minorías sexuais tamén reportan ter sufrido algún episodio de acoso heterosexista en comparación cos heterosexuais. Nesta mesma liña, no traballo de Rabelo e Cortina (2014), no que se evidencia que o grupo LGBTI é mais propenso a sufrir acoso sexual e en función do sexo que as persoas do grupo maioritario, compróbase que un 76,03 % das persoas participantes do grupo LGBTI tiña sufrido algún episodio de acoso.

Case tres décadas despois da aprobación da *Clery Act* que, sen dúbida, ten contribuído a incrementar a conciencia social sobre a realidade da criminalización nos campus estadounidenses, seguen a producirse casos de incumprimento e aínda hai unha falta de concienciación sobre a criminalidade nos campus das universidades americanas por parte do estudantado e as súas familias (Grasgreen, 2011; Lipka, 2011; Gardella *et al*, 2015). A gravidade

desta situación levou ao goberno dos Estados Unidos a un acto sen precedentes. Así, en xaneiro de 2014 o presidente Obama e o seu vicepresidente Biden asinaron un memorando para crear a *Task Force* da Casa Blanca para protexer o estudantado das agresións sexuais. O grupo de traballo foi creado para: i) concienciar sobre a frecuencia con que as agresións sexuais se producen, ii) para apoiar as vítimas de violencia sexual; iii) poñer a disposición de todas as universidades a información necesaria para desenvolver un plan integral para protexer o estudantado das agresións sexuais; e, finalmente, iv) axudar as institucións académicas a cumprir coas obrigas baixo o título IX, e propiciar unha resposta efectiva cando este tipo de agresións tiveran lugar. En setembro de 2014, lanzaron «It's On Us», unha campaña coa que involucrar o estudantado e as testemuñas na prevención das agresións sexuais. A campaña tiña como obxectivo repensar o debate sobre as agresións sexuais de xeito que inspirase a todas as persoas a recoñecer que é a súa responsabilidade facer algo, dende o máis pequeno ao máis grande acto, para previr estes intolerables actos de violencia nos campus universitarios.

Desde a súa creación, a *Task Force* enfocou os seus esforzos na colaboración entre o Goberno federal e os estados e administracións locais e comunitarias para desenvolver e diseminar ferramentas para aplicar boas prácticas que melloren as estratexias de prevención e resposta fronte aos episodios de violencia sexual nos campus. O informe final foi publicado en xaneiro de 2017, xusto no momento do traspaso da testemuña presidencial. O equipo da *Task Force* utilizou os datos do Estudo de validación da enquisa de clima dos campus (*Campus Climate Survey Validation Study* CCSVS), publicado en xaneiro de 2016 pola Oficina Estatística de Xustiza do goberno federal (*Bureau of Justice Statistics*, BJS), financiada pola Oficina da Violencia contra as Mulleres (*Office toward Violence toward Women*, OVW), na que se entrevistou a máis de 23000 estudantes en nove campus universitarios (aproximadamente 15000 mulleres e 8000 homes).

O obxectivo da Task Foce foi utilizar esta información para desenvolver diversas ferramentas para que os *colleges* e as universidades puideran usalas como guía para crear e mellorar os seus plans estratéxicos para combater a violencia sexual nas institucións académicas. O propósito da Oficina de Estatística de Xustiza (BJS) foi desenvolver e validar un instrumento e unha metodoloxía de enquisa para recompilar de maneira eficiente datos válidos sobre o clima nos campus e a vitimización sexual. Os resultados do Estudo de validación da enquisa de clima dos campus (CCSVS) mostraron a alarmante extensión desta problemática cunha de cada cinco mulleres e un de cada 14 homes que recoñeceron ter sufrido polo menos unha agresión sexual durante os seus anos na universidade. Para as mulleres bisexuais e transxénero, as taxas de vitimización foron aínda maiores, de xeito que máis de unha/un de cada catro estudantes transxénero e máis de unha/un de cada tres estudantes bisexuais sufriron unha agresión sexual mentres estaban na universidade. As taxas máis elevadas de

agresións sexuais producíronse durante os primeiros tres meses do ano escolar: agosto, setembro e outubro. Outro dato que cómpre resaltar é que as vítimas rara vez denunciaban as agresións ás autoridades escolares. Dos estudantes que indicaron ter sufrido unha agresión sexual soamente o 7 % puxérono en coñecemento das autoridades escolares, resultados que converxen cos do estudo de Rosenthal e colaboracións (2016) no que, tamén, apenas un 6,4 % das vítimas de violencia sexual tiñan denunciado os feitos.

Así mesmo, os resultados do Estudo de validación da enquisa de clima dos campus nas universidades norteamericanas tamén mostraron que máis do 20 % das vítimas que non informaron da agresión mencionaron preocupacións pola confidencialidade e case un 30 % polos temores a represalias, o que está directamente relacionado coa preocupación pola confidencialidade; outras razóns frecuentemente aludidas teñen que ver coa crenza de que a comunidade universitaria non as tomará en serio ou non as apoiará.

Na enquisa nos campus universitarios americanos levada a cabo pola Oficina Estatística de Xustiza móstrase que, no caso de ser revelada a agresión, foi máis doado que a vítima llo contara a un compañeiro/a de cuarto, un amigo/a ou a unha persoa da familia, que a unha/un policía ou a unha autoridade académica. Aínda que a denuncia das agresións sexuais segue sendo minoritaria, o alumnado universitario parece que é aínda menos proclive a denunciar que o non universitario (20 % vs. 32 %) (Sinozich e Langton, 2014).

Así mesmo, dos datos acadados confirmouse a alta variabilidade entre os diferentes campus, o que reforza a idea de que a estratexia de «talla única» non é a máis doada para afrontar o problema, polo que as avaliacións sistemáticas e periódicas deben preceder as actuacións e políticas en cada campus universitario.

Ante a alarma de que os numerosos casos de violencia sexual nos campus estaban a provocar na sociedade norteamericana, de forma paralela ao traballo da *Task Force*, a Asociación de Universidades Americanas (*Association of American Universities*, AAU) decidiu en 2014 que a mellor forma de axudar o seu persoal a tratar este grave problema era desenvolver e aplicar unha enquisa científica para comprender mellor as actitudes e as experiencias do estudantado en relación coas agresións sexuais e as condutas sexuais inadecuadas (*sexual misconduct*) (Cantor et al., 2015). O obxectivo da enquisa era proporcionarles ás institucións de educación superior (*Institutions of Higher Education*, IHE) información para orientar as súas políticas para previr e actuar de xeito máis eficaz cara á violencia sexual nos campus. Na primavera de 2015 levouse a cabo a recollida de datos da enquisa titulada *Avaliación do clima dos campus sobre agresións sexuais e condutas sexuais inadecuadas* (*Campus Climate Survey on Sexual Assault and Sexual Misconduct*, CCSSASM) en 27 institucións académicas, 26 das cales eran universidades pertencentes á AAU. Os datos recollidos na mostra de 150.072 estudantes

confirman que o 47,7 % do alumnado que participou na enquisa tiña sido vítima de acoso sexual, do cal o 61,9 % eran mulleres, e o comportamento máis común foi facer comentarios inapropiados sobre o seu corpo, aparencia ou comportamento sexual cun 37,7 %, seguido de facer comentarios sexuais, insultos, bromas ofensivas ou historias cun 29,5 %. Estes comportamentos dábanse entre persoas que tiñan unha relación previa de amizade ou eran coñecidas (69,9 %), seguido por un descoñecido (43,1 %), docente ou asesor (20,7 %), ou un compañeiro de traballo, xefe ou supervisor (23,7 %). O alumnado homosexual ou as mulleres lesbianas representaron o 60,4 % das vítimas de acoso fronte ao alumnado heterosexual (45,9 %). Tamén se lles preguntaba se tiñan sufrido outros comportamentos e o 25,5 % recoñeceron ter sufrido unha penetración forzada, e o 7 % un contacto sexual con violencia física. O estudo confirmou unha ampla gama de variacións entre as 27 institucións analizadas, do mesmo xeito que a levada a cabo pola Oficina de Estatística de Xustiza Norteamericana (CCSVS). Con todo, das análises levadas a cabo non se desprende unha explicación clara a esta variabilidade, aínda que algunhas características das universidades, como por exemplo, o tamaño, correlacionaron con certos resultados pero a correlación non foi salientable (Cantor *et al.*, 2015). Confírmase de novo que a estratexia de «talla única» non é a máis axeitada, tal como revelou a enquisa levada a cabo pola Oficina de Estatística de Xustiza nos campus universitarios americanos (CCSUS).

Finalmente, en relación coa percepción que se ten sobre os comportamentos de acoso sexual parece que estes non son percibidos do mesmo xeito por mulleres ca por homes. Esta é a conclusión do estudo de Lonsway e colaboradores (2008) sobre a aceptación dos mitos sobre o acoso sexual, no que se confirman que os homes aceptan os mitos en maior proporción ca as mulleres, sobre todo os mitos que consideran que as mulleres esaxeran e inventan o acoso sexual. Os resultados deste estudo tamén confirman que as persoas que recibiron formación sobre o acoso mostraban menos aceptación a certos mitos, o que salienta o importante papel que ten a formación das actitudes cara a estas formas de violencia e en definitiva para a súa erradicación.

### 3.3.2. A SITUACIÓN DO ACOSO SEXUAL NAS UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS

En comparación co volume de investigacións no ámbito internacional, especificamente a máis robusta tradición da avaliación e intervención contra a violencia sexual nos campus universitarios americanos, é notablemente inferior ao número de estudos centrados en identificar a situación e a extensión desta problemática no ámbito académico español. A escasa atención que se lle ten dado ao tema do acoso sexual nas universidades españolas vén precedido pola escasa atención que ten acadado este tipo de violencia no ámbito laboral en España (Valiente, 1998). Un reducido número de investigacións teñen analizado a extensión

deste grave problema que arranxa co estudo do sindicato UGT (Calle, González e Núñez, 1988) no que se entrevistou a 772 mulleres traballadoras e mostra o alto grao de aceptación deste tipo de condutas. Os resultados confirmaron que o 84 % das mulleres tiñan sufrido acoso leve (comportamentos verbais indesexados de contido sexual), o 55 % acoso moderado (comportamentos non verbais como xestos, miradas ou chiscar os ollos), o 27 % acoso medio (insinuacións, cartas de contido sexual, chamadas telefónicas de contido sexual ou erótico), un 27 % acoso forte (acurrallamentos) e, finalmente, un 4 % acoso moi forte (pretensión directa ou contacto íntimo non desexado). En relación coas características dos agresores, neste estudo confírmase que nun 47 % dos casos o acosador foi un compañeiro, o 24 % un subordinado, no 15 % un xefe superior e, finalmente, nun 13 % dos casos o xefe inmediato.

No ano 1994 o Instituto da Muller da Comunitat Valenciana leva a cabo un estudo no que se identifica un 12 % de acoso sexual no ámbito laboral declarado e un 20 % de acoso sexual técnico, do que só un 1 % chega a ser denunciado. Posteriormente, o Centro de Investigacións Sociolóxicas na enquisa no ámbito nacional, no seu informe número 2113, inclúe unha pregunta alusiva á incidencia de acoso sexual, na que un 8,3 % das persoas enquistadas dunha mostra de 1,853 persoas recoñecen ter sufrido acoso sexual.

Tamén en 1994 o Centro de Estudos Sociolóxicos sobre a Vida Cotiá e do Traballo de Catalunya realizou un estudo cualitativo, despois de xustificar a imposibilidade de levar a cabo un estudo cuantitativo representativo que dera conta da incidencia real do acoso sexual nos ámbitos laborais, polas dificultades para acoutar e cuantificar este tipo de condutas. Neste estudo remátase concluindo que estes comportamentos representan unha violencia máis vinculada ao poder (patriarcal) que ao sexo. Os discursos de homes e mulleres analizados representan, segundo as autoras/es do estudo, o imaxinario patriarcal no que os homes consideran o ambiente laboral como un espazo «invadido» polas mulleres e as mulleres aluden á cotidianidade dos abusos sexuais que quedan así «normalizados» como algo tan frecuente como inevitable; en definitiva, mantendo a subordinación das mulleres ao poder dos homes.

Posteriormente, no ano 2000 publícase o estudo da Secretaría Confederal da Muller da Conferencia Sindical de Comisións Obreiras (CCOO), un dos estudos máis citados sobre o acoso sexual no ámbito laboral en España. Este estudo relata as conclusións dos estudos Pandora I (cualitativo) e Pandora II (cuantitativo) elaborados ao amparo dun proxecto Daphne da Unión Europea. No estudo identifícase un 14,5 % de acoso técnico (18,3 % de mulleres fronte ao 8,8 % de homes).

No ano 2001 publicouse o traballo de Alemany, un estudo cualitativo financiado polo Instituto da Muller sobre o sector bancario en Andalucía, e os sectores sanitarios e químicos

en Catalunya. As conclusións salientan que hai máis igualdade e menos acoso nos sectores onde as mulleres tiñan acadado máis representación en postos de responsabilidade. Neste mesmo ano, o CIS (2001) publica unha enquisa centrada no acoso sexual na que se identifica un 18,9 % de acoso técnico e un 6,7 % de acoso declarado.

O segundo estudo de alcance nacional é o encargado no ano 2006 polo Instituto da Muller á empresa Inmark, no que se leva a cabo e enquisa telefónica a 2007 mulleres, que se completa con catro grupos de discusión e sete historias de vida, e no que se identifica un 14,9 % de acoso sexual técnico e un 9,9 % de acoso sexual declarado.

No ano 2007 Ibañez e colaboracións levaron a cabo un estudo sobre o acoso sexual en Euskadi, combinando a metodoloxía cuantitativa e cualitativa, no que se conclúe que o acoso técnico afecta a un 24,21 % da mostra e o acoso declarado a un 1,8 % de mulleres. No ano 2009 o Instituto da Muller (2009) financia unha macroenquisa no ámbito nacional sobre «Delitos coñecidos sobre abuso, acoso e agresión sexual» da que se extrae que dos 6573 dos casos (coñecidos) de mulleres que tiñan declarado ser vítimas dun delito sexual, 330 sufriron acoso sexual. Na última macroavaliación da violencia de xénero en España do ano 2015 cunha mostra de 10171 mulleres representativa de todas as españolas maiores de 16 anos, identifícase un 4,5 % de mulleres que tiñan sufrido tocamientos de tipo sexual ou algunha outra situación de contido sexual non desexada.

En relación coa situación do acoso sexual nas contornas académicas, Valls e colaboracións (2016, 2008) denuncian que a violencia exercida contra as mulleres nas universidades ten sido ignorada en España fronte á maior atención prestada á situación de violencia de xénero nas primeiras citas (*dating violence*) en adolescentes e tamén de secundaria (Muñoz-Rivas *et al.*, 2007). Destacan Valls e colaboradores (2016) que a pesar dos avances que supuxo a aprobación da Lei integral contra a violencia de xénero (2004) o feito de que non se mencionen explicitamente as universidades como espazos nos que a violencia de xénero pode estar presente ten contribuído á súa invisibilización, e como se ten imposto unha «lei do silencio» que ten contribuído e lexitimar a perpetuación da violencia, creando un ambiente hostil cara ás vítimas e permisiva cos agresores.

Por outra parte, a pesar de que a Lei de igualdade (2007), promulgada tres anos despois, trata de forma explícita o acoso sexual –tal como se ten referido no apartado relativo á aproximación conceptual e xurídica deste informe–, as institucións académicas teñen ignorado sistematicamente as directrices da lei, relegando noutras institucións, como a policial, a responsabilidade de intervir. Así, se temos en conta que só un número moi marxinal denuncia os feitos e que a misión das forzas e corpos do estado non é a prevención, a intervención sobre este tipo de violencia é case nula e as institucións académicas están facendo un deixamento



inxustificable da responsabilidade que emana da súa xenuína función educativa (educar nos valores de respecto e igualdade en espazos libres de violencia) que é ratificada pola lei. A realidade é que este «desinterese» ten desembocado nun escaso número de investigacións nas que se avalíe a extensión do problema e se apliquen políticas preventivas eficaces e axeitadas ás realidades dos diferentes campus das universidades españolas.

Dos estudos enfocados no ámbito universitario destaca, en primeiro lugar, o de Caballero (2006), no que se levou a cabo un estudo comparativo entre España e Colombia sobre o acoso sexual. Para este estudo cóntase cunha mostra de 1088 persoas (609 estudantes e 449 persoal traballador) das universidades de Salamanca e Bucaramanga (Colombia). Os resultados conclúen que a prevalencia do acoso sexual era tres veces máis alta en Colombia ca en España. Pero non será ata hai máis dunha década que se desenvolve o primeiro estudo en España sobre a situación da violencia de xénero nas universidades españolas e no que se trata de forma explícita a situación do acoso, cunha ampla mostra na que se inclúen seis universidades públicas (Valls *et al.*, 2008). Así, os resultados amosaron que un 42 % tiña sufrido acoso por razón de sexo, un 16 % tiña escoitado rumores sobre a súa vida sexual, un 15 % sentira medo ou incomodidade por comentarios recibidos, correos electrónicos, notas, chamadas telefónicas ou por ser seguidas, un 7 % tiña recibido bicos ou caricias sen consentimento e un 6 % do alumnado tiña sufrido presións para manter relacións sexuais. A análise dos resultados permitiu confirmar que as mulleres eran quen de identificar un maior número de situacións de violencia exercida contra elas ca os homes, as diferenzas entre mulleres e homes foi dun 14 % (56 % mulleres fronte ao 42 % de homes). Cando se lles preguntaba explicitamente se tiñan experimentado algún tipo de violencia de xénero ou identificado situacións de violencia contra mulleres da súa universidade ou entre persoas pertencentes á comunidade universitaria, un 13 % respondeu afirmativamente. Esta porcentaxe incrementouse ata o 63 % (n = 673) cando se achegaban descrições específicas sobre situacións que podían ser consideradas dentro do paraugas da violencia. Na maioría dos casos (92 %) a vítima era unha estudante e o agresor un home (84 %) tamén estudante (65 %). Finalmente, cómpre destacar que no estudo se identifica que nun 25 % dos casos o agresor era un docente e só nun 16 % dos casos se reconece que o agresor era un descoñecido para a vítima. Compróbase tamén que a maioría das vítimas deciden non revelar o incidente (91 %), pero das que deciden non denunciar, un 66 % cóntallo a alguén do seu ambiente de confianza. Entre as razóns aludidas están a de non considerarse vítima (64 %), así mesmo, un 92 % sinala descoñecer se existe na súa universidade un servizo ao que poidan dirixirse as vítimas. Entre as razóns que as autoras aluden para explicar as dificultades para reconecer situacións de violencia, e que o estudo cualitativo corrobora, son as dinámicas permisivas con respecto á violencia e o elevado grao de tolerancia (Valls *et al.*, 2016).

Xunto ao estudo liderado por Valls e colaboradores (2016), o estudo máis relevante sobre o acoso sexual no eido académico é o desenvolvido por Bosch *et al.* (2012), no que participaron unha mostra de 1521 estudantes universitarios/as (988 alumnas, 523 alumnos e 10 persoas non autoidentificadas), 88 docentes (46 mulleres e 42 homes), e 73 persoas do persoal de administración e servizos (52 mulleres e 21 homes). Os resultados do estudo confirman as dificultades para definir o que é o acoso sexual, chegando a considerarse como adecuados comportamentos que representan unha clara chantaxe sexual. Ademais, é importante destacar que o estudo evidencia que as mulleres perciben máis comportamentos como acoso sexual mentres que os homes os consideran como comportamentos «groseiros» (pero non delituosos), ou como “outros” delitos. Estes resultados son confirmados por estudos máis recentes que mostran que as mulleres perciben máis o acoso sexual ca os homes e ademais consideran que a motivación do acosador para realizar o acoso é tanto sexual coma para mostrar o seu poder (Herrera *et al.*, 2016).

Dentro da comunidade galega podemos citar o traballo de Fernando Vázquez e colaboracións (2010) no que se levou a cabo un estudo cunha mostra de 1,043 universitarias galegas. Neste estudo conclúese que un 15,2 % delas tiña sufrido algunha experiencia de maltrato físico, psicolóxico ou sexual exercida por un home nalgún momento das súas vidas. De forma específica, os datos recollidos confirman que un 41,5 % tiña padecido algunha experiencia de violencia exercida pola súa parella, o 50,9 % por un home que non era a súa parella e un 7,6 % por ambos. Os datos confirman, en relación coas experiencias de acoso sexual, que un 0,2 % das alumnas entrevistadas (o 2,5 % das que tiñan sido maltratadas por alguén distinto (da súa parella) tiña sido unha figura de autoridade (xefe ou docente).



OBXECTIVOS DO ESTUDO



#### 4.1. OBXECTIVO XERAL

Desenvolver un estudo multimétodo (combinando as metodoloxías cuantitativa e cualitativa, nunha estratexia de complementariedade) de avaliación-diagnose da situación do acoso sexual, por razón de sexo e de orientación sexual na comunidade universitaria da Universidade de Vigo.

#### 4.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Coñecer a situación do acoso sexual e por razón de sexo e de orientación sexual nos tres colectivos (estudantes, PDI e PAS) da Universidade de Vigo.
- Determinar as percepcións e as crenzas sobre o acoso sexual, por razón de sexo e de orientación sexual dos tres colectivos que forman a comunidade universitaria: estudantes, PDI e PAS.
- Identificar as actitudes cara ao acoso sexual, por razón de sexo e de orientación sexual dos tres colectivos da universidade: estudantes, PDI e PAS.
- Determinar o coñecemento, así como a percepción das fortalezas e das debilidades, que os colectivos de estudantes, PDI e PAS teñen das normativas, protocolos e recursos dispoñibles en relación co acoso sexual, por razón de sexo e de orientación sexual na Universidade de Vigo.
- Elaborar –se procede a partir dos datos obtidos na avaliación e no estudo da situación– propostas baseándose no actual protocolo de acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo.
- Diseñar unha proposta de estratexias e de actuacións para desenvolver cos tres colectivos da Universidade de Vigo encamiñadas á sensibilización/formación que teñan como finalidade última a prevención/erradicación de todas as formas de acoso sexual, incluíndo actividades formativas básicas sobre esta temática que se lles deberán esixir a todos os colectivos de novo ingreso na comunidade universitaria.





**METODOLOGÍA  
MULTIMÉTODO**





Para levar a cabo a investigación-diagnose da situación do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo optouse por un deseño multimétodo, que integre o enfoque cuantitativo e cualitativo (Bericat, 1998; Coock e Reichardt, 1986). O estudo cuantitativo con mostras representativas dos tres colectivos da universidade (estudantes, PDI e PAS); o estudo cualitativo no que se incorporaron as técnicas de grupos de discusión no colectivo de estudantes e de entrevistas semiestruturadas a persoal da comunidade do PDI e do PAS.

A elección dun deseño multimétodo, a pesar de incrementar a complexidade e o custo da investigación, presenta numerosas vantaxes que se reflectirán non só nos resultados do estudo. Sumamos así á tradición investigadora que defende a lexitimidade do uso conxunto dos enfoques cuantitativo e cualitativo cunha finalidade práctica (Bericat, 1998; Dignan e Carr, 1992; Windsor *et al.*, 1994). Esta perspectiva de combinación metodolóxica baséase na premisa de coherencia horizontal das pirámides (positivista/construtivista), segundo a cal o nexos entre paradigma e método non é ríxido, e poden construírse deseños con elementos de ambas as pirámides, a condición de que a nova construción sexa en si mesma coherente. Xustifícase deste xeito a lexitimidade da integración do método cuantitativo e cualitativo en todo tipo de investigación social, en oposición a outras perspectivas excluíntes baseadas na coherencia vertical de ambas as pirámides, segundo a cal o nexos entre paradigma e método é ríxido (Campbell e Standley, 1966; Weiss e Rein, 1972). Pois como sinalan Coock e Reichardt (1986: 41) «as características da contorna específica da investigación cobran a mesma importancia ca os atributos dun paradigma á hora de escoller un método».

No deseño da investigación o enfoque cuantitativo perfílase como máis útil para aproximarnos á prevalencia do fenómeno do acoso sexual e en función de sexo na comunidade universitaria desde a perspectiva dos/as protagonistas, así como ás crenzas e actitudes cara esta problemática nos tres colectivos analizados. Mentres que o enfoque cualitativo permite afondar nas anteriores cuestións, mostrándose especialmente útil para revelar os significados e significantes deste fenómeno a través da voz do persoal protagonista da comunidade universitaria (Hawe, Degeling e Hall 1993).

Nesta liña, a dimensión cualitativa do traballo non só nos permite unha estratexia integradora de triangulación, ao achegarnos información sobre diferentes elementos que tamén se analizan desde a dimensión cuantitativa, contribuíndo así a reforzar a validez e fiabilidade dos resultados, senón que constitúe o marco de referencia a partir do cal se interpretarán os resultados obtidos no estudo cuantitativo. Así constitúese unha estratexia de complementación nun nivel máximo de integración (Bericat, 1998; Morgan, 1983).

A actitude integradora de partida é de síntese, xa que non existe técnica nin método perfecto; continxencia, posto que a investigadora/investigador social debe estar aberto á aplicación en cada caso do método e ás técnicas máis idóneas; e dialéctica, xa que a integración de ambos os enfoques permite construír desde a diferenza novas formas de comprensión da realidade (Morgan, 1983). Asumindo as premisas expostas, este traballo constrúese a través dun deseño multimétodo, instaurándose, por tanto, no ámbito do facer e non do dicir; e parte da base da lóxica horizontal da pirámide, segundo a cal o nexa entre paradigma e técnica de investigación non é ríxido (Bericat, 1998).

A continuación detállanse as características específicas das dúas metodoloxías empregadas do estudo.

## 5.1. METODOLOXÍA DO ESTUDO CUANTITATIVO DA INVESTIGACIÓN

Para acadar os obxectivos dese informe-diagnose partiuse dun deseño seccional descritivo a través do que se realizou unha avaliación dos tres grupos que integran a comunidade universitaria: estudantes, persoal docente e investigador (PDI), e persoal de administración e servizo (PAS). Participaron no estudo un total de 1445 persoas pertencentes á comunidade universitaria da Universidade de Vigo avaliadas durante o curso 2016-2017.

### Tipo de estudo

O deseño desta investigación ten como obxectivo levar a cabo unha avaliación- diagnose da situación do acoso sexual e por razón de sexo na comunidade universitaria da Universidade de Vigo. O obxectivo poboacional está centrado en: a) estudantes da Universidade de Vigo; b) persoal docente e investigador; e c) persoal de administración e servizos.

En función dos obxectivos do presente estudo e do marco teórico de referencia, executouse o deseño da investigación coas características que se presentan a continuación.

O estudo é, por unha banda, de tipo transversal por canto que trata de coñecer nas tres poboacións definidas a situación do acoso sexual e por razón de sexo nos tres colectivos (estudantes, PDI e PAS) da Universidade de Vigo. Un estudo que ofrece ademais un dobre nivel de análise: *descritivo*, en relación cos trazos estereotipados polo xénero, as actitudes sexistas, a percepción de risco sobre o acoso sexual e o acoso en función do sexo, as actitudes cara ao acoso sexual, os comportamentos sexuais non desexados e comportamentos en función do sexo non desexados das persoas, que permite formular hipótese respecto á situación de acoso sufrido na Universidade de Vigo. E, por outra banda, é analítico, xa que permite avaliar os obxectivos formulados. O presente traballo representa tamén un estudo de tipo mostral debido a que estuda alumnado, PDI e PAS cun tipo específico de mostraxe; finalmente, o feito de utilizar técnicas cuantitativas permite falar tamén dun estudo *distributivo*.

Os pasos seguidos para alcanzar os obxectivos propostos son os seguintes:

- i. Deseño e selección das mostras.
- ii. Desenvolvemento da metodoloxía máis adecuada para recoller a información.
- iii. Codificación, supervisión, revisión e depuración dos cuestionarios recibidos.
- iv. Gravación e verificación dos datos.
- v. Elaboración dos ficheiros de datos.
- vi. Análise de datos.
- vii. Elaboración do informe cos resultados máis destacados das análises.

O deseño mostral estivo condicionado pola necesidade de garantir a representatividade das mostras da poboación de estudantes, da poboación do PDI e da poboación do PAS. As unidades da análises da poboación de referencia foron tres:

1. Os estudantes matriculados de 2.º, 3.º e 4.º curso das titulacións de grao dos tres campus da Universidade de Vigo, excluindo os de 1.º curso para garantir un mínimo de tempo de experiencia na universidade.
2. O PDI por ámbitos científico-académicos dos tres campus da Universidade de Vigo.
3. O PAS asinado ás facultades ou servizos dos tres campus da Universidade de Vigo.

### **Tipo de mostraxe e unidades mostrais empregadas nos campus e nas facultades ou servizos**

A mostraxe desenvolveuse recorrendo aos conglomerados bietápicos con estratificación das unidades de primeira etapa (véxase a táboa 1).

Táboa 1. Etapas da mostraxe

#### **Tamaños mostrais iniciais**

ETAPAS
<p><b>Unidade de primeira etapa</b> Campus da Universidade de Vigo</p>
<p><b>Unidade de segunda etapa</b> Ámbitos científico-académicos: Aulas/grupos de estudantes Colectivo do PDI Colectivo do PAS</p>

A mostra proposta inicialmente foi acceder a un total de 2300 persoas da comunidade universitaria (estudantes, PDI e PAS), a mostra estimada de estudantes foi de 1650 dos tres campus, do PDI 350 e do PAS 150.

En canto ao alumnado a selección da mostra seguiu unha mostraxe estratificada por campus e ámbitos científico-académicos (e dentro deste por aulas do alumnado de grao de 2.º, 3.º e 4.º curso dentro das facultades). O número total de estudantes participantes foi de 1106.

En relación co PDI e co PAS fíxose unha selección aleatoria do persoal en función do campus e do ámbito científico-académico, no caso do PDI, e de facultades e servizos, no caso do PAS. Ao PDI entregáronse un total de 710 cuestionarios, tendo en conta unha taxa esperable de resposta sobre o 50 % para garantir un número estimado de 350 docentes, dos cales foron contestados finalmente un total de 185, o que supón unha taxa de resposta do 26,05 %, moi inferior á esperada. En canto ao PAS entregáronse un total de 252 cuestionarios, esperando unha taxa de resposta sobre o 50 % e así garantir o número estimado de 150 traballadores/as, dos cales foron contestados un total de 154, o que supón unha taxa de resposta do 61,1 %, superior á esperada (véxase a táboa 2).

Táboa 2. Cuestionarios entregados e recollidos aos colectivos PDI e PAS

PDI Campus de Ourense		PDI Campus de Vigo		PDI Campus de Pontevedra	
Entregados	Recollidos	Entregados	Recollidos	Entregados	Recollidos
178	50	382	35	150	31
PAS Campus de Ourense		PAS Campus de Vigo		PAS Campus de Pontevedra	
Entregados	Recollidos	Entregados	Recollidos	Entregados	Recollidos
78	30	124	71	50	20

O traballo de campo organizouse en dúas fases: a primeira fase coa aplicación dun cuestionario de forma presencial contando coa colaboración dunha investigadora; e a segunda fase, coa aplicación do mesmo cuestionario de forma en liña (véxase o apartado 5.1.5). Participaron na enquisa «en papel» un total de 1230 persoas da comunidade universitaria, e na enquisa en liña un total de 215 persoas (véxase a táboa 3).

Táboa 3. Distribución da mostra en cuestionarios en papel e en liña dos tres colectivos


CUESTIONARIO EN LIÑA		CUESTIONARIO EN PAPEL	
Alumnado en liña		Alumnado en papel	
113		993	
Total alumnado: 1106			
PDI en liña		PDI en papel	
69		116	
Total PDI: 185			
PAS en liña		PAS en papel	
33		121	
Total PAS: 154			
Total de cuestionarios en liña		Total de cuestionarios en papel	
215		1230	
MOSTRA TOTAL: 1445			

Debido a que non se detectaron diferenzas significativas nas medias dos principais instrumentos, analizáronse conxuntamente os datos recollidos na enquisa «en papel» e en liña. A continuación preséntanse cada unha das mostras por separado.

### 5.1.1. MOSTRA DE ESTUDANTES

A mostra de estudantes está composta por un total de 1106, na que o 61,2 % (n = 672) son alumnas e un 38,8 % alumnos (n = 426) e 8 estudantes non identificaron o seu xénero. A media de idade dos estudantes foi de 22,34 (DT: 4,05) cun rango que vai dende os 18 ata os 60 anos (véxase a figura 1).


Figura 1. Porcentaxe de estudantes en función do xénero



#### 5.1.1.1. Distribución de estudantes por campus

En canto á distribución do alumnado por campus (Vigo, Ourense e Pontevedra), contamos cun 48,4 % do estudiantado pertencente ao campus de Vigo, un 29,7 % ao campus de Ourense e un 21,9 % ao de Pontevedra, o que representa a proporcionalidade da poboación total por Campus (véxase a figura 2).

Figura 2. Distribución do alumnado por campus e en función do xénero



### 5.1.1.2. Distribución por ámbitos científico-académicos, titulacións e campus

O total de estudantes da Universidade de Vigo que participaron no estudo distribúese en diferentes ámbitos científico-académicos e titulacións, tal e como se recolle na táboa 4.


Táboa 4. Alumnado distribuído por ámbitos científico-académicos, titulación e campus

	Titulación	Campus	Alumnas	Alumnos	Total
<b>Artes e humanidades</b>					
	Filoxía e Tradución	Vigo	44	11	55
	Historia	Ourense	13	19	32
	Belas Artes	Pontevedra	37	13	50
<b>Ciencias da saúde</b>					
<b>Ciencias</b>					
	Fisioterapia	Pontevedra	3	1	4
	Bioloxía	Vigo	36	19	55
	Ciencias do Mar	Vigo	23	15	38
	Química		17	10	27
	Ciencias	Ourense	55	37	92
<b>Enxeñaría e arquitectura</b>					
	Enx. Industrial	Vigo	8	19	27
	Enx. Minas	Vigo	14	20	34
	Enx. Telecomunicación	Vigo	9	18	27
	Enx. Informática	Ourense	5	22	27
	Enx. Forestal	Pontevedra	16	25	41
<b>Ciencias sociais e xurídicas</b>					
	Empresariais e Económicas	Vigo	39	35	74
		Ourense	26	12	38
	Empresariais e Turismo	Ourense	29	16	45
	Dereito	Vigo	34	23	57
	Relacións Laborais e Recursos Humanos	Ourense	29	7	36
	Educación Infantil	Ourense	39	8	47
	Educación Social	Ourense	7	1	8
	Traballo Social	Ourense	12	46	58
	Actividade Física do Deporte	Pontevedra	29	12	41
	Ciencias Sociais e da Comunicación	Pontevedra			193
<b>NS/NC</b>					

### 5.1.2. MOSTRA DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI)

O colectivo PDI participante no estudo foron 185, dos cales un 59,8 % (n = 110) son mulleres e un 40,2 % (n = 74) son homes, cunha media de idade de 45,37 (DT: 10,26) e un rango que vai dende 25 ata 70 anos (véxase a figura 3).

Figura 3. Porcentaxes do PDI en función do xénero



#### 5.1.2.1. Distribución do PDI por categoría profesional

Se analizamos a categoría profesional do PDI que participaron no estudo, un 63 % (n = 117) teñen contrato a tempo completo con vinculación permanente, un 27,7 % (n = 51) son PDI a tempo completo con vinculación non permanente, e un 9,2 % (n = 17) son PDI con contrato a tempo parcial (véxase a táboa 5).

Táboa 5. Distribución do PDI por categoría profesional


	n	%
<b>PDI a tempo completo con vinculación</b>	117	63,0
<b>PDI a tempo completo con vinculación permanente</b>	51	27,7
<b>PDI a tempo parcial non permanente</b>	17	9,2



### 5.1.2.2. Distribución do PDI por campus

En canto á participación do PDI por campus, destacamos que un 42,2 % (n = 78) pertencen ao campus de Vigo, un 37,5 % (n = 70) están adscritos ao campus de Ourense e un 20,1 % (n = 37) ao campus de Pontevedra (véxase a figura 4).

Figura 4. Distribución do PDI por campus



### 5.1.2.3. Distribución por ámbitos científico-académicos

Se analizamos a distribución do colectivo do PDI polo ámbito científico-académico, atopamos que un 37,7 % pertence ao ámbito xurídico-social, un 26,5 % ao tecnolóxico, 13,8 % ao humanístico, un 2,2 % ao ámbito das ciencias da saúde, e un 19,9 % ao ámbito científico (véxase a táboa 6).

Táboa 6. Distribución do PDI por ámbitos científico-académico


	n	%
Artes e humanidades	25	13,8
Ciencias da saúde	4	2,2
Ciencias	36	19,9
Enxeñaría e arquitectura	48	26,5
Ciencias sociais e xurídicas	68	34,8
NS/NC	4	2,2

### 5.1.3. MOSTRA DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS)

Participaron neste estudo 154 traballadores/as pertencentes ao persoal de administración e de servizos da Universidade de Vigo (PAS), dos/as cales un 68,8 % (n = 106) son mulleres e un 31,2 % (n = 48) son homes, cunha media de idade de 46,73 (DT: 7,51) e un rango situado entre os 20 e 64 anos (véxase a figura 5).

Figura 5. Porcentaxe do PAS en función do xénero

Homes: 31,2 %



Mulleres: 68,8 %

#### 5.1.3.1. Distribución do PAS por categoría profesional

Se analizamos a categoría profesional do PAS que participou no estudo, un 74,8 % (n = 116) son funcionarios e un 25,2 % (n = 39) son persoal laboral fixo (véxase a táboa 7).


Táboa 7. Distribución do PAS por categoría profesional

	n	%
<b>PAS laboral fixo</b>	39	25,2
<b>PAS persoal funcionario</b>	116	74,8

### 5.1.3.2. Distribución do PAS por campus e por facultades e servizos

En canto á participación do PAS por campus, destacamos que un 59,4 % (n = 92) pertence ao campus de Vigo, un 24,58 % (n = 38) está adscrito ao campus de Ourense e un 16,1 % (n = 25) son do campus de Pontevedra (véxase a figura 6).

Figura 6. Distribución do PAS por campus



Se analizamos a súa distribución por facultades ou servizos podemos afirmar que dos 155 participantes PAS, 25 (20,5 %) pertencen á área de administración e servizos da Universidade de Vigo, e un 79,5 % están adscritos aos servizos das facultades dos tres campus. Para manter a confidencialidade inclúese a clasificación por ámbitos científico-académicos (véxase a táboa 8).

Táboa 8. Distribución do PAS por ámbitos científico-académicos

	n	%
Facultades do ámbito de artes e humanidades	8	6,6
Facultades do ámbito de ciencias da saúde	4	2,2
Facultades do ámbito de ciencias	13	10,7
Enxeñaría e arquitectura	17	13,9
Facultades do ámbito de ciencias sociais e xurídicas	23	18,9
Servizos	61	50,1
NS/NC	33	21,3

#### 5.1.4. INSTRUMENTOS

Para acadar os obxectivos da parte cuantitativa deste estudo elaborouse un cuestionario *ad hoc*. Na primeira páxina presentouse a finalidade da investigación, as instrucións básicas para cubri-lo, así como a definición dos conceptos relativos ao obxecto do estudo para favorecer unha maior comprensión:

- **Acoso sexual** inclúe calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un contorno intimidatorio, degradante ou ofensivo.
- **Acoso por razón de sexo** inclúe calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa, co propósito ou efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear un contorno intimidatorio, degradante ou ofensivo. Polo feito, por tanto, de ser muller ou pertencer a outros colectivos «sexuais minoritarios» homosexuais, lesbianas, transexuais, transxénero etc., en xeral, persoas que non conforman as «normas de xénero». A consideración de acoso por razón de sexo implica que deben ser accións realizadas de forma continua e sistemática.
- **Agresión sexual** é o comportamento(s) que, mediante violencia ou intimidación na súa realización e sen que exista un consentimento previo da vítima, atenta contra a liberdade sexual desta.

No cuestionario inclúense as seguintes cuestións e instrumentos, comúns aos tres colectivos:

- **Datos sociodemográficos:** campus ao que pertence, facultade ou servizo no que está adscrito, xénero, idade, nacionalidade, orientación sexual, situación sentimental e situación laboral.

• **Percepción de risco** (escala de elaboración propia): coa finalidade de avaliar a percepción de risco sobre o acoso sexual, o acoso por razón de sexo e a orientación sexual, así como a agresión sexual, incluíronse as seguintes preguntas sobre:

- i. «En que medida consideras probable que as mulleres/homes/colectivo LGTBI-Q sufran acoso sexual nesta universidade».
- ii. «En que medida consideras probable que as mulleres/homes/colectivo LGTBI-Q sufran acoso por razón de sexo nesta universidade».
- iii. «En que medida consideras probable que as mulleres/homes/colectivo LGTBI-Q sufran agresión sexual nesta universidade».

Cada unha destas preguntas foi contestada para cada un dos tres colectivos da Universidade de Vigo, cun formato de resposta de tipo Likert que vai dende 1 (nada perigoso) ata 5 (moi perigoso). As maiores puntuacións indican unha maior percepción de risco fronte ao acoso sexual, ao acoso en función do sexo e da agresión sexual.

• **Actitudes cara ao acoso sexual (SHAS; Mazer e Percival, 1989)**

Esta escala de actitudes cara ao acoso sexual consta de 19 ítems que miden o grao de acordo ou desacordo con enunciados que reflicten as actitudes cara ao acoso sexual. Para contestar estes enunciados emprégase unha escala de tipo Likert con cinco opcións de resposta que van dende 1 (totalmente en desacordo) ata 5 (totalmente de acordo). Os dez primeiros ítems pertencen ao inventario de tolerancia cara ao acoso sexual (TSHI) (Lott, Reilly e Howard, 1982; Reilly, Lott e Gallogly, 1986); e dos 9 restantes, 6 ítems (12, 14, 15, 16, 18, 19) incluíronnos as autoras/es da propia escala SHAS e, finalmente, 3 ítems (11, 13, 17) pertencen a Beauvais (1986). Estes 9 ítems, incluídos, miden conceptualizacións feministas contemporáneas de acoso e definicións do acoso. Canto maior é a puntuación nesta escala, maior aceptación e tolerancia cara ao acoso sexual, e menor acordo coas causas feministas. O SHAS mostrou unha boa consistencia interna nas tres mostras do estudo ( $\alpha = ,81$  na mostra de estudantes,  $\alpha = ,76$  na mostra do PDI e  $\alpha = ,83$  na mostra do PAS).

• **Cuestionario de experiencias sexuais (SEQ, Fitzgerald *et al.*, 1988)**. Empregouse a versión de 19 ítems que avalía a frecuencia de situacións de condutas de índole sexual que son ofensivas, ás que están expostas as persoas. Estas situacións clasifícanse en tres subescalas: *acoso de xénero* (ítems 1, 2, 3, 4, 6, 7, 9), *atención sexual non desexada* (ítems: 5, 8, 10, 13, 14) e *coacción sexual* (ítems 11, 12, 15, 16, 17, 18, 19). O formato de resposta incorpora unha escala de resposta de tipo Likert de 5 puntos, que vai dende 1 (nunca) ata 5 (a maioría das veces). Neste estudo obtivéronse alphas adecuados nos tres colectivos en cada subescala do SEQ. Así, na dimensión de *acoso de xénero* obtívose un  $\alpha = ,79$  na

mostra de estudantes, un  $\alpha = ,83$  na mostra do PDI e un  $\alpha = ,83$  na mostra do PAS. En canto á fiabilidade obtida na subescala de *atención non desexada*, na mostra de estudantes o alpha foi de 82, un  $\alpha = ,77$  obtívose na mostra do PDI e un  $\alpha = ,81$  na mostra do colectivo do PAS. E na subescala de *coacción sexual* a fiabilidade obtida foi dun  $\alpha = ,89$  na mostra de estudantes, un  $\alpha = ,71$  na mostra do colectivo do PDI e un  $\alpha = ,97$  na mostra do colectivo do PAS.

• **Escala de cousificación sexual interpersonal (ISOS, Kozee, Tylka, Augustus-Horvath e Denchik, 2007)**

A escala de cousificación sexual interpersonal empregada é a versión española de Lozano, Valor-Segura, Sáez e Expósito (2015) que consta de 15 ítems que avalían a cousificación sexual interpersonal e que está composta por dúas dimensións: *a avaliación do corpo* (ítems: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 9, 10, 11, 12, 13) e *os avances sexuais explícitos non desexados* (ítems: 7, 8, 14, 15). O formato de resposta é de tipo Likert que oscila entre 1 (nunca) a 5 (case sempre), no que a maior puntuación, máis obxectivación sexual. Neste estudo a fiabilidade da *dimensión da avaliación do corpo* foi de  $\alpha = ,94$  para a mostra de estudantes, un  $\alpha = ,94$  para o colectivo do PDI e un  $\alpha = ,93$  para o colectivo PAS. En relación coa dimensión avances sexuais explícitos non desexados obtívose un  $\alpha = ,76$  para a mostra de estudantes, un  $\alpha = ,75$  para a mostra do PDI e un  $\alpha = ,79$  para a mostra do PAS.

**Acoso á non conformidade do xénero.** Para avaliar se os/as participantes sufriron frustración por non cumprir as normas de xénero tradicionais, empregáronse tres ítems de Jonik e Cortina (2008) adaptados de Waldo (1999). Para contestar os ítems utilízase unha escala de resposta de tipo Likert que vai dende 1 (nunca) ata 5 (a maioría das veces). A fiabilidade obtida neste estudo nos tres colectivos foi axeitada, cun  $\alpha = ,89$  na mostra de estudantes, cun  $\alpha = ,85$  no colectivo do PDI e cun  $\alpha = ,88$  no colectivo do PAS.

• **Cuestionario de experiencias heterosexistas (Waldo, 1999).** Coa finalidade de avaliar as experiencias de acoso heterosexista experimentadas no ambiente universitario, empregamos o cuestionario de experiencias heterosexistas no lugar de traballo de Waldo (1999), adaptado ao ámbito universitario por Silverschanz, Cortina e Konik (2008). Esta escala consta de 5 ítems, dos cales os tres primeiros miden o ambiente heterosexista e os dous restantes miden a hostilidade heterosexual persoal. O formato de resposta de tipo Likert vai dende 1 (nunca), 2 (unha vez ou dúas veces), a 3 (máis dunha e dúas veces). Para calcular o nivel de hostilidade heterosexual é preciso recodificar o formato de resposta, nunha variable dicotómica: 1 (algún tipo de experiencia de frustración heterosexista vivida), e 0 (ningunha experiencia de frustración heterosexista vivida).

O alfa de Cronbach desta escala é de ,80. Na dimensión de *ambiente hostil heterosexista* obtívose un  $\alpha = ,83$  na mostra de estudantes, un  $\alpha = ,81$  na mostra do PDI e un  $\alpha = ,76$  na mostra do colectivo PAS. Na dimensión *hostilidade heterosexista persoal* obtívose un  $\alpha = ,53$  na mostra de estudantes, un  $\alpha = ,89$  na mostra do PDI e un  $\alpha = ,60$  na mostra do PAS.

- **Inventario de sexismo ambivalente (ASI, Glick e Fiske, 1996)**

Para medir o *sexismo ambivalente cara ás mulleres* empregouse a versión española reducida de 12 ítems de Rodríguez, Lameiras e Carrera (2009). Esta escala mide o *sexismo hostil* (ítems 1, 2, 3, 4, 5, 6) e o *sexismo benevolente* (ítems 7, 8, 9, 10, 11, 12), cun rango de resposta de tipo Likert que vai dende 1 (totalmente en desacordo) ata 6 (totalmente de acordo), onde as puntuacións máis altas son as que representan o maior nivel de sexismo, tanto hostil coma benevolente. Neste estudo a fiabilidade da dimensión hostil é un  $\alpha = ,88$  na mostra de estudantes, un  $\alpha = ,85$  na do PDI e un  $\alpha = ,83$  na do PAS. En canto á dimensión benevolente obtense un  $\alpha = ,80$  na mostra de estudantes, un  $\alpha = ,81$  na mostra do PDI e un  $\alpha = ,88$  na mostra do colectivo do PAS.

- **Escala dos trazos estereotipados polo xénero (BSRI, Bem, 1974)**

Empregouse a versión de 20 ítems da escala de Bem (1974) na que os 10 primeiros ítems corresponden aos estereotipos de trazos femininos (*expresividade*) e os 10 ítems restantes aos trazos estereotipadamente masculinos (*instrumentais*). Este instrumento avalía a tendencia das persoas a autodescribirse acorde cunha tipoloxía sexual estándar existente para homes e mulleres. O rango de resposta de 7 puntos seguindo unha escala Likert que vai desde 1 (non me describe) ata 7 (me describe). En función das respostas, cada persoa obtén dúas puntuacións independentes (unha na escala de instrumentalidade e outro na escala de expresividade). Esta escala mostrou unha boa consistencia interna nas tres mostras. Na dimensión de *expresividade* ( $\alpha = ,86$  para a mostra de estudantes,  $\alpha = ,87$  para o colectivo do PDI e  $\alpha = ,87$  para PAS) e na *dimensión de instrumentalidade* ( $\alpha = ,87$  para a mostra de estudantes,  $\alpha = ,88$  para o colectivo do PDI e  $\alpha = ,90$  para PAS).

### 5.1.5. PROCEDIMENTO

#### *Tradución das escalas*

En relación coas escalas que se incluíron neste estudo, foi necesario levar a cabo a tradución ao galego das seguintes: cuestionario de experiencias sexuais (*SEQ de Fitzgerald et al., 1988*), escala de cousificación sexual interpersoal (ISOS; Kozee, Tylka, Augustus-Horvath e Denchik, 2007), escala de actitudes cara ao acoso sexual (SHAS; Mazer e Percival, 1989), escala do acoso á non conformidade do xénero (Jonik e Cortina, 2008; Waldo, 1999), inventario de

sexismo ambivalente (ASI Gick e Fiske, 1996), escala dos trazos estereotipados polo xénero (BSRI, Bem, 1974) e o cuestionario de experiencias heterosexistas (Waldo, 1999). En primeiro lugar, levamos a cabo a adaptación lingüística das escalas por medio do procedemento de tradución cara adiante (Hambleton, 1996) que consiste en traducir os enunciados ao galego e entregarlles a tradución xunto cos enunciados en inglés ou castelán, dependendo do idioma orixinal da escala, a dúas persoas expertas bilingües que propuxeron nunha serie de modificacións que foron incluídas. Rematouse así o proceso de traducións das escalas.

#### *Aplicación do traballo de campo*

Neste estudo participou o alumnado, o persoal docente-investigador e o persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo. O traballo de campo organizouse en dúas fases: a primeira fase foi por medio da aplicación «en papel» dun cuestionario, tal e como se ten exposto coa colaboración dunha investigadora; e na segunda fase, para completar a mostra, aplicouse o mesmo cuestionario de forma en liña.

A *primeira fase* deste estudo realizouse entre os meses de decembro de 2016 ata marzo de 2017 e nas facultades seleccionadas dos tres campus da Universidade de Vigo. A recollida de datos iniciouse no campus de Ourense, seguido do campus de Vigo, e, finalmente, no campus de Pontevedra.

O traballo de campo iniciouse cunha comunicación «oficial» vía correo electrónico á listaxe de correo da comunidade, por parte da directora da Unidade de Igualdade. Esta mensaxe incluía os obxectivos da investigación e incidía na importancia e a necesaria participación de toda a comunidade universitaria. Ao persoal docente- investigador solicitábaselle a súa colaboración para administrar as enquisas nas súas aulas, así como para que tanto o PDI coma o PAS colaborasen respondendo o cuestionario.

En relación co traballo de campo da mostra do alumnado, unha vez confirmada a aceptación do profesorado responsable das aulas seleccionadas para aplicar os cuestionarios, concretábase co/coa docente o día e a hora. A aplicación dos cuestionarios ao alumnado realizouse sempre en horario lectivo. Antes de llo aplicar ao alumnado explicábaselle o obxectivo da investigación e o carácter voluntario da súa participación e a garantía de confidencialidade e anonimato para todos os/as participantes. Tamén se incidiu na importancia de responder con total sinceridade e coherencia. O tempo estimado para contestar o cuestionario foi aproximadamente de 30 minutos.

En relación coa aplicación do traballo de campo do colectivo do PDI e do PAS o procedemento foi diferente, xa que recibiron o cuestionario nun sobre. O PDI foi seleccionado en función do seu ámbito científico-académico e campus e o PAS en función á súa adscrición ás facultades ou aos servizos e ao campus. Ao colectivo do PDI depositábaselle o sobre co cuestionario



na súa caixa de correos ou ben entregábaselle en man se estaban nos seus despachos. Ao colectivo PAS entregábaselle o sobre en man no seu posto de traballo. Unha vez cuberto o cuestionario, tanto o PDI como o PAS, tiñan que pechar o sobre e de forma anónima foron remitidos por correo interno á Unidade de Igualdade. Unha vez recibidos pola Unidade de Igualdade todos os sobres foron remitidos ás investigadoras responsables do estudo para a súa análise estatística.

Na *segunda fase* do traballo de campo cuantitativo en liña, enviouse electronicamente dende a dirección da Unidade de Igualdade a todo o persoal subscrito ás listaxes de correo da comunidade, entre os meses de abril e xullo de 2017. Este cuestionario enviouse a través da aplicación de Google formulario, mediante o cal todo o persoal da comunidade universitaria (alumnado, PDI e PAS) que non cubrira o cuestionario en formato papel tamén tivese a mesma oportunidade de participar enchendo o cuestionario en liña. Unha vez cuberto tiñan que reenvialo ao mesmo enderezo electrónico. En todo momento tamén se garantía a confidencialidade e o anonimato.

Tras pechar a fase de recollida de datos cuantitativos tanto a través do cuestionario en papel coma do cuestionario en liña, creouse unha base de datos no programa estatístico SPSS para introducir os datos e a súa posterior análise.

### 5.1.6. ANÁLISES ESTADÍSTICAS

Para o procesamento dos datos utilizouse o paquete estatístico SPSS versión 22 para Windows. Nas tres mostras estudadas (estudantes, PDI e PAS) leváronse a cabo diferentes análises dos datos co obxectivo de responder os obxectivos formulados (véxase o apartado IV).

En primeiro lugar, para comprobar a fiabilidade dos cuestionarios aplícase o estatístico Alpha de Cronbach, que é un modelo de consistencia interna baseado na correlación media de interelementos. A continuación analizáronse para as escalas do estudo nas tres mostras (estudantes, PDI e PAS) as medias, as desviacións típicas, os máximos-mínimos, as frecuencias e as porcentaxes. Ademais tomouse a variable xénero coa finalidade de explorar se existían diferenzas significativas nas escalas do estudo, para o que se tivo en conta o Chi-cadrado menor de 0,05. Coñecida a distribución, realizouse unha análise bivariante a través das diferenzas de medias por medio do estatístico T-Student nas distintas escalas do estudo.


## 5.2. METODOLOXÍA DO ESTUDO CUALITATIVO DA INVESTIGACIÓN

### 5.2.1. CARACTERÍSTICAS DO ESTUDO CUALITATIVO

Tal e como se amosa nas investigacións sobre o estudo de violencias contra as mulleres e colectivos LGTBI-Q (Bosch *et al.*, 2012; Cuenca-Piqueras, 2015), as estratexias cualitativas son especialmente útiles para afondar nunha realidade tan complexa como é a do acoso sexual.

Para a avaliación cualitativa da situación do acoso sexual e por razón de sexo, na universidade realizáronse unha serie de entrevistas en profundidade e grupos de discusión. A aplicación desta metodoloxía permite comprender a realidade dende as propias experiencias e perspectivas das e dos protagonistas a través das súas palabras e expresións propias (Hernández, Fernández e Baptista, 2010). Nos grupos de discusión non se expoñen soamente opinións e vivencias persoais, senón máis ben téndese a reflectir un discurso colectivo, é dicir, «o reflexo dunha orde social mais ampla» (Palacios, 2014: 140), polo que ambas técnicas se combinan de xeito moi adecuado nesta investigación. Decidiuse levar a cabo as entrevistas cos tres colectivos: persoal docente investigador, persoal de administración e servizos e alumnado, mentres que os grupos de discusión leváronse a cabo soamente co alumnado (véxase a figura 7).

Figura 7. Técnicas de recollida de datos cualitativos utilizadas no estudo



As entrevistas en profundidade ao estudiantado, ao colectivo do PDI e a colectivo do PAS foron utilizadas como un diálogo no que a persoa entrevistadora controla o proceso para obter a información obxecto de estudo (Alonso, 2003; Chambliss e Schutt, 2010; Palacios, 2014). Ademais, nunha estratexia de complementariedade na achega cualitativa ao estudo do acoso, utilizáronse os grupos de discusión con estudantes, non tanto para indagar en experiencias persoais dos e das alumnas, senón para tratar a temática dende as voces da

colectividade. Neste sentido, tívose en conta a utilidade dos grupos de discusión para tratar temas de especial sensibilidade (Barbour, 2013) como a problemática que se analiza neste estudo.

Na táboa 9 detállanse os pasos seguidos no desenvolvemento da dimensión cualitativa do estudo.

Táboa 9. Fases do desenvolvemento da dimensión cualitativa do estudo

<b>Fase 1</b>	Selección da metodoloxía máis axeitada para acceder ás opinións e ás percepcións sobre o obxecto de estudo da investigación.
<b>Fase 2</b>	Recollida de solicitudes para a participación nas entrevistas semi- estruturadas, <sup>1</sup> Selección das e dos informantes para realizar os grupos de discusión.
<b>Fase 3</b>	Realización e gravación de voz das entrevistas. Realización e gravación de voz dos grupos de discusión, <sup>1</sup>
<b>Fase 4</b>	Verificación e transcripción da información, <sup>1</sup>
<b>Fase 5</b>	Lectura da información.
<b>Fase 6</b>	Inclusión dos datos no programa de tratamento da información cualitativa en ATLAS ti, <sup>7</sup> .
<b>Fase 7</b>	Lectura, análise e categorización da información.
<b>Fase 8</b>	Interpretación e redacción dos resultados.

<sup>1</sup>Nota: para realizar e gravar os grupos de discusión (fase 3), así como no proceso de verificación e transcripción da información (fase 4), contouse coa axuda de varias investigadoras especialmente formadas en xestión de grupos de discusión e na temática obxecto de estudo na presente investigación.


## 5.2.2. PARTICIPANTES

Na dimensión cualitativa desta investigación participaron un total de 111 informantes, das/os cales 102 (91,89 %) son alumnas e alumnos de segundo, terceiro e cuarto curso de grao dos tres campus da Universidade de Vigo; 4 (3,60 %) correspóndense con persoal docente e investigador e 5 (4,5 %) son os/as participantes do persoal de administración e servizos. A continuación, expóñense as cifras detalladas das persoas participantes nas entrevistas semiestruturadas e nos grupos de discusión, diferenciando segundo o colectivo das persoas e o seu xénero.

### 5.2.2.1 Entrevistas semiestruturadas

Realizáronse un total de 27 entrevistas individuais de carácter semiestruturado, que na maioría dos casos foron mulleres (81,48 %; n = 22) (véxase a figura 8).

Figura 8. Distribución das entrevistas semiestruturadas individualizadas por campus e por colectivos



Respecto á distribución por colectivos, o alumnado supón un total do 66,66 % (n = 18) das informantes; no PDI participaron 4 persoas, o que se corresponde co 10,8 %; e no PAS a porcentaxe foi do 18,51 % (n = 5). En referencia á distribución por campus, en Ourense realizáronse 12 entrevistas, no de Pontevedra participaron 5 informantes e no campus de Vigo as/os participantes foron 10.

### 5.2.2.2. Grupos de discusión


Un total de 10 grupos de discusión leváronse a cabo con alumnado dos tres campus da Universidade de Vigo, e participando un total de 84 estudantes. En canto á idade das/os informantes, o rango sitúase entre os 19 e os 31 anos (véxase a táboa 10). En relación co xénero, tal e como se mostra na táboa 3, procurouse a representación equilibrada en todos os grupos de discusión. No campus en Pontevedra participaron 20 alumnas e 6 alumnos; no de Vigo 28 alumnas e 9 alumnos; e no campus de Ourense 11 alumnas e 10 alumnos. O que supón que participaron nesta dimensión do estudo un total de 59 alumnas e 25 alumnos.

Táboa 10. Distribución de grupos de discusión por campus

Campus	Grupos (n = 10)	Núm. de participantes (% mulleres)	Rango de idade
Campus de Ourense	GD1	11 (54,54 %; n = 6)	19 - 29
	GD2	10 (50 %; n = 5)	20 - 26
	GD4	8 (50 %; n = 4)	21 - 25
	GD5	8 (75 %; n = 6)	19 - 21
Campus de Vigo	GD6	8 (62,5 %; n = 5)	19 - 21
	GD7	7 (100 %; n = 7)	21
	GD8	6 (100 %; n = 6)	21
	GD3	9 (66,66 %; n = 6)	21 - 31
Campus de Pontevedra	GD9	9 (89 %; n = 8)	21 - 23
	GD10	8 (25 %; n = 6)	20-23

En relación coa distribución por campus, e tendo en conta as cifras de alumnado matriculado (figura 9), no campus de Ourense realizáronse dous grupos de discusión, o que supón que o 20 % dos e das participantes son ourensáns/as; tres grupos leváronse a cabo no campus de Pontevedra, que supoñen un 30 % do total; e o 50 % restante correspóndese con alumnado do campus de Vigo distribuído en cinco grupos.

Figura 9. Distribución dos participantes nos grupos de discusión por campus



### 5.2.3. PROCEDEMENTO

O carácter multimétodo deste estudo baseouse na utilización combinada da metodoloxía cuantitativa e cualitativa, a través dunha estratexia de complementariedade. Seguindo un deseño secuencial na investigación (Hernández, Fernández e Baptista, 2010), a segunda fase deste estudo correspóndese coa dimensión cualitativa, realizada a través de entrevistas en profundidade e grupos de discusión. A continuación, expónse o procedemento de contacto cos e coas informantes, así como as estratexias utilizadas para realizar as entrevistas e os grupos de discusión.

#### 5.2.3.1 Contacto coas/cos participantes

O contacto coas persoas que participaron na investigación realizouse de forma secuencial e a través de diferentes estratexias. En primeiro lugar, con respecto ao alumnado nunha primeira fase, durante a aplicación dos cuestionarios a investigadora responsable no mesmo momento informaba as alumnas e os alumnos do carácter mixto da investigación, proporcionando información sobre a segunda fase do estudo (dimensión cualitativa), e explicando a dinámica para realizar os grupos de discusión e das entrevistas. Neste sentido, ofrecíase a posibilidade de contactar co equipo de investigación a través do enderezo electrónico que se habilitou ([diagnoseacososexual@gmail.com](mailto:diagnoseacososexual@gmail.com)), coa finalidade de concretar unha cita e desenvolver as entrevistas ou participar nos grupos de discusión. Na segunda fase do traballo de campo cuantitativo (en liña) tamén se ofrecía a posibilidade de participar nas entrevistas/grupos de discusión, indicando novamente o enderezo electrónico para contactar co grupo de investigación.

Posteriormente, o equipo de investigación elaborou unha carta informativa que foi enviada a través do correo electrónico a todas as delegacións de alumnado da Universidade de Vigo. Neste correo pedíáselles ás delegacións de alumnado que lles informasen e enviasen a información sobre a investigación ás alumnas e aos alumnos. Debido a que algunhas das delegacións non dispoñían de enderezo electrónico de contacto ou non respondían as comunicacións enviadas polo equipo de investigación, decidiuse acudir fisicamente a cada unha das delegacións de alumnado dos tres campus da universidade para proporcionar a información directamente. Ás delegacións de alumnado coas que non se puido contactar deixóuselles a carta informativa sobre a dimensión cualitativa do estudo nas caixas de correo, ou mesmo nas conserxarías das devanditas facultades, para que se lles entregase aos e ás responsables das citadas delegacións.

O estudantado que contactou co equipo de investigación para participar na segunda fase do estudo só manifestou interese en participar nas entrevistas. Deste xeito, nunha segunda fase,

para organizar os grupos de discusión seleccionáronse aulas ao azar de todas as facultades procurando a representación equilibrada entre os tres campus. Para realizar os grupos de discusión contactábase vía correo electrónico co/coa docente do grupo seleccionado, coa finalidade de proporcionar información sobre o estudo. Conxuntamente, recalcábase a importancia do estudo e a importancia de recoller información a través dos grupos de discusión. Unha vez recibido o *feedback* positivo da/o docente para realizar o grupo co alumnado, fixébase unha data.

En segundo lugar, con respecto aos/ás docentes-investigadores/as e ao persoal de administración e servizos o procedemento de contacto coas persoas participantes foi fundamentalmente a través do correo electrónico; ou, seguindo a mesma metodoloxía utilizada co alumnado no momento de traballo de campo cuantitativo, solicitábaselle a súa participación no estudo cualitativo.

Con respecto ás cuestións éticas, o equipo de investigación elaborou un documento de consentimento informado que foi asinado pola investigadora encargada da realización das entrevistas, dos grupos de discusión e das/os informantes colaboradoras/es. Neste acordo informábase dos fins educativos e de investigación das entrevistas e dos grupos de discusión, expondo que a información recollida sería soamente utilizada con fins educativos e científicos, e que sería tratada de xeito totalmente anónimo, garantindo a confidencialidade dos/as informantes. No mesmo documento solicitábase o permiso para gravar as entrevistas ou grupos de discusión, coa finalidade de facer unha transcripción fidedigna (incluso mantendo o idioma de resposta), garantindo o anonimato das e dos informantes, para que os nomes mencionados fosen substituídos por nomes alternativos.

### **5.2.3.2. Desenvolvemento das entrevistas**

As entrevistas realizadas con alumnado, PDI e PAS seguiron unha mesma dinámica de execución. En primeiro lugar, concretábase unha cita coa persoa interesada en participar na investigación no campus e facultade onde a/o informante se atopaba. A continuación, identificábase un espazo que reunise os requisitos axeitados para realizar a entrevista de forma óptima, como a ausencia de ruído ou que fose un espazo privado e comfortable, é dicir, evitar que houboese algo que puidese entorpecer ou afectarlles negativamente ás/aos participantes (Barbour, 2013). Para a procura deste espazo recorreuse aos enlaces de igualdade das facultades para que xestionasen un espazo axeitado. En ocasións foi o propio PAS quen posibilitou a procura de espazos para realizar as entrevistas.

Tendo en conta a importancia que a presentación ten na correcta execución da entrevista (Gray, Amos, e Currie, 1997; León e Montero, 2015) a entrevistadora comezaba informando

o/a participante-colaborador/a dos obxectivos do estudo, así como do seu patrocinio e o plan xeral da entrevista. A continuación, asinaban o documento do consentimento informado e levábase a cabo a entrevista. Debido á sensibilidade da temática de investigación, así como ao carácter especialmente vulnerable da información que sería tratada na entrevista, procurábase propiciar un ambiente de confianza e respecto que favorecese un clima de seguridade entre a investigadora e a persoa participante.

Todas as entrevistas desenvolvéronse nas facultades correspondentes das persoas informantes no horario máis conveniente. As entrevistas realizáronse no período comprendido entre abril de 2017 e novembro de 2017. Cada unha das entrevistas tivo unha duración media de 50 minutos.

### **5.2.3.3. Desenvolvemento dos grupos de discusión**

As sesións dos grupos de discusión desenvolvéronse soamente con alumnado que participou voluntariamente nas propias aulas e durante horario lectivo cedido polo profesorado. Este proceso alongouse durante os meses de setembro de 2017 a novembro de 2017. As sesións tiveron unha duración de aproximadamente 40-50 minutos.

Tendo en conta a importancia do espazo físico para planificar e poñer en marcha o debate (Barbour, 2013), coidouse a disposición da escena para executar cada unha das sesións. Neste caso, foron os e as docentes de cada unha das materias quen, tendo en conta os obxectivos do estudo así como a dinámica característica dos grupos de discusión, realizaron unha análise dos espazos dispoñibles que fosen axeitados para favorecer a realización óptima dos grupos. Nalgún caso as propias investigadoras foron as que se encargaron de buscar espazos dispoñibles nos días e nas horas sinalados polas/os docentes, contando sempre coa axuda do persoal das conserxarías das facultades.

De forma xeral, cada un dos grupos seleccionados foi dividido en dous ou tres pequenos grupos de aproximadamente 8-10 estudantes, de forma que dúas ou tres investigadoras puidesen traballar individualmente con cada grupo. Un dos grupos levouse a cabo na propia aula correspondente á materia seleccionada, e os outros en espazos próximos que ofrecesen condicións similares.

Antes de comezar a sesión, a investigadora presentábase, así como presentaba o estudo e o seu carácter voluntario e confidencial dos grupos de discusión. Neste sentido agradeceuse a importancia da súa colaboración no estudo. A continuación, entregóuselle a cada un e cada unha das informantes o documento do consentimento informado que foi cuberto e asinado por todo o alumnado; procedemento ao que ningunha alumna ou alumno se opuxo.



Posteriormente, tendo en conta a importancia do contacto visual entre os e as informantes, así como coa investigadora, colocouse a aula en círculo ou ben propiciouse a colocación circular das alumnas e dos alumnos e gravábase da sesión.

#### 5.2.4. TÉCNICAS DE RECOLLIDA DE DATOS

Coa finalidade de acadar os obxectivos da investigación elaborouse un guión de preguntas *ad-hoc* de carácter semiestruturado. Para comezar a sesión, seguindo algunhas recomendacións (Barbour, 2013), realizouse unha pregunta xeral (Grinnell, Williams e Unrau, 2009) para dirixir o tema cara ao foco de interese da investigación: «Gustaríanos saber as vosas opinións sobre a temática do acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresións sexuais» na universidade. O guión de preguntas foi organizado arredor de cinco áreas fundamentais (véxase a táboa 11):

- i. Coñecementos sobre o obxecto de estudo.
- ii. Experiencias vividas ou coñecidas (no caso das entrevistas en profundidade realizáronse tanto as preguntas sobre experiencias de acoso e agresións vividas como coñecidas, mentres que no caso dos grupos de discusión soamente se preguntou polas experiencias de acoso e agresións coñecidas).
- iii. Percepcións dos motivos, da seguridade e da frecuencia das situacións de acoso.
- iv. Actitudes cara ao acoso sexual.
- v. Medidas de prevención e de sanción.

É necesario matizar que tanto no caso das entrevistas coma nos grupos de discusión despois de tratar as cuestións relativas aos coñecementos dos e das informantes do estudo, a investigadora proporcionoulles ás/aos participantes as definicións correctas dos termos de acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresións sexuais, co fin de analizar con claridade as preguntas relativas ás experiencias vividas ou coñecidas.

Durante o desenvolvemento dos grupos, as entrevistadoras asumiron un papel de moderadoras e condutoras do debate, evitaban a dinámica pregunta-resposta e facían as mínimas interrupcións posibles; ofrecían un ambiente non directivo e comfortable para o transcórrese natural do discurso (Krueger, 1991) e evitaban os comentarios que puidesen alterar as opinións dos e das participantes (Perelló-Oliver, 2011). Ao final de cada unha das sesións, a moderadora organizaba as ideas máis relevantes compartidas polo grupo e preguntaba se tiñan algunha outra cuestión que quixesen compartir. Finalmente pechábase o grupo agradecendo a colaboración de todas e todos.

É preciso sinalar que o intercambio de experiencias e opinións en todos os grupos de discusión discorreu en todos os casos con normalidade, e sen evidenciarse situacións problemáticas ou tensas.

Táboa 11. Guión de preguntas de carácter semiestructurado

TEMAS CHAVE	PREGUNTAS CHAVE PARA TRATAR A TEMÁTICA DO ACOSO
<p style="text-align: center;"><b>I</b> <b>Coñecementos</b></p>	- Sabes que é o acoso sexual? Sabes que é o acoso por razón de sexo?
	- Como o sabes? De onde vén esa información?
	- Recibiches cursos de formación sobre estes temas? Cales? De que institución? Onde os recibiches?
	- Consideras que este tipo de cursos son importantes? Por que?
	- Coñeces o protocolo da Universidade de Vigo? Cres que funciona? Saberías utilízalo?
<p style="text-align: center;"><b>IIa</b> <b>Experiencias vividas</b></p>	- Viviches algunha situación de acoso sexual na universidade? Por parte de quen sufriches ese acoso sexual? Que che fixo? Como e onde se produciu esa situación? Como te sentiches? Sentiches que podías contar con alguén? Como reaccionaches? Describe a situación.
	- Viviches algunha situación de acoso por razón de sexo na universidade? - Por parte de quen sufriches ese acoso? Que che fixo? Como e onde se produciu esa situación? Como te sentiches? Sentiches que podías contar con alguén? Como reaccionaches? Describe a situación.
	- Lembras algunha situación que pola túa orientación sexual te sentiches incómodo/a?
	- Lembras algunha situación en que por ser muller te sentiches incómoda?
	- Viviches algunha situación de agresión sexual na universidade? Por parte de quen sufriches esa agresión? Que che fixo? Como e onde se produciu esa situación? Como te sentiches? Sentiches que podías contar con alguén? Como reaccionaches? Describe a situación.
<p style="text-align: center;"><b>IIb</b> <b>Experiencias coñecidas</b></p>	- Coñeces a alguén que sufrise acoso sexual na universidade? Como o sabes? Víchelo? Contároncho? Sábelo de oídas? Como te sentiches ao decatarte disto? Como reaccionaches ao decatarte disto?
	- Coñeces a alguén que sufrise acoso por razón de sexo na universidade? Como o sabes? Víchelo? Contároncho? Sábelo de oídas? Como te sentiches ao decatarte disto? Como reaccionaches ao decatarte disto?
	- Lembras algunha situación que puidese incomodar a unha persoa pola súa orientación sexual?
	- Coñeces a alguén que sufrise agresión sexual na universidade? Como o sabes? Víchelo? Contároncho? Sábelo de oídas? Como te sentiches ao decatarte disto? Como reaccionaches ao decatarte disto?

<b>III</b> <b>Percepcións</b>	- Por que cres que suceden este tipo de situacións?
	- Consideras que a universidade é unha contorna segura? Sénteste seguro/a na universidade en relación con este tema? Por que?
	- Con que frecuencia cres que se dan este tipo de situacións na universidade?
	- Cal dos tres tipos de acoso analizados consideras que é máis frecuente? Cara a que colectivo?
<b>IV</b> <b>Actitudes</b>	- Que opinas de que na universidade se produzan este tipo de situacións?
	- Como describirías as actitudes do alumnado cara a este tipo de situacións?
	- Cuestión dirixida soamente ao colectivo do persoal de administración e servizos: Como describirías as actitudes dos teus compañeiros/as cara a este tipo de situacións (acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresión sexual)
	- Como describirías as actitudes do profesorado cara a este tipo de situacións?
	- Crees que esta problemática é importante para a universidade?
	- Hai unha verdadeira implicación en previr e dar resposta a este tipo de situacións?
<b>V</b> <b>Medidas</b>	- Que medidas propondrías para previr, dar resposta e solucionar este tipo de situacións?

### 5.2.5. ANÁLISE DE CONTIDO

Para a análise da información recollida a través da metodoloxía cualitativa (entrevistas e grupos de discusión), as sesións foron gravadas e transcritas de forma literal. Non obstante, co fin de velar pola confidencialidade das persoas participantes, os nomes propios dos discursos substituíronse, ademais daqueles datos de especial sensibilidade (como, por exemplo, os cargos, os servizos ou facultades en que se adscriben especialmente o colectivo do PAS e do PDI).

Posteriormente leuse toda a información recollida para introducila no ATLAS. Ti v,7 e analizouse. Así, os discursos foron analizados de forma indutiva con este *software* que se basea nas directrices da teoría fundamentada (Glaser e Strauss, 1967).

O programa ATLAS.ti. v.7 é un programa informático de xestión de datos cualitativos, que permite traballar con grandes corpos de datos. O seu uso incrementa a transparencia, a coherencia e o rigor científico no proceso de análise (Richards e Richards, 1994; Seale, 1999; Weitzman, 2000). Ademais, empregar este programa informático permitiu o traballo simultáneo das investigadoras a través da técnica de triangulación, polo que se xestionou o tratamento da información así como a xeración de códigos, é dicir, a súa codificación.

Neste sentido, no relativo á codificación realizada tanto nos grupos de discusión coma nas entrevistas, baseouse nas propias palabras e expresións dos e das informantes do estudo, polo que se utilizaron códigos *in vivo*. Non obstante, co fin de analizar o tratamento da información do xeito máis adecuado posible tamén se recorreu á codificación aberta, é dicir, á creación de códigos para un determinado texto seleccionado, así como a codificación por listaxe que permite ver a listaxe de todos os códigos creados e asignar o correspondente á cita seleccionada, á que se sumou a codificación rápida e coa que se selecciona o último código utilizado. É preciso mencionar que en ningún momento se usou a autocodificación, é dicir, a codificación realizada automaticamente polo programa, porque non se revelou útil no tratamento da información.

Os códigos utilizados foron creados tendo en conta o xénero da persoa participante, así como a súa pertenza ao colectivo do alumnado, PAS ou PDI, excepto nos relatos de acoso sexual individuais, nos que se recorreu a unha codificación máis específica utilizando no código a identificación da persoa participante. Todos os códigos foron organizados en familias de orde superior que, englobando varios códigos, achegan rigorosidade e organización ao proceso de *coding*.

A continuación expónse o proceso de análise de contido e *outputs* de resultados correspondentes para as entrevistas e para os grupos de discusión realizados.

### 5.2.5.1. Análise das entrevistas

As entrevistas foron analizadas de forma diferenciada no colectivo de alumnado, persoal docente investigador e persoal de administración e servizos, o que se tivo en conta no proceso de *coding*. Realizouse unha compilación das transcricións das entrevistas nun único documento primario. As citas son pequenos fragmentos de texto utilizados para dar significación e encher de contido os códigos (ou categorías de análises) que se organizaron por familias. Ademais, recolléronse varios memos e vistas de rede que contribúen a recoller, aclarar e facilitar a comprensión da análise da información, a súa codificación, así como a interpretación dos resultados. No caso da unidade hermenéutica analizouse a través dun documento primario, 899 códigos, 1,958 citas, 7 memos e 13 familias de códigos (véxase a figura 10).




Figura 10. Descriptivos da análise de contido das entrevistas

Os argumentos e as expresións dos e das participantes foron analizados a través dunha categorización exhaustiva de forma consensuada polas investigadoras. Neste sentido, extraéronse cinco categorías de primeira orde, que xorden das cuestións que orientaron o desenvolvemento das sesións e que constituíron os temas máis salientables nas entrevistas:

- i. Coñecementos.
- ii. Percepcións: sobre a frecuencia do acoso na universidade, as motivacións e a seguridade dos e das entrevistadas no contexto universitario.
- iii. Actitudes cara ao acoso sexual.
- iv. Relatos de acoso no contexto universitario, tanto contados en primeira persoa como en terceira.
- v. Resposta ás situacións de acoso e accións preventivas.

Ao longo da exposición dos resultados das entrevistas, os fragmentos ilustrativos foron identificados de forma que a cada participante lle foi asignado un código: A (alumnado), PDI (persoal docente investigador) ou PAS (curso académico), seguido do número particular de cada informante, o número de documento primario e por último o número específico de cita codificada. No caso dos grupos de discusión as citas son acompañadas de GD (grupo de discusión), seguido do número particular de cada grupo, rapaz/rapaza (xénero), número determinado pola quenda de palabra; 1, 4 ou 5 (número de documento primario) e, por último, o número específico de cita codificada.

A continuación, presentamos nas táboas 12, 13 e 14 as categorías e as subcategorías extraídas nas entrevistas realizadas con alumnado, persoal docente e investigación e persoal de administración e servizos. Así, en primeiro lugar expóñense as categorías dos alumnos e alumnas entrevistadas.

Táboa 12a. Esquema de categorías e subcategorías da mostra de alumnado entrevistado

<b>I. COÑECEMENTOS SOBRE O ACOSO SEXUAL, ACOSO POR RAZÓN DE SEXO E AGRESIÓNS SEXUAIS</b>				
<b>Categorías secundarias</b>	<b>Subcategorías 3.º nivel</b>	<b>Subcategorías 4.º nivel</b>	<b>Subcategorías 5.º nivel</b>	
Conceptualización dos termos	Coñecemento acoso sexual	Saben definilo	—	
		Non saben definilo	—	
		Contextualización	—	
Formación recibida	Coñecemento acoso por razón de sexo	Saben definilo	—	
	Información recibida de...	Non saben definilo	—	
		Recibiron formación	Contexto da formación	—
		Non recibiron formación	Importancia da formación	Xustificación
Protocolo da Universidade de Vigo	Descoñecen o protocolo	—	—	
	Coñecen protocolo			
<b>II. PERCEPCIÓNS SOBRE O ACOSO SEXUAL, ACOSO POR RAZÓN DE SEXO E AGRESIÓNS SEXUAIS</b>				
		Xustificación da frecuencia	—	
	Frecuente ou moi frecuente	Máis do que se pensa	—	
		Igual ca na sociedade	—	
	Pouco frecuente	Xustificación	—	
	Depende	Tipo de acoso/agresión	Xustificación	
		Acoso por razón de sexo en xeral	Xustificación	
		Acoso por razón de sexo cara a LGTBI-Q	Xustificación	
	Tipo de acoso máis frecuente-colectivo	Acoso por razón de sexo cara a mulleres	Xustificación	
		Acoso sexual cara a mulleres	Xustificación	
		Acoso sexual e acoso por razón de sexo	Xustificación	

Táboa 12b. Esquema de categorías e subcategorías da mostra de alumnado entrevistado

<b>III. PERCEPCIÓNS SOBRE O ACOSO SEXUAL, ACOSO POR RAZÓN DE SEXO E AGRESIÓNS SEXUAIS</b>				
<b>Categorías secundarias</b>	<b>Subcategorías 3.º nivel</b>	<b>Subcategorías 4.º nivel</b>	<b>Subcategorías 5.º nivel</b>	
Motivacións	Cuestións relacionadas coa vítima	Carácter	—	
		Culpabilización ás mulleres	Respecto	—
			Ignorancia	—
			Poder	—
	Cuestións relacionadas coa persoa agresora/acosadora	Ser mala persoa	—	
		Bromas vs. ferir	—	
		Heteropatriarcado	—	
		Educación	Socialización diferencial	
	Cuestións relacionadas coa sociedade	Machismo	—	
		Tema que non preocupa	—	
Desinformación		—		
Seguridade	Percepción xeral	Universidade insegura	—	
		Universidade segura	—	
	Percepción persoal	Universidade segura	—	
		Universidade insegura	—	
<b>IV. ACTITUDES SOBRE O ACOSO SEXUAL, ACOSO POR RAZÓN DE SEXO E AGRESIÓNS SEXUAIS</b>				
Persoais	Positivas	—	—	
	Negativas	—	—	
	Como colectivo	—	—	
Colectivo do alumnado	Rapazas	Positivas	—	
	Rapaces	Negativas	—	
Docentes	Depende	—	—	
	Positivas	—	—	
	Negativas	—	—	
Universidade	Implicación percibida	É importante	Motivos	
		Importancia percibida		
		Non hai implicación ou é insuficiente	Motivos	
		Hai implicación	Docentes	

Táboa 12c. Esquema de categorías e subcategorías da mostra de alumnado entrevistado

<b>V. RESPONSA ÁS SITUACIÓNS DE ACOSO E ACCIÓNS PREVENTIVAS</b>				
<b>Categorías secundarias</b>	<b>Subcategorías 3.º nivel</b>	<b>Subcategorías 4.º nivel</b>	<b>Subcategorías 5.º nivel</b>	
Medidas formativas	Co alumnado	Formación e espazos nas clases	—	
		Charlas, debates e emsas redondas	—	
		Círculos de información	—	
			Cursos	De carácter obrigatorio
			Educación infancia	—
	Co colectivo docente	—	—	
	Con ambos colectivos: docentes e alumnado	—	—	
Medidas de protección e resposta	Consecuencias: persoas acosadoras/agresoras	—	—	
	Gabinete de axuda	—	—	
	Resposta institucional	—	—	
Medidas de investigación	Investigar a realidade do acoso	—	—	
	Carteleira/web ou c-electrónicos	Si vs. non	—	
Medidas de divulgación	Listaxe de alumnado interesado	—	—	
	Publicitar: espazo de axuda alumnado	—	—	

A continuación, na táboa 13 preséntanse as categorías e as subcategorías no colectivo de persoal docente e investigador entrevistado.



Táboa 13a. Esquema de categorías e subcategorías da mostra do PDI entrevistado

<b>I. COÑECEMENTOS SOBRE O ACOSO SEXUAL, ACOSO POR RAZÓN DE SEXO E AGRESIÓNS SEXUAIS</b>			
<b>Categorías secundarias</b>	<b>Subcategorías 3.º nivel</b>	<b>Subcategorías 4.º nivel</b>	<b>Subcategorías 5.º nivel</b>
Conceptualización dos termos	Coñecemento acoso sexual	Saben definilo	—
	Coñecemento acoso por razón de sexo	Saben definilo	—
Formación recibida	Información recibida	—	—
	Recibiron formación	Contexto da formación	—
Protocolo da Universidade de Vigo	Non recibiron formación	Importancia formación	Xustificación
	Descoñecen o protocolo	—	—

Táboa 13b. Esquema de categorías e subcategorías da mostra do PDI entrevistado

<b>II. PERCEPCIÓNS SOBRE O ACOSO SEXUAL, ACOSO POR RAZÓN DE SEXO E AGRESIÓNS SEXUAIS</b>			
<b>Categorías secundarias</b>	<b>Subcategorías 3.º nivel</b>	<b>Subcategorías 4.º nivel</b>	<b>Subcategorías 5.º nivel</b>
Frecuencia	Frecuente ou máis do que se pensa	Xustificación da frecuencia	—
	Tipo de acoso máis frecuente colectivo	Acoso sexual cara ás mulleres	Xustificación
		Acoso por razón de sexo cara a LGTBI-Q e a mulleres	Xustificación
Motivacións	Cuestións relacionadas coa persoa agresora/acosadora	Problemas de personalidade	—
		Desaxustes psicolóxicos	—
	Cuestións relacionadas coa sociedade	Machismo, estereotipos e prexuízos	—
		Sociedade patriarcal	—
Seguridade	Percepción xeral	Universidade insegura	Xustificación
		Universidade segura	—
	Percepción persoal	Universidade segura	—
		Universidade insegura	—

### III. ACTITUDES SOBRE O ACOSO SEXUAL, ACOSO POR RAZÓN DE SEXO E AGRESIÓNS SEXUAIS

Persoais	Negativas	—	—
Docentes	Indiferenza	—	—
	Negativas	—	—
Universidade	Importancia percibida	É importante	Motivos
		Non é importante	Motivos
	Implicación percibida	Non hai implicación ou é insuficiente	Motivos

Táboa 13c. Esquema de categorías e subcategorías da mostra do PDI entrevistado

### IV. RELATOS DE ACOSO NO CONTEXTO UNIVERSITARIO

Categorías secundarias	Subcategorías 3.º nivel	Subcategorías 4.º nivel	Subcategorías 5.º nivel
En primeira persoa	Relatos vividos de acoso sexual	Tipoloxía	Verbal Actitudinal
	Relatos vividos de acoso por razón de sexo	Datos do acosador/a	—
		Tipoloxía	—
En terceira persoa	Relatos vividos de acoso sexual	Datos do acosador/a	—
		Tipoloxía	—
		Sentimentos	—
	Relatos vividos de acoso por razón de sexo	Reaccións	—
		Tipoloxía	—
Sentimentos	—		
Reaccións	—		

### V. RESPONSA ÁS SITUACIÓNS DE ACOSO E ACCIÓNS PREVENTIVAS

Medidas formativas	Co colectivo docente	Proporcionar información	—
		Publicidade	—
		Perspectiva de xénero	—
Medidas de protección e resposta	Indefensión das vítimas	—	—
	Consecuencias: persoas acosadoras/agresoras	—	—
	Gabinete de axuda	—	—
Medidas de investigación	Investigar a realidade do acoso	—	—
Medidas de divulgación	Pantallas dixitais	—	—

Táboa 14a. Esquema de categorías e subcategorías da mostra do PAS entrevistado

<b>I. COÑECEMENTOS SOBRE O ACOSO SEXUAL, ACOSO POR RAZÓN DE SEXO E AGRESIÓNS SEXUAIS</b>			
<b>Categorías secundarias</b>	<b>Subcategorías 3.º nivel</b>	<b>Subcategorías 4.º nivel</b>	<b>Subcategorías 5.º nivel</b>
Conceptualización dos termos	Coñecemento acoso sexual	Saben definilo	—
	Coñecemento acoso por razón de sexo	Saben definilo	—
	Información recibida	—	—
Formación recibida	Recibiron formación	Contexto da formación	—
	Non recibiron formación	Importancia da formación	Xustificación
Protocolo da Universidade de Vigo	Descoñecen o protocolo	—	—
<b>II. PERCEPCIÓNS SOBRE O ACOSO SEXUAL, ACOSO POR RAZÓN DE SEXO E AGRESIÓNS SEXUAIS</b>			
Frecuencia	Frecuente ou moi frecuente	Xustificación da frecuencia	—
		Mais do que se pensa	—
	Tipo de acoso máis frecuente- colectivo	Acoso por razón de sexo	Xustificación
Motivacións		Acoso sexual cara mulleres	Xustificación
	Cuestións relacionadas coa persoa agresora/acosadora	Persoa acosadora	Superior / xefe
		Sociedade/educación machista	—
		Poder	—
	Cuestións relacionadas coa sociedade	Faltas de respecto	—
		Estereotipos	—
Cousificación		—	
Seguridade	Percepción xeral	Universidade insegura	—
		Universidade segura	—
	Percepción persoal	Universidade segura	—
		Universidade insegura	—
<b>III. ACTITUDES SOBRE O ACOSO SEXUAL, ACOSO POR RAZÓN DE SEXO E AGRESIÓNS SEXUAIS</b>			
Persoais	Negativas	—	—
	Positivas	—	—
PAS	Negativas	—	—

Táboa 14b. Esquema de categorías e subcategorías da mostra do PAS entrevistado


<b>IV. ACTITUDES SOBRE O ACOSO SEXUAL, ACOSO POR RAZÓN DE SEXO E AGRESIÓNS SEXUAIS</b>			
<b>Categorías secundarias</b>	<b>Subcategorías 3.º nivel</b>	<b>Subcategorías 4.º nivel</b>	<b>Subcategorías 5.º nivel</b>
Universidade	Importancia percibida	É importante	Motivos
		Non é importante	Motivos
	Implicación percibida	Non hai implicación ou é insuficiente	Motivos
<b>V. RELATOS DE ACOSO NO CONTEXTO UNIVERSITARIO</b>			
			Verbal
		Tipoloxía	Físico
			Actitudinal
En primeira persoa	Relatos vívidos de acoso sexual	Datos do acosador/a	—
		Sentimentos	—
		Reacción	—
	Relatos vívidos de acoso por razón de sexo	Axuda recibida ou percibida	—
		Tipoloxía	—
		Datos do acosador/a	—
	Relatos vívidos de agresión sexual	Sentimentos	—
		Reacción	—
		Axuda recibida ou percibida	—
En terceira persoa	Relatos coñecidos de acoso sexual	—	—
		Tipoloxía	—
		Comunicación da información	—
	Relatos coñecidos de acoso por razón de sexo	Datos do acosador/a	—
		Tipoloxía	—
		Comunicación da información	—
Relatos vívidos de agresión sexual	Datos do acosador/a	—	
	—	—	

## VI. RESPONSA AS SITUACIÓNS DE ACOSO E ACCIÓNS PREVENTIVAS

Medidas formativas	Co colectivo PAS	Proporcionar formación	—
		Fomentar estas investigacións	—
Medidas de protección e resposta	Indefensión das vítimas	—	—
Medidas de divulgación	Protocolo Universidade Vigo	—	—


Ademais, a análise de contido permitiunos identificar as categorías de segundo, terceiro, cuarto e quinto nivel de profundidade. A continuación, na figura 11, móstrase un descritivo dos códigos e das familias de códigos.

Figura 11. Descritivos dos códigos e familias de códigos xerados na análise das entrevistas




Na figura 12 móstrase tamén a listaxe xeral das citas xeradas na análise da información.

Figura 12. Descritivos das citas xeradas na análise das entrevistas



As vistas de rede realizadas na análise de contido permiten amosar as relacións entre os códigos, así como coa familia de código ao que pertencen. Así, na figura 13 presentamos a vista de rede relativa a familia «frecuencia das situacións de acoso».

Figura 13. Vista de rede da familia: «frecuencia das situacións de acoso»



#### 5.2.5.2 Análise dos grupos de discusión

Os grupos de discusión realizados co alumnado universitario foron analizados individualmente, é dicir, tendo en conta o número de grupo e o campus. A compilación dos arquivos de traballo organizouse en tres documentos primarios nunha única unidade hermenéutica, de forma que o DP1 é o que inclúe os grupos realizados no campus de Ourense; no DP4 compiláronse os grupos do campus de Pontevedra; e no DP5 os do campus de Vigo. Este tipo de *coding* utilizado permitiu identificar nos *outputs* xerados polo programa Atlas.ti, e obter as citas para interpretar os resultados. Así, a unidade hermenéutica dos grupos de discusión devolve 3 documentos primarios, 1131 códigos, 2 memos e 10 familias de códigos (véxase a figura 14).




Figura 14. Descritivos da análise de contido dos grupos de discusión

Os argumentos e as expresións dos e das informantes foron analizadas a través dunha categorización exhaustiva de forma consensuada polas investigadoras. Así, extraéronse cinco categorías de primeira orde, que xorden das cuestións que orientaron o desenvolvemento das sesións e que constituíron os temas máis salientables nas entrevistas:

- i. Coñecementos.
- ii. Percepcións: sobre a frecuencia do acoso na universidade, as motivacións e a seguridade dos e das entrevistadas no contexto universitario.
- iii. Actitudes cara ao acoso sexual.
- iv. Relatos de acoso no contexto universitario, tanto contados en primeira persoa coma en terceira.
- v. Resposta ás situacións de acoso e accións preventivas.

Conxuntamente, a análise de contido permitiunos identificar as categorías de segundo, terceiro, cuarto e quinto nivel de profundidade. A continuación, na figura 15 móstrase un descritivo dos códigos e das familias de códigos.

Figura 15. Descritivos dos códigos e familias de códigos xerados na análise dos grupos de discusión

Nombre	Fundamento	De...	Apto	Create	Modific...	Familia
02010_Acoso calle cuando	0	2	0	Supre	14/12/2011	OTRAS SITUACIONES DE ACOSO
02010_Acoso calle cuando	0	0	0	Supre	14/12/2011	OTRAS SITUACIONES DE ACOSO
02010_Acoso calle frecuencia	0	0	0	Supre	14/12/2011	OTRAS SITUACIONES DE ACOSO
02010_Acoso calle cuando	0	1	0	Supre	14/12/2011	OTRAS SITUACIONES DE ACOSO
02010_Acoso calle periferia	0	2	0	Supre	14/12/2011	OTRAS SITUACIONES DE ACOSO
02010_Caso balada	0	2	0	Supre	14/12/2011	OTRAS SITUACIONES DE ACOSO
02010_Caso balada centralizado	0	0	0	Supre	14/12/2011	OTRAS SITUACIONES DE ACOSO
02010_Acoso frecuente	0	2	0	Supre	12/12/2011	FRECUENCIA
02010_Acoso frecuente pq	0	1	0	Supre	12/12/2011	FRECUENCIA
02010_Acoso infrecuente	0	0	0	Supre	12/12/2011	FRECUENCIA
02010_Acoso infrecuente pq	0	0	0	Supre	12/12/2011	FRECUENCIA
02010_Actitud :	0	0	0	Supre	12/12/2011	ACTITUDES
02010_Actitud : pq	0	0	0	Supre	12/12/2011	ACTITUDES
02010_Actitud: adaptación	0	1	0	Supre	12/12/2011	ACTITUDES

Seguidamente móstrase tamén a listaxe xeral dos fragmentos de información analizados, é dicir, as citas xeradas na análise da información (véxase a figura 16).

Figura 16. Descritivos das citas xeradas na análise dos grupos de discusión

Nombre	Fundamento	De...	Apto	Create	Modific...	Familia
02010_Acoso calle cuando	0	2	0	Supre	14/12/2011	OTRAS SITUACIONES DE ACOSO
02010_Acoso calle cuando	0	0	0	Supre	14/12/2011	OTRAS SITUACIONES DE ACOSO
02010_Acoso calle frecuencia	0	0	0	Supre	14/12/2011	OTRAS SITUACIONES DE ACOSO
02010_Acoso calle cuando	0	1	0	Supre	14/12/2011	OTRAS SITUACIONES DE ACOSO
02010_Acoso calle periferia	0	2	0	Supre	14/12/2011	OTRAS SITUACIONES DE ACOSO
02010_Caso balada	0	2	0	Supre	14/12/2011	OTRAS SITUACIONES DE ACOSO
02010_Caso balada centralizado	0	0	0	Supre	14/12/2011	OTRAS SITUACIONES DE ACOSO
02010_Acoso frecuente	0	2	0	Supre	12/12/2011	FRECUENCIA
02010_Acoso frecuente pq	0	1	0	Supre	12/12/2011	FRECUENCIA
02010_Acoso infrecuente	0	0	0	Supre	12/12/2011	FRECUENCIA
02010_Acoso infrecuente pq	0	0	0	Supre	12/12/2011	FRECUENCIA
02010_Actitud :	0	0	0	Supre	12/12/2011	ACTITUDES
02010_Actitud : pq	0	0	0	Supre	12/12/2011	ACTITUDES
02010_Actitud: adaptación	0	1	0	Supre	12/12/2011	ACTITUDES

A continuación, na figura 17, expoñemos unha vista de rede das relacións existentes entre os códigos da categoría «motivos».




Figura 17. Vista de rede da familia: «motivos»

Táboa 15a. Esquema de categorías e subcategorías da mostra de alumnado dos grupos de discusión

<b>1. COÑECEMENTOS SOBRE O ACOSO SEXUAL, ACOSO POR RAZÓN DE SEXO E AGRESIÓNS SEXUAIS</b>			
<b>Categorías secundarias</b>	<b>Subcategorías 3.º nivel</b>	<b>Subcategorías 4.º nivel</b>	<b>Subcategorías 5.º nivel</b>
Conceptualización dos termos	Coñecemento acoso sexual	Saben definilo Non saben definilo	— —
	Coñecemento acoso por razón de sexo	Saben definilo Non saben definilo	Xénero máis vitimizado —
	Información recibida	Medios de información	—
Formación recibida	Recibiron formación	Contexto da formación	
	Non recibiron formación	Importancia formación	Xustificación
Protocolo da Universidade de Vigo	Descoñecen o protocolo	—	—



## 2. PERCEPCIÓNS SOBRE O ACOSO SEXUAL, ACOSO POR RAZÓN DE SEXO E AGRESIÓNS SEXUAIS

		Xustificación da frecuencia	—
	Frecuente ou moi frecuente	Máis do que se pensa	—
		Tipo de acoso frecuente	—
Frecuencia	Pouco frecuente	—	Xustificación
	Depende	Titulacións	—
	Frecuencia descoñecida	—	—
		Acoso sexual cara a mulleres	—
	Tipo de acoso mais frecuente - colectivo	Ambos os tipos de acoso a ambos os colectivos	—
		Culpabilización ás mulleres	—
	Cuestións relacionadas coa vítima	Inseguridade	—
		Poder	—
		Actitudes e personalidade	—
	Cuestións relacionadas coa persoa agresora/acosadora	Idade	—
Motivacións		Ignorancia	—
		Sociedade machista	—
		Normalización	—
	Cuestións relacionadas coa sociedade	Televisión	—
		Homoxeneidade social	—
		Falta de consecuencias	—

Táboa 15b. Esquema de categorías e subcategorías da mostra de alumnado dos grupos de discusión

<b>3. PERCEPCIÓNS SOBRE O ACOSO SEXUAL, ACOSO POR RAZÓN DE SEXO E AGRESIÓNS SEXUAIS</b>			
<b>Categorías secundarias</b>	<b>Subcategorías 3.º nivel</b>	<b>Subcategorías 4.º nivel</b>	<b>Subcategorías 5.º nivel</b>
Seguridade	Percepción xeral	Universidade insegura	—
		Universidade segura	—
	Percepción persoal	Universidade segura	—
		Universidade insegura	—
<b>4. ACTITUDES SOBRE O ACOSO SEXUAL, ACOSO POR RAZÓN DE SEXO E AGRESIÓNS SEXUAIS</b>			
Persoais	Negativas	—	—
Alumnado	Cuestións relacionadas coa vítima	Culpabilización ás mulleres	—
		Inseguridade	—
	Permisivas	Normalizadas	—
		Negativas	—
Docentes	Negativas	—	—
	Positivas	—	—
Universidade	Importancia percibida	É importante	Motivos
		Non é importante	Motivos
	Implicación percibida	Non hai implicación ou é insuficiente	Motivos
<b>5. RELATOS DE ACOSO NO CONTEXTO UNIVERSITARIO</b>			
En primeira persoa	Relatos vividos de acoso sexual	Tipoloxía	—
		Datos do acosador/a	—
		Sentimentos	—
		Reaccións	—
	Relatos vividos de acoso por razón de sexo	Tipoloxía	—
		Datos do acosador/a	—
		Sentimentos	—
		Reaccións	—

Táboa 15c. Esquema de categorías e subcategorías da mostra de alumnado dos grupos de discusión

<b>6. RESPONSA ÁS SITUACIÓNS DE ACOSO E ACCIÓNS PREVENTIVAS</b>			
<b>Categorías secundarias</b>	<b>Subcategorías 3.º nivel</b>	<b>Subcategorías 4.º nivel</b>	<b>Subcategorías 5.º nivel</b>
Medidas formativas	Información e charlas	—	—
	Educación infancia	—	—
	Departamento de axuda	—	—
	Folletos	—	—
	Sistema de queixas	—	—
	Investigación	—	—
Medidas institucionais	Consecuencias: persoas acosadoras/agresoras	—	—
	Publicitar o protocolo	—	—
<b>7. RELATOS DE ACOSO NO CONTEXTO UNIVERSITARIO</b>			
En terceira persoa	Relatos coñecidos de acoso sexual	Tipoloxía	—
		Datos do acosador	—
	Relatos coñecidos de acoso por razón de sexo	Tipoloxía	—
		Datos do acosador	—
		Sentimentos	—
		Reaccións	—
	Relatos coñecidos de agresión sexual	Tipoloxía	—
		Datos do acosador	—
		Sentimentos	—





**RESULTADOS**



## 6.1. RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN CUANTITATIVA

### 6.1.1. ESTUDANTES

#### 6.1.1.1 Perfil sociodemográfico do alumnado

Neste estudo cuantitativo participaron un total de 1106 estudantes pertencentes aos tres campus da Universidade de Vigo. Tal e como sinalamos no apartado de metodoloxía, un 61,2 % son alumnas e un 38,8 % son alumnos cunha media de idade de 22,34 (DT = 4,06). De forma maioritaria son de nacionalidade española (un 97,2 %) e un 2,8 % estranxeiros, maioritariamente procedentes de América Latina (véxase a táboa 16).

En canto á orientación sexual na que se adscribe o alumnado podemos destacar que o 77,5 % se definiu como totalmente heterosexual, un 16,4 % como maioritariamente heterosexual, un 3,9 % como bisexual e un 2,2 % definiuse como maioritariamente ou totalmente homosexual ou lesbiana. Se analizamos as diferenzas en función do xénero, atopamos que un 93,2 % das alumnas e un 95,1 % dos alumnos adscribíense á orientación heterosexual, un 5 % das alumnas e un 2,1 % dos alumnos defínense como bisexuais, e un 1,7 % das alumnas e un 2,8 % dos alumnos defínense como homosexuais ou lesbianas ( $\text{Chi}^2_{(4)} = 23,33$ ;  $p = ,001$ ).

Táboa 16. Perfil sociodemográfico do alumnado en función do xénero e da súa orientación sexual

	TOTAL	XÉNERO	
	(n=1.106)	Alumnas (n=672)	Alumnos (n=426)
<b>Xénero</b>			
Alumnas		61,2 %	
Alumnos			38,8%
<b>Idade</b>	22,34 <sup>1</sup>	22,21 <sup>1</sup>	22,56 <sup>1</sup>
<b>Nacionalidade</b>	(4,06) <sup>2</sup>	(3,96) <sup>2</sup>	(4,22) <sup>2</sup>
Española	97,2%	97,0%	97,4%
Estranxeira	2,8%	3%	2,6%
			$\text{Chi}^2 = 13,05$ ; $p = ,598$

**Orientación sexual na cal se adscribe**

Totalmente heterosexual	77,5 %	73,4 %	84 %
Maioritariamente heterosexual	16,4 %	19,8 %	11,1 %
Bisexual	3,9 %	5,1 %	2,1 %
Maioritariamente homosexual	1,1 %	0,7 %	1,6 %
Totalmente homosexual	1,1 %	1,0 %	1,2 %

Chi<sup>2</sup> = 23,33; p = ,001Nota: <sup>1</sup> media; <sup>2</sup> desviación típica

Outra das cuestións analizadas é a relativa á vida afectivo-sexual. O 52,5 % do estudantado mantén na actualidade unha relación de parella, o 78,1 % levaba máis de seis meses, e a idade media da súa parella é de 23,74 (véxase a táboa 17). Se analizamos as diferenzas en función do xénero, cabe destacar que son as mozas as que afirman ter parella nunha porcentaxe maior (un 56,6 %), e tamén son as que manteñen relacións máis duradeiras (81,7 %). Ademais, as súas parellas son de maior idade ca as dos seus compañeiros (véxase a táboa 17).

Táboa 17. Cuestións relativas á parella afectiva do alumnado

	TOTAL		XÉNERO	
	(n=1.106)		Alumnas (n=672)	Alumnos (n=426)
<b>Parella actual</b>				
Si	52,5 %		56,6 %	46,0 %
Non	47,5 %		43,4 %	54,0 %
				Chi <sup>2</sup> = 11,64; p = ,001
<b>Idade da parella</b>	23,74		24,49	22,28
				t = 5,20; p = ,001
<b>Relación de parella máis de seis meses</b>				
Si	78,1 %		81,7 %	72,4 %
Non	21,9 %		18,3 %	27,6 %
				Chi <sup>2</sup> = 13,02; p = ,001
<b>Núm. de relacións</b>	1,78		1,81	1,72
				t = 1,08; p = ,277



### 6.1.1.2. Os trazos estereotipados polo xénero e o nivel de sexismo ambivalente

O alumnado reproduce os estereotipos de xénero no tocante aos seus trazos de personalidade de xeito que atopamos que as alumnas se adscriben aos trazos expresivos ( $t = 5,38$ ;  $p < ,001$ ) mentres que os alumnos se definen con características instrumentais ( $t = -5,37$ ;  $p < ,001$ ), (véxase a táboa 18).

En canto o nivel de sexismo ambivalente cara ás mulleres, podemos sinalar que son os alumnos os que teñen un maior nivel de sexismo tanto hostil ( $t = -13,2$ ;  $p < ,001$ ) coma sexismo benevolente ( $t = -6,94$ ;  $p < ,001$ ), (véxase a táboa 18).

Táboa 18. Diferenzas de medias dos trazos estereotipados polo xénero e do sexismo ambivalente en función do xénero

	M (DT)		T-STUDENT	P
	Alumnas (n=672)	Alumnos (n=426)		
<b>Trazos estereotipados polo xénero (BSRI)</b>				
Expresividade	5,69 (,78)	5,42 (,82)	5,38	,001
Instrumentalidade	4,22 (1,05)	4,57 (1,04)	-5,37	,001
<b>Sexismo ambivalente (ASI)</b>				
Sexismo hostil	1,72 (,82)	2,54 (1,18)	-13,2	,001
Sexismo benevolente	1,76 (,86)	2,17 (1,02)	-6,94	,001

### 6.1.1.3. Percepción de risco do acoso sexual, o acoso en función do sexo e da agresión sexual

#### *Percepción de risco do acoso sexual*

Analizando a percepción de risco do *acoso sexual* na universidade e a que colectivo afecta máis (mulleres, homes ou o colectivo LGTBI-Q) (véxase a táboa 19), o alumnado considera que a poboación máis vulnerable é o colectivo LGTBI-Q (37,6 %), seguido das mulleres (26,1 %), e son os homes o grupo percibido como menos vulnerable de sufrir acoso sexual (nada probable, un 54,3 %).

En relación co acoso sexual sufrido polas mulleres, un 21,7 % dos alumnos fronte ao 28,9 % das alumnas considera que non é bastante probable ou moi probable que se atopen nesta

situación, mentres que un 64,7 % das alumnas e un 58,7 % dos alumnos consideran que é unha situación algo probable para as mulleres no ámbito universitario.

Existe certo consenso entre alumnas (un 52,9 %) e alumnos (un 56,9 %) en relación coa percepción fronte ao acoso sexual que poden sufrir os homes, cando afirman que non é nada probable que se atopen nesa situación.

En relación coa percepción de acoso sexual que poden sufrir as persoas LGTBI-Q, podemos subliñar que as alumnas mostran unha maior percepción de risco deste colectivo (45,1 %) fronte aos seus compañeiros (22,4 %) que consideran que é bastante ou moi probable que sufran acoso sexual. Tamén podemos destacar que, de forma xeral, as alumnas consideran o colectivo LGTBI-Q de maior risco para sufrir acoso sexual (un 45,1 %) ca elas mesmas (28,9 %) (véxase a táboa 19).

Táboa 19. Percepción de risco do acoso sexual en función do xénero

	TOTAL	XÉNERO	
		Alumnas	Alumnos
<b>As mulleres sofren acoso sexual</b>			
Nada probable	11,5 %	6,4 %	19,6 %
Algo probable	62,4 %	64,7 %	58,7 %
Bastante probable	22,3 %	24,4 %	18,9 %
Moi probable	3,8 %	4,5 %	2,8 %
			Chi <sup>2</sup> = 45,70; p = ,001
<b>Os homes sofren acoso sexual</b>			
Nada probable	54,3 %	52,9 %	56,9 %
Algo probable	44,0 %	45,3 %	41,9 %
Bastante probable	1,3 %	1,6 %	0,9 %
Moi probable	0,4 %	0,2 %	0,3 %
			Chi <sup>2</sup> = 2,57; p = ,462
<b>Os grupos LGTBI-Q sofren acoso sexual</b>			
Nada probable	9,2 %	6,0 %	18,2 %
Algo probable	53,2 %	48,9 %	59,4 %
Bastante probable	28,3 %	33,4 %	20,3 %
Moi probable	9,3 %	11,7 %	2,1 %
			Chi <sup>2</sup> = 52,93; p = ,001

*Percepción de risco do acoso por razón de sexo*

En canto á percepción de risco do *acoso por razón de sexo* na universidade (véxase a táboa 20), novamente o alumnado considera que a poboación máis vulnerable é o colectivo LGTBI-Q (37,8 %), seguido das mulleres (31,1 %), e son os homes o grupo menos vulnerable para sufrir acoso por razón de sexo (nada probable, un 58,1 %).

Se analizamos a percepción do acoso por razón de sexo para cada colectivo en función do xénero, podemos destacar que existen diferentes niveis de percepción de risco entre alumnos e alumnas, e eles son os que presentan os niveis máis baixos en todos os colectivos (véxase a táboa 20). Cómpre destacar que as alumnas seguen percibindo un maior risco de sufrir acoso por razón de sexo ás persoas LGTBI-Q (un 39,1 %) ca ás propias mulleres (35,4 %).

Táboa 20. Percepción de risco sobre o acoso por razón de sexo en función do xénero

	TOTAL	XÉNERO	
		Alumnas	Alumnos
<b>As mulleres sofren acoso por razón de sexo</b>			
Nada probable	15,0 %	9,3 %	24,0 %
Algo probable	53,9 %	55,3 %	51,8 %
Bastante probable	24,3 %	27,4 %	19,3 %
Moi probable	6,8 %	8,0 %	4,9 %
			Chi <sup>2</sup> = 49,23; p = ,001
<b>Os homes sofren acoso por razón de sexo</b>			
Nada probable	58,1 %	56,4 %	61,4 %
Algo probable	38,7 %	39,7 %	37,2 %
Bastante probable	2,6 %	3,4 %	1,2 %
Moi probable	0,6 %	0,5 %	0,2 %
			Chi <sup>2</sup> = 7,06; p = ,070
<b>Os grupos LGTBI-Q sofren acoso por razón de sexo</b>			
Nada probable	10,4 %	11,8 %	15,5 %
Algo probable	51,8 %	49,1 %	58,0 %
Bastante probable	28,2 %	31,8 %	24,2 %
Moi probable	9,6 %	7,3 %	2,3 %
			Chi <sup>2</sup> = 37,64; p = ,001

*Percepción de risco de sufrir unha agresión sexual*

Analizando a percepción de risco de sufrir unha *agresión sexual* na universidade e a que colectivo afecta máis (a mulleres, a homes ou ao colectivo LGTBI-Q) (véxase a táboa 21), de forma xeral, o alumnado considera que é nada ou moi pouco probable que se produza esta situación no ámbito universitario, especialmente nos homes (99,2 %), seguido das mulleres (90,7 %) e das persoas LGTBI-Q (85,9 %).

Se analizamos a percepción de sufrir unha *agresión sexual* na universidade para cada colectivo en función do xénero, un 47,1 % dos alumnos considera improbable que as mulleres sufran unha agresión sexual mentres que un 10,8 % das alumnas considera bastante ou moi probable que a poidan sufrir. Case un 80 % dos alumnos e un 71,8 % das alumnas considera nada probable que un home sufra unha agresión sexual na universidade. En relación coas persoas LGTBI-Q, as alumnas consideran bastante e moi probable que poidan sufrir unha agresión sexual (17,7 %) fronte aos seus compañeiros (8,3 %) (véxase a táboa 21).

Táboa 21. Percepción de risco da agresión sexual en función do xénero

	TOTAL	XÉNERO	
		Alumnas	Alumnos
<b>As mulleres sofren acoso por razón de sexo</b>			
Nada probable	15,0 %	9,3 %	24,0 %
Algo probable	53,9 %	55,3 %	51,8 %
Bastante probable	24,3 %	27,4 %	19,3 %
Moi probable	6,8 %	8,0 %	4,9 %
			Chi <sup>2</sup> = 49,23; p = ,001
<b>Os homes sofren acoso por razón de sexo</b>			
Nada probable	58,1 %	56,4 %	61,4 %
Algo probable	38,7 %	39,7 %	37,2 %
Bastante probable	2,6 %	3,4 %	1,2 %
Moi probable	0,6 %	0,5 %	0,2 %
			Chi <sup>2</sup> = 7,06; p = ,070
<b>Os grupos LGTBI-Q sofren acoso por razón de sexo</b>			
Nada probable	10,4 %	11,8 %	15,5 %
Algo probable	51,8 %	49,1 %	58,0 %
Bastante probable	28,2 %	31,8 %	24,2 %
Moi probable	9,6 %	7,3 %	2,3 %
			Chi <sup>2</sup> = 37,64; p = ,001

#### 6.1.1.4. Actitudes cara ao acoso sexual

Ao analizar as actitudes cara ao acoso sexual das e dos estudantes encontramos que, de forma xeral, son os alumnos os que mostran unha maior tolerancia cara ao acoso sexual que sofren as mulleres e ao mesmo tempo están en maior medida en desacordo coas causas feministas ( $t = -11,8$ ;  $p > ,001$ ) (véxase a táboa 22).

Para afondar no estudo das actitudes cara ao acoso sexual dos e das estudantes analízanse as diferenzas de medias de cada un dos 19 enunciados da escala SHAS (Mazer e Percival, 1989) (véxase a táboa 22). Tal e como era de esperar, os alumnos están máis de acordo con enunciados como que «unha muller atractiva debe esperar recibir insinuacións sexuais e aprender a manexalas» ( $t = -7,06$ ;  $p > ,001$ ); que «moitas das mulleres con quen a maioría dos homes se relacionan, coquetean de forma sexual con eles» ( $t = -5,70$ ;  $p > ,001$ ); que «tamén a maioría das mulleres que reciben insultos sexuais de homes os provocan a través da súa forma de falar, actuar ou vestir» ( $t = 2,70$ ;  $p > ,007$ ); que «unha muller que usa a súa sexualidade para promoverse na súa vida académica ou profesional é algo natural» ( $t = -7,51$ ;  $p > ,001$ ); ou que «un home se insinúe sexualmente a unha muller que lle resulta atractiva é algo natural» ( $t = -7,81$ ;  $p > ,001$ ), entre as máis salientables.

Táboa 22. Diferenzas de medias das actitudes cara ao acoso sexual en función do xénero

	M (DT)		T-STUDENT	P
	Alumnas	Alumnos		
<b>Escala de actitudes cara ao acoso sexual (SHAS)</b>	1,77 (,45)	2,16 (,54)	-11,8	,001
Unha muller atractiva debe esperar recibir insinuacións sexuais e aprender a manexalas	1,30 (,74)	1,66 (1,04)	-7,06	,001
Moitas das mulleres con quen a maioría dos homes interactúan tanto dentro coma fóra das aulas ou do laboratorio coquetean de forma sexual con eles	1,63 (,88)	1,96 (,97)	-5,70	,001
A maioría das mulleres que reciben insultos sexuais de homes provócanos a través da súa forma de falar, actuar ou vestir	1,40 (,86)	1,55 (,91)	-2,70	,007

Os homes teñen que aprender que cando unha muller lles di «non» ás súas insinuacións sexuais, realmente significa «non»	1,20 (.72)	1,60 (1,1)	-6,38	,001
Que unha muller use a súa sexualidade para promoverse na súa vida académica ou profesional é algo natural	1,32 (.76)	1,75 (1,0)	-7,51	,001
Un home atractivo debe esperar insinuacións sexuais, e debe aprender a manexalas	1,35 (.79)	1,82 (1,0)	-8,19	,001
Creo que o acoso sexual é un grave problema social	1,22 (.75)	1,51 (.97)	5,32	,001
Que un home se insinúe sexualmente a unha muller que lle resulta atractiva é algo natural	2,20 (1,1)	2,77 (1,2)	-7,81	,001
Os coqueteos inocentes fan que a xornada académica sexa interesante	1,93 (1,0)	2,50 (1,18)	-8,33	,001
As mulleres fomentan o interese sexual dun profesor con frecuencia para conseguir mellores notas	1,33 (.73)	1,94 (1,0)	-11,25	,001
Un dos problemas co acoso sexual é que hai mulleres que non saben aguantar unha broma	1,28 (.69)	1,93 (1,1)	-11,83	,001
A idea de que o que fai un profesor na aula puidese interpretarse como acoso sexual é levar a idea do acoso sexual demasiado lonxe	1,83 (1,0)	2,22 (1,1)	-5,85	,001
Moitas denuncias do acoso sexual son frívolas	1,75 (.91)	2,27 (1,0)	-8,59	,001
Moito do que chaman acoso sexual é o simple coqueteo entre homes e mulleres	1,68 (.86)	2,20 (1,0)	-9,13	,001
A agresión sexual e o acoso sexual son dous conceptos totalmente distintos	2,93 (1,3)	3,16 (1,2)	-2,87	,004
O acoso sexual refírese ás situacións de atención sexual non desexada	2,43 (1,2)	2,55 (1,1)	-1,59	,111

O acoso sexual ten pouco que ver co poder	2,06 (1,1)	2,31 (1,1)	-3,69	,001
O sexismo e o acoso sexual son dous conceptos totalmente distintos	2,94 (1,2)	3,14 (1,1)	-2,69	,007
Toda esta preocupación co acoso sexual fai que sexa difícil para os homes e as mulleres manter relacións normais	1,98 (1,1)	2,50 (1,1)	-7,23	,001

### 6.1.1.5. Comportamentos sexuais e comportamentos en función do sexo non desexados

#### 6.1.1.5.1. Víctimas de acoso sexual, por razón de sexo e agresión sexual na universidade

##### *Víctimas de acoso sexual*

En relación coa identificación do alumnado que foi vítima de acoso sexual encontramos que 35 estudantes manifestaron sufrir situacións de acoso sexual nesta universidade (30 son alumnas e 5 son alumnos) (véxase a táboa 23). As alumnas sinalaron 19 compañeiros de facultade, 7 profesores-investigadores, 1 traballador do PAS, e 2 persoas vinculadas indirectamente coa universidade como agresores do acoso sexual. En canto aos agresores/as dos alumnos, estes sinalaron 2 compañeiros da facultade, 1 compañeira e 1 profesora-investigadora como os responsables das agresións. Un alumno e unha alumna non identificaron a persoa agresora do acoso sexual.

Táboa 23. Víctimas de acoso sexual

	TOTAL	XÉNERO	
		Alumnas	Alumnos
<b>Sufriches acoso sexual?</b>			
Si	3,2 % (n = 35)	4,5 % (n = 30)	1,2% (n = 5)
Non	96,8 % (n = 1061)	95,5 % (n = 641)	98,8 % (n = 420)
Chi <sup>2</sup> = 9,13; p = ,003			
<b>Por parte de quen?</b>			
Alumno	63,6 %	65,5 % (n = 19)	50% (n = 2)
Alumna	3,0%	0,0%	25% (n=1)

Profesor/investigador	21,3%	24,2% (n=7)	0,0%
Profesora/investigadora	3,0%	0,0%	25% (n=1)
Traballador (PAS)	3,0%	3,4% (n=1)	0,0%
Traballadora (PAS)	0,0%	0,0%	0,0%
Outros	6,1%	6,9% (n = 2)	0,0%

Chi<sup>2</sup>= 16,01; p = ,007

*Vítimas de acoso en función do sexo*

Outra das cuestións avaliadas foron as experiencias de acoso por razón de sexo sufridas na universidade. Revelaron ser vítimas de acoso por razón de sexo 39 estudantes: 37 son alumnas e 2 son alumnos. En relación coa identificación do agresor/a, as alumnas sinalaron como agresores 24 compañeiros (66,2 %), 11 profesores (31,1 %) e 1 compañeira (2,7 %). Unha alumna non identificou a persoa agresora. Os alumnos sinalaron como agresor 1 compañeiro e 1 profesora (véxase a táboa 24).

Táboa 24. Vítimas de acoso sexual por razón de sexo

	TOTAL	XÉNERO	
		Alumnas	Alumnos
<b>Sufriches acoso por razón de sexo?</b>			
Si	3,6 % (n = 39)	5,5% (n = 37)	0,5% (n = 2)
Non	96,4 % (n = 1056)	94,5 % (n = 633)	99,5 % (n = 423)
Chi <sup>2</sup> = 19,32; p = ,001			
<b>Por parte de quen?</b>			
Alumno	65,3 %	66,2 % (n = 24)	50% (n = 1)
Alumna	2,6%	2,7% (n = 1)	0,0% (n=1)
Profesor/investigador	29,5%	31,1% (n=11)	0,0%



Profesora/investigadora	2,6%	0,0%	50% (n=1)
Traballador (PAS)	0,0%	0,0%	0,0%
Traballadora (PAS)	0,0%	0,0%	0,0%

Chi<sup>2</sup>= 19,26; p = ,001

### *Vítimas de agresión sexual*

Finalmente, preguntábaselles se sufriron algunha agresión sexual por parte dalgunha persoa pertencente á comunidade universitaria (véxase a táboa 25). Unha alumna sinalou ser vítima dunha agresión sexual por parte dun compañeiro da facultade.

Táboa 25. Vítimas de agresión sexual

	TOTAL	XÉNERO	
		Alumnas	Alumnos
<b>Sufriches agresión sexual?</b>			
Si	0,1 % (n = 1)	0,1% (n = 1)	0,0% (n = 0)
Non	99,9% (n = 1094)	99,9% (n = 669)	99,9% (n = 425)
Chi <sup>2</sup> = 0,63; p = ,426			
<b>Por parte de quen?</b>			
Alumno	100,0 %	100,0 % (n = 1)	0,0%

### 6.1.1.5.2. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade

A escala de experiencias sexuais (SEQ) permitiunos avaliar a frecuencia de situacións de índole sexual (non desexadas e ofensivas), ás que as persoas estiveron expostas na universidade. Estas situacións organízanse en tres grupos: acoso de xénero, atención sexual non desexada e coacción sexual. A continuación preséntanse as análises de cada unha destas situacións no colectivo de estudantes.

*Acoso de xénero*

As medias acadadas polo alumnado na situación de acoso de xénero son as máis altas das subescalas do SEQ sen que se identifiquen diferenzas significativas en función do xénero, (véxase a táboa 26). As análises dos ítems da escala confirman a existencia de diferenzas significativas en función do xénero. As alumnas sosteñen en maior medida que os seus compañeiros que «na universidade as trataron de forma «diferente» debido ao seu xénero» ( $t = 5,67$ ;  $p < ,001$ ) e tamén que «fixeron comentarios sexistas diante delas» ( $t = 2,11$ ;  $p < ,05$ ) (véxase a táboa 26).


Táboa 26. Diferenzas de media do acoso de xénero (SEQ) en función do xénero

SEQ	M (DT)		T-STUDENT	P
	Alumnas	Alumnos		
<b>Acoso de xénero</b>	1,72 (,69)	1,69 (,56)	700	481
Adoitaba contar historias con contido sexual ou chistes ofensivos?	2,78 (1,3)	2,90 (1,1)	-1,59	112
Intentou, sen que ti quixeses, falar de temas persoais ou sexuais (p. ex., intentou falar ou facer comentarios sobre a túa vida sexual?)	1,59 (,98)	1,66 (1,0)	-1,05	291
Fíxoche comentarios groseiros e ofensivos, ben en público (p. ex., na clase, no despacho, no laboratorio etc.), ben en privado?	1,41 (,82)	1,50 (,92)	-1,84	065
Tratoute de forma «diferente» debido ao teu xénero (p. ex., maltratoute, deprecioute ou ignoroute)?	1,42 (,85)	1,15 (,57)	5,67	001
Mostrou, utilizou ou distribuíu material con contido sexual ou sexista (p. ex., fotos, historias ou pornografía)?	1,32 (,75)	1,38 (,99)	-4,97	111

Fixo comentarios sexistas con frecuencia (p. ex., suxerindo que as mulleres son demasiado emotivas para ser científicas ou que os homes non deben ser o coidador principal das nenas/os por non tervocación de coidador?)	2,11 (1,1)	1,97 (1,1)	2,11	045
«Menosprezoute» ou mostrou unha actitude paternalista debido ao teu xénero?	1,45 (,86)	1,11 (,47)	7,29	111

Se analizamos a frecuencia en función do xénero das veces que o alumnado se atopou durante a súa experiencia na universidade nunha situación na que «sentiu que a/o trataron de forma diferente debido ao seu xénero, é dicir, que se sentiu maltratada/o, desprezada/o e ignorada/o», atopamos que un 8,1 % (n = 54) das alumnas experimentan esta situación ás veces e un 3,5 % (n = 30) bastantes veces fronte aos seus compañeiros que a viviron entre un 2,6 % (n = 11) e un 1,9 % (n = 8), respectivamente (véxase a figura 18).


Figura 18. Frecuencia en función do xénero de «Tratoute de forma diferente debido ao teu xénero»



\* $\text{Chi}^2_{(4)} = 42,59; p = ,001$

Un 50,8 % (n = 215) dos alumnos e o 41,4 % (n = 278) das alumnas afirman que na universidade «nunca se fixeron comentarios sexistas». No obstante, un 11,5 % (n = 17) das alumnas e un 8,5 % (n = 36) dos alumnos recoñecen que presenciaron comentarios sexistas suxerindo, por exemplo, que «as mulleres son demasiado emotivas para ser científicas» ou ben «que os homes non deben ser os coidadores principais dos seus fillos/as» (véxase a figura 19).

Figura 19. Frecuencia en función do xénero de «Fixo comentarios sexistas con frecuencia»



\* $\chi^2 = 20,65$ ;  $p = ,001$

### *Atención sexual non desexada*


En relación coas medias acadadas polo alumnado ao analizar as situacións de atención sexual non desexada na universidade (subescala do SEQ), atopamos que son as alumnas as que máis sofren esta situación ( $t = 3,30$ ;  $p < ,001$ ), (véxase a táboa 27). Se analizamos as diferenzas de medias en función do xénero de cada un dos enunciados desta subescala, atopamos que as maiores puntuacións son acadadas polas alumnas en situacións como que «lles prestaron unha atención non desexada» ( $t = 4,44$ ;  $p < ,001$ ), en que «empeñouse en pedirllas citas, tomar algo, cear etc., aínda despois de que dixesen que non» ( $t = 3,11$ ;  $p < ,01$ ), e en que «tocounas dunha forma que as incomodou» ( $t = 2,27$ ;  $p < ,05$ ).

Táboa 27a. Diferenzas de media da atención sexual non desexada (SEQ) en función do xénero

SEQ	M (DT)		T-STUDENT	P
	Alumnas	Alumnos		
<b>Atención sexual non desexada</b>	1,29 (1,18)	1,18 (,44)	3,30	,001
Prestouche unha atención non desexada?	1,51 (,86)	1,27 (,69)	4,44	,001
Intentou establecer unha relación sentimental contigo, a pesar dos teus esforzos por disuadir esta persoa?	1,23 (,66)	1,21 (,57)	,926	,355
Empeñouse en pedirche citas, tomar algo, cear etc., aínda despois de que dixeses que «non»?	1,33 (,79)	1,18 (,61)	3,11	,002
Tocoute (p. ex., púxoche a man encima do teu brazo descuberto, abrazoute polo ombreiro etc.) dunha forma que te incomodou?	1,24 (,65)	1,15 (,53)	2,27	,023
Intentou acariciarte ou tocarte de forma non desexada (p. ex., acariciándoches a perna ou o pescozo etc.)?	1,16 (,56)	1,12 (,47)	1,16	,244

Se analizamos a frecuencia en función do xénero das veces que o alumnado se atopou durante a súa experiencia universitaria na situación de que «se empeñaron en pedirles citas a pesar de dicirlles claramente que non» (véxase a figura 20), encontramos que un 8,6 % (n = 58) das alumnas sufriron esa situación polo menos unha vez, un 6,1 % (n = 41) ás veces e un 3,4 % (n = 23) bastante a miúdo fronte aos alumnos que o experimentaron un 5,2 % (n = 22), un 3,1 % (n = 13) e un 2,1 % (n = 9), respectivamente.


Figura 20. Frecuencia en función do xénero de «Empeñouse en pedirche citas, tomar algo, cear etc., aínda despois de que dixeses que “non”»



\*Chi<sup>2</sup><sub>(4)</sub> = 12,63; p = ,013

Ante a situación de «tocoute de forma inadecuada como por exemplo poñerche a man encima do teu brazo descuberto, abrazarte polo ombreiro etc.», un 14,5 % das alumnas e un 9,9 % dos alumnos afirman que algunha vez sufriron esta situación (véxase a figura 21). Se detallamos estas porcentaxes, podemos sinalar que un 8,7 % (n = 51) das alumnas experimentaron algunha situación deste tipo polo menos unha vez, un 4,9 % (n = 33) ás veces e un 1,9 % (n = 13) bastantes veces, fronte aos alumnos que a experimentaron un 6,4 % (n = 27), un 2,6 % (n = 11) e un 0,9 % (n = 4), respectivamente.

Figura 21. Frecuencia en función do xénero de «Tocoute dunha forma que te incomodou»



\* $\chi^2 = 8,99$ ;  $p = ,06$

### Coacción sexual

En relación coas medias acadadas polo alumnado na situación de coacción sexual (subescala do SEQ) non encontramos diferenzas significativas en función do xénero, nin tampouco analizando as diferenzas para cada enunciado (véxase a táboa 27b).

Táboa 27b. Diferenzas de media de coacción sexual (SEQ) en función do xénero


SEQ	M (DT)		T-STUDENT	P
	Alumnas	Alumnos		
<b>Coacción sexual</b>	1,03 (,17)	1,05 (,32)	-1,00	,315
Fíxote sentir que te estaba subornando de forma sutil con algún tipo de premio ou trato especial para manter relacións sexuais?	1,11 (,43)	1,19 (,48)	,214	,831

Fíxote sentir ameazada/o de forma sutil con algún tipo de represalia por non cooperar sexualmente (p. ex., referíndose a unha avaliación ou a un exame inminente etc.)?	1,15 (,33)	1,16 (,39)	-,371	,711
Intentou manter relacións sexuais non desexadas contigo, que deu como resultado que suplicaras, choraras ou loitaras fisicamente?	1,12 (,217)	1,15 (,34)	-1,67	,093
Insinuou que recibirías un trato de favor ou posibilidades máis rápidas de aprobar se cooperabas sexualmente?	1,13 (,23)	1,14 (,33)	-,784	,433
Obrigoute a responder positivamente ás invitacións sexuais ou sociais para recibir un bo trato no traballo ou nas clases?	1,11 (,13)	1,14 (,32)	-2,21	,127
Fíxote crer que te tratarían mal se non cooperabas sexualmente?	1,11 (,17)	1,14 (,32)	-1,91	,057
Tratoute mal por negarte a manter relacións sexuais?	1,14 (,31)	1,15 (,33)	-,211	,841

Ao analizar a frecuencia en función do xénero das veces en que o alumnado se atopou durante a súa experiencia na universidade nunha situación de «suborno de forma sutil con algún tipo de premio ou de trato especial coa finalidade de manter unha relación sexual» (véxase a figura 22), encontramos que un 4 % das alumnas sufriron esa situación polo menos unha vez, un 1,2 % (n = 8) ás veces e un 0,8 % (n = 6) bastante a miúdo, fronte aos alumnos que a experimentaron un 1,7 % (n = 7), un 1,2 % (n = 8) e un 1,4 % (n = 6), respectivamente.




Figura 22. Frecuencia en función do xénero de «Fíxoche sentir que te estaba subornando de forma sutil con algún tipo de premio ou trato especial para manter relacións sexuais»



\*Chi<sup>2</sup><sub>(4)</sub> = 5,47; p = ,242

Ante a situación de «tratoute mal por negarte a manter relacións sexuais» atopamos que un 2,1 % (n = 14) das alumnas sufriron esa situación polo menos unha vez, un 0,3 % (n = 2) ás veces e un 0,4 % (n = 3) bastante a miúdo, e os alumnos experimentárono un 1,9 % (n = 8), un 0,5 % (n = 2) e un 0,5 % (n = 2), respectivamente (véxase a figura 23).

Figura 23. Frecuencia en función do xénero de «Tratoute mal por negarte a manter relacións sexuais»



\*Chi<sup>2</sup> = 1,11; p = ,892

### 6.1.1.5.3. O nivel de cousificación sexual experimentado

Analízase neste apartado a frecuencia da cousificación sexual interpersonal (véxase a táboa 27c). A escala de cousificación sexual (Lozano *et al.*, 2015) avalía dúas dimensións: a cousificación do corpo e os avances sexuais explícitos non desexados. Son as alumnas as que sofren con máis frecuencia avaliacións sobre o seu corpo, por exemplo que «as miran cara a algunha parte do seu corpo sexuado cando falan con elas, ou que avalían a súa aparencia física» etc. ( $t = 18,6$ ;  $p < ,001$ ), e tamén son elas as que máis sofren comportamentos sexuais explícitos non desexados como por exemplo que «as tocan contra a súa vontade, que se sentiron acosadas sexualmente ou que as beliscaron ou agarraron algunha parte íntima do seu corpo con violencia» ( $t = 6,83$ ;  $p < ,001$ ).

Táboa 27c. Diferenzas de medias da cousificación sexual en función do xénero

	M (DT)		T-STUDENT	P
	Alumnas	Alumnos		
<b>Cousificación sexual interpersoal (ISOS)</b>				
Avaliación do corpo	2,25 (,66)	1,55 (,47)	18,6	,001
Avances sexuais explícitos non desexados	1,45 (,53)	1,24 (,39)	6,83	,001

#### 6.1.1.5.4. Acoso relativo á non conformidade de xénero vivido na universidade


As persoas que sofren, no ámbito universitario, un maior acoso por non cumprir coas normas de xénero tradicionais son principalmente os alumnos ( $t = -2,29$ ;  $p < ,05$ ). Ademais, moitos deles séntense cuestionados pola súa masculinidade ( $t = -4,18$ ;  $p < ,001$ ) (véxase a táboa 28).

Táboa 28. Diferenzas de media de acoso relativo á non conformidade de xénero en función do xénero

	M (DT)		T-STUDENT	P
	Alumnas	Alumnos		
<b>Acoso relativo á non conformidade de xénero</b>	1,28 (,64)	1,38 (,79)	-2,29	,022
Algunha vez puxo en dúbida a túa masculinidade (se es home) ou a túa feminidade (se es muller)?	1,19 (,61)	1,38 (,84)	-4,18	,001
Algunha vez tratáronte de forma negativa por non ser «o suficientemente masculino» (se es home) ou «o suficientemente feminina» (se es muller)?	1,31 (,75)	1,35 (,83)	-1,11	,316
Criticáronte algunha vez por non comportarte «como un home de verdade» (se es home) ou «como unha muller de verdade» (se es muller)?	1,38 (,79)	1,44 (,89)	-1,19	,275

Se analizamos en función do xénero a frecuencia na que o alumnado se atopou durante a súa experiencia na universidade nunha situación na que se puña en dúbida algunha vez a súa masculinidade (se é home) ou a súa feminidade (se é muller) (véxase a figura 24), encontramos que un 9,7 % (n = 41) dos alumnos sufriron esa situación polo menos unha vez, un 6,9 % (n = 29) ás veces e un 4,2 % (n = 18) bastante a miúdo, fronte ás alumnas que o experimentaron un 5,1 % (n = 34), un 3,9 % (n = 26) e un 1,9 % (n = 13), respectivamente.

Figura 24. Frecuencia en función do xénero de «Algunha vez puxo en dúbida a túa masculinidade (se es home) ou a túa feminidade (se es muller)»



\*Chi<sup>2</sup> = 20,96; p = ,001


Outra das cuestións que se avaliaron foron as experiencias de frustración heterosexista (HH) experimentadas no ambiente universitario en función do xénero. Esta escala permítenos medir o ambiente hostil heterosexista e a hostilidade heterosexista persoal sufrida. Tal e como se mostra na táboa 29, son os alumnos en comparación coas súas compañeiras os que maior hostilidade heterosexista persoal reciben (t = -4,50; p < ,001).

Táboa 29. Diferenzas de medias de acoso relativo á non conformidade de xénero en función do xénero

	M (DT)		T-STUDENT	P
	Alumnas	Alumnos		
<b>Experiencias heterosexistas (HH)</b>				
Ambiente hostil heterosexista	1,39 (,58)	1,46 (,59)	-17,9	,073
Hostilidade heterosexista persoal	1,05 (,20)	1,12 (,33)	-4,50	,001


Seguindo as indicacións de Silverschaz *et al.* (2008) para calcular o nivel de hostilidade heterosexual tívose que recodificar o formato de resposta, nunha variable dicotómica: 1 (algún tipo de experiencia de frustración heterosexista vivida) e 0 (ningunha experiencia de frustración heterosexista vivida). A análise en función do xénero da frecuencia na que o alumnado sufriu na universidade experiencias heterosexistas (véxanse as figuras 13 e 14), atopamos que un 22,9 % (n = 60) dos alumnos e un 19,7 % (n = 91) das alumnas viviron un ambiente hostil heterosexista (véxase a figura 25), e que un 6,7 % (n = 26) dos alumnos e un 1,9 % (n = 12) das alumnas sufriron hostilidade heterosexista no ámbito persoal (véxase a figura 26).

Figura 25. Frecuencia en función do xénero do ambiente hostil heterosexista



\*Chi<sup>2</sup> = 1,04; p = ,308

Figura 26. Frecuencia en función do xénero da hostilidade heterosexual persoal



\*Chi<sup>2</sup><sub>(1)</sub> = 15,40; p = ,001

## 6.1.2. PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI)

### 6.1.2.1. Perfil sociodemográfico do PDI

No estudo cuantitativo participaron un total de 185 PDI pertencentes aos tres campus da Universidade de Vigo. Un 59,8 % son profesoras-investigadoras e un 40,2 % son profesores-investigadores cunha media de idade de 45,3 (DT = 10,2). O 100 % do persoal docente e investigador son de nacionalidade española (véxase a táboa 29).

En relación coa orientación sexual na que se adscribe o PDI podemos destacar que o 84,7 % se definiu como totalmente heterosexual, un 11,5 % como maioritariamente heterosexual, un 0,5 % como bisexual e un 3,3 % definiuse como totalmente homosexual ou lesbiana. Se analizamos as diferenzas en función do xénero, atopamos que un 83,6 % das profesoras-investigadoras e un 86,3 % dos profesores-investigadores adscribíense á orientación heterosexual, e un 2,7 % das profesoras-investigadoras e un 4,1 % dos profesores-investigadores defínense como homosexuais ou lesbianas.

Táboa 29. Perfil sociodemográfico do PDI, en función do xénero e da súa orientación sexual

	TOTAL	XÉNERO	
	(n=185)	Mulleres (n=110)	Homes (n=74)
<b>Xénero</b>			
Muller		59,8 %	
Home			40,2 %

<b>Idade (media, DT)</b>	45,3 (10,26)	44,03 (10,32)	47,22 (9,91)
<b>Nacionalidade</b>			
Espanola	100 %	100 %	100 %
<b>Orientación sexual na que se adscribe</b>			
Totalmente heterosexual	84,7 %	83,6 %	86,3 %
Maioritariamente heterosexual	11,5 %	12,8 %	9,6 %
Bisexual	0,5 %	0,9 %	0,0 %
Maioritariamente homosexual	0,0 %	0,0 %	0,0 %
Totalmente homosexual	3,3 %	2,7 %	4,1 %
En relación co feito de «tocoute dunha forma que te incomodou», o 97,9 % (n = 47) dos traballadores do PAS recoñecen que nunca se atoparon nesa situación na universidade, mentres que un 10,6 % (n = 11) das traballadoras PAS sosteñen que polo menos experimentaron ese tipo de situacións unha vez e un 5,8 % (n = 6) revelan que esas situacións as sofren bastantes veces (véxase a figura 39).

Figura 39. Frecuencia en función do xénero de «Tocoute dunha forma que te incomodou»



*Coacción sexual*


En relación coas medias acadadas polo colectivo PAS na situación de coacción sexual non se obtiveron diferenzas significativas en función do xénero (véxase a táboa 56).

Táboa 56. Diferenzas de media de coacción sexual (SEQ) en función do xénero

SEQ	M (DT)		T-STUDENT	P
	Mulleres	Homes		
<b>Coacción sexual</b>	1.04 (.30)	1.00 (.00)	.953	.342
Fíxoche sentir que te estaba subornando de forma sutil con algún tipo de premio ou trato especial para manter relacións sexuais?	1.07 (.37)	1.00 (.00)	1.23	.217
Fíxoche sentir ameazado/a de forma sutil con algún tipo de represalia por non cooperar sexualmente?	1.05 (.32)	1.00 (.00)	1.02	.305
Intentou manter relacións sexuais non desexadas contigo, que deu como resultado que suplicaras, choraras ou loitaras fisicamente?	1.03 (.29)	1.00 (.00)	.678	.499
Insinuou que recibirías un trato de favor ou posibilidades máis rápidas de ascender se cooperabas sexualmente?	1.05 (.35)	1.00 (.00)	.945	.346
Obrigouche a responder positivamente ás invitacións sexuais ou sociais para recibir un bo trato no traballo ou nas clases?	1.03 (.29)	1.00 (.00)	.681	.497
Fíxoche crer que che tratarían mal se non cooperabas sexualmente?	1.03 (.29)	1.00 (.00)	.678	.499
Tratouche mal por negarte a manter relacións sexuais?	1.04 (.30)	1.00 (.00)	.860	.391

Ao analizar a frecuencia en función do xénero das veces que o PAS se atopou na universidade nunha situación de coacción sexual, na que «se puideron sentir ameazadas/os de forma sutil con algún tipo de represalia por non cooperar sexualmente» (véxase a figura 40), encontramos que un 1,9 % (n = 2) das traballadoras PAS afirmaron experimentar esa situación polo menos unha vez, e un 1 % (n = 1) a miúdo, fronte aos traballadores PAS que afirman que nunca experimentaron estes comportamentos.

Figura 40. Frecuencia en función do xénero de «Fíxote sentir ameazada/o de forma sutil con algún tipo de represalia por non cooperar sexualmente»



#### 6.1.3.5.3. O nivel de cousificación sexual experimentado

Son as traballadoras do PAS as que afirman sufrir con maior frecuencia avaliacións sobre o seu corpo sexuado ( $t = 4,15$ ;  $p < ,001$ ). Aínda que as diferenzas non son significativas en función do xénero, elas tenden a recibir comportamentos e comentarios sexuais explícitos non desexados en maior medida ca os seus compañeiros (véxase a táboa 57).

Táboa 57. Diferenzas de medias de cousificación sexual en función do xénero

	M (DT)		T-STUDENT	P
	Mulleres	Homes		
<b>Cousificación sexual interpersonal (ISOS)</b>				
Avaliación do corpo	1,72 (,61)	1,30 (,39)	4,15	,001
Avances sexuais explícitos non desexados	1,24 (,46)	1,16 (,24)	,997	,320

#### 6.1.3.5.4 Acoso relativo á non conformidade de xénero vivido na universidade


En relación co acoso relativo á non conformidade de xénero non se detectaron diferenzas significativas nas medias da subescala en función do xénero (véxase a táboa 58).

Táboa 58. Diferenzas de media de acoso relativo á non conformidade de xénero en función do xénero

	M (DT)		T-STUDENT	P
	Mulleres	Homes		
<b>Acoso á non conformidade de xénero</b>	1,10 (,32)	1,20 (,65)	-1,30	,196
Algunha vez puxo en dúbida a túa masculinidade (se es home) ou a túa feminidade (se es muller)?	1,07 (,320)	1,17 (,601)	-1,37	,172
Algunha vez tratáronte de forma negativa por non ser «o suficientemente masculino» (se es home) ou «o suficientemente feminina» (se es muller)?	1,09 (,372)	1,23 (,751)	-1,56	,119
Criticáronte algunha vez por non comportarte «como un home de verdade» (se es home) ou «como unha muller de verdade» (se es muller)?	1,15 (,498)	1,21 (,651)	-,567	,571

Ao analizar a frecuencia na que o colectivo PAS experimenta críticas por non axustarse aos trazos estereotipados polo xénero (véxase a figura 41), atopouse que un 3,8 % (n = 4) das traballadoras do PAS viviron esa situación polo menos unha vez, e un 5,8 % (n = 6) bastantes veces. En cambio, os traballadores PAS recoñecen ter experimentado ese tipo de situacións polo menos unha vez, un 2,1 % (n = 1), e un 8,4 % (n = 4) bastantes veces.

Figura 41. Frecuencia en función do xénero de «Críticaronte algunha vez por non comportarte como un home de verdade (se es home) ou como unha muller de verdade (se es muller)»




Outra das cuestións analizadas foron as experiencias de fustrigación heterosexista (HH) (o ambiente hostil heterosexista e a hostilidade heterosexista persoal sufrida) experimentadas no ámbito universitario polo PAS en función do xénero. Non se detectaron diferenzas significativas nas medias deste colectivo na subescala de ambiente hostil heterosexista nin na subescala de hostilidade heterosexista persoal (véxase a táboa 59).

Táboa 59. Diferenzas de medias de acoso relativo á non conformidade de xénero en función ao analizar o nivel de hostilidade heterosexual do colectivo do PAS en función do xénero

	M (DT)		T-STUDENT	P
	Mulleres	Homes		
<b>Experiencias heterosexistas (HH)</b>				
Ambiente hostil heterosexista	1,35 (,49)	1,48 (,58)	-1,40	,161
Hostilidade heterosexista persoal	1,01 (,09)	1,00 (,00)	1,34	,179

podemos sinalar que un 16,7 % (n = 11) das traballadoras do PAS sufriron na universidade experiencias heterosexistas e un 29,2 % (n = 7) dos traballadores do PAS recoñecen ter vivido un ambiente hostil heterosexista (véxase a figura 42).

Figura 42. Frecuencia en función do xénero do ambiente hostil heterosexista



## 6.2. RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN CUALITATIVA

Tal e como se indicou con anterioridade, a dimensión cualitativa do estudo correspóndese cunha análise combinada executada a través de entrevistas en profundidade levadas a cabo cos tres colectivos (estudiantado, PDI e PAS), e tamén coa realización de grupos de discusión realizados con alumnas e alumnos dos tres campus da Universidade de Vigo.

Neste sentido, trataranse en primeiro lugar os resultados extraídos no colectivo de alumnado –tanto respecto ás entrevistas coma aos grupos de discusión–, para despois expor as conclusións extraídas das entrevistas realizadas ao persoal docente/investigador e ao persoal de administración e servizos.

En relación cos resultados cualitativos relativos ás alumnas e alumnos participantes, explóranse, en primeiro lugar, os resultados correspondentes ás entrevistas en profundidade e, a continuación, os correspondentes aos grupos de discusión.

### 6.2.1 ESTUDANTES

#### 6.2.1.1 Resultados das entrevistas

Tal e como se amosa nas táboas 13a, 13b e 13c no apartado de metodoloxía, a análise das entrevistas realizadas con alumnas e alumnos organízase en categorías de varios niveis de

profundidade. A continuación, expóñense os resultados organizados polas categorías identificadas.

#### 6.2.1.1.1. Coñecementos de acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresión sexual

Dentro desta primeira categoría xeral, *coñecementos*, identificáronse categorías de segundo, terceiro e cuarto nivel, que ademais se analizaron en relación co xénero.

En relación coa categoría de segundo nivel, *conceptualización dos termos*, as achegas dos alumnos e alumnas divídense en tres subcategorías de terceiro nivel relativas á definición de cada un dos tipos de acoso analizados. Respecto ao *coñecemento do concepto acoso sexual*, a tendencia do discurso das alumnas e alumnos foi sinalar que coñecían o seu significado. Non obstante, as afirmacións referidas mostran que non teñen unha idea clara do que abarca o fenómeno.

Es cuando por razones de sexo pues ofrecen una opresión sobre ti, ¿no? Más o menos (A5, 1:24).

Yo si me está pasando yo sé identificarlo, pero no sé explicarlo con palabras... (A3, 1:11).

Acoso sexual supongo que es por parte de una persona hacia otra, es que es difícil de explicar (A6, 1:28).

Acoso, que implique algo sexual (A4, 1:12).

Neste sentido, son varias das persoas entrevistadas as que confunden o acoso sexual co acoso por razón de sexo.

Por el hecho de ser mujer o hombre que te traten diferente, ¿o quizás solo referido a mujeres? No sé (A2, 1:9-10).

Bueno, pues, básicamente que alguien te acose por tu... por tu sexo ¿no? (A13, 1:54).

Bueno con carácter sexual sí o por razón de sexo o... sí por razones sexuales lo asocio yo (A5, 1:78-79)

Dúas alumnas recoñecen que o acoso sexual e o acoso por razón de sexo abarcan situacións diferenciadas.

El acoso sexual, pero no sé explicarlo. Que es diferente al acoso por razón de sexo porque habitualmente es... como algún tipo de fin... (A10, 1:48-49).

Sé que no es lo mismo acoso sexual que acoso por razón de sexo, que habíamos ido al cursito este de... que había hecho una profesora (A16, 1:61).

Os aspectos que máis se identifican como parte das situacións de acoso sexual inclúen condutas de tocamientos, abusos ou actitudes insistentes, aínda que tamén o relacionan con chantaxes.

Alguna clase de tocamientos o incluso alguna frase que pueda dar a entender cosas de ese ámbito (A4, 1:13-14).

O abusos (A1, 1:7).

Pues una actitud frecuente o perseverante pues... no sé... insistiendo a otra persona sobre algo relacionado con algo sexual (A6, 1:29).

Como un chantaje o algo relacionado en ese sentido ¿no? (A10, 1:47)

O acoso sexual tamén o relacionan con violencia física e verbal.

A ver como che explico, se che están tocando, se por exemplo vas andando por unha rúa e sae alguén gritando pois «guapo» tal pois estate acosando. Eu véxoo así. Sexa violencia tanto sexa física como verbal... (A11, 1:50-51).

Tamén identifican como acoso sexual os comportamentos que impliquen invasión do teu espazo ou do teu corpo.

El acoso sexual es un tipo de acoso que va encaminado hacia comportamientos sexuales en el que una persona no da su consentimiento para que estos actos sean realizados y es obligada (A12, 1:52).

Eso, pues, que te hagan sentir incómodo en alguna situación... hasta lo más grave ya que incluso te invadan tu espacio ¿no? (A13, 1:55-56).

Yo diría que parte primero como una falta de respeto hacia otra persona mediante la cual... existe una... como una inclusión en el cuerpo de otra persona sin su consentimiento, de carácter sexual (A18, 1:64-65).

Unha das informantes achega para a definición de acoso sexual un exemplo de acoso de rúa.

Por ejemplo cuando pasas por una obra y vas bien vestida y demás y te sueltan 4 mamarrachadas. Pues no es agradable (A4, 1:1882).

Non obstante, outras das alumnas identifican o acoso sexual con comportamentos máis violentos como agresións ou forzar a outra persoa; condutas que se podían dar entre persoas do mesmo sexo pero tamén ao revés.

Cuando una persona coge parte de tu vida íntima o intenta entrometerse, por así decirlo (A14, 1:58)

Máis ou menos sí. A ver, supoño que se dá cando se obriga unha persoa a facer cousas que non quere referidas ao sexo (A15, 1:60).

Acoso sexual yo creo que es cuando una persona de un sexo se mete con otra persona de ese sexo en... forzándola (A16, 1:62).

Bueno, yo entiendo con acoso sexual cuando una persona está forzando de manera física a otra... y de una manera... realmente latente se siente que la persona forzada no, no quiere verse envuelta en esa situación. Sí, creo que eso sería (A17, 1:63).

Y no tiene por qué ser entre gente de distinto sexo, puede ser del mismo (A4, 1:15).

O alumnado entrevistado ao definir o fenómeno do acoso sexual achega datos da súa contextualización e tende a apuntar o xénero das vítimas, a frecuencia ou tamén chegan a incluír algunhas cuestións legais.

Neste caso non sei... imaxino que... referíndose a unha, un home violentando a unha muller (A7, 1:40).  
Con una frecuencia ¿no? (A7, 1:59).

La movida es que legalmente, el rollo legal implicaba superioridad o poder sobre la persona acosada. Realmente de un igual a un igual, legalmente no se consideraría acoso aunque... (A8, 1:87).



En relación co coñecemento do concepto de acoso por razón de sexo, as e os estudantes amosan ter certa idea do que abarca, relacionándoo con cuestións de xénero e de identidade sexual.

Y me imagino que después también hay las de raza, las de acoso por homofobia (A14, 1:103).

Ou ao mellor acoso a unha chica transexual polo mero feito de que sexa transexual (A15, 1:105).

Cuando hay una base de género para ejercer ese tipo de actitud (A19, 1:93).

Ese tipo de acoso relacionado con el sexo o el género ¿no? Porque no tiene que ver... (A10, 1:95).

El acoso por razón de sexo es dependiendo de tu identidad sexual, bueno, identidad sexual no, de tu sexo, digamos. Si yo soy mujer y me acosan por razón de sexo me acosan por ser mujer no porque... tenga el pelo largo ni yo me identifique como bisexual, homosexual o lo que sea, solo porque soy mujer y si soy hombre porque soy hombre (A12, 1:99).

¿Qué considero que es? Como una muestra de superioridad... no, sí una muestra de superioridad de una persona hacia otra por el simple hecho de sexo. Sí, creo, sí (A17, 1:106).

Y eso, sobre todo, se da si hay minorías y por orientación sexual también se da (A10, 1:96).

Non obstante, nunha das entrevistas obsérvase que existe certa confusión coas terminoloxías.

El acoso por razón de sexo es cuando eres homosexual o transexual... ¿o no tiene nada que ver? Es que no sé si es porque eres homosexual y te gusta alguien de tu mismo sexo, entonces te discriminan por ello o porque te has cambiado de sexo y te discriminan por ello (A1, 1:69).

O alumnado entrevistado reconece que sabe que é o acoso sexual e por razón de sexo porque é un tema do que se fala actualmente e porque o estudaron na súa traxectoria académica.

Porque son cosas del día a día (A1, 1:109).

Por lo que tengo escuchado por ahí (A5, 1:145).

Yo por lo mismo y en algún momento por temas de alguna amiga tuvimos que buscar un poco más (A7, 1:174).

Pues aparte de que lo estudiamos el año pasado, eh... sí por eso (A10, 1:190).

Por estudiar. Por estudios de la carrera y... bueno los que nos mandaron estudiar (A12, 1:202).

Ademais son varias as persoas que apuntan aos medios de comunicación como os espazos de formación sobre os diferentes tipos de acoso.

Eu sei todo polos medios de comunicación e cousas así (A8, 1:172).

Tanto de internet y medios de comunicación como de información que he recibido en la facultad (A9, 1:182-183).

Sí bueno, por los medios de comunicación (A6, 1:996).

En menor medida o alumnado entrevistado reconece que se teñen formado polo seu propio interese persoal, a través sobre todo de lecturas.

A ver porque, me intereso mucho por esas cosas porque me parece que mismo en mi casa, parece que la situación es bastante machista, en plan tú por ser mujer solamente ya tienes que limpiar, ya tienes que hacer las cosas mientras por ejemplo tu hermano está tirado en un sofá viendo la tv. Y también porque leí bastante sobre el tema porque me interesaba tener conocimientos y tal y... por eso (A12, 1:202).

Sí, sí, sí, por una curiosidad personal, sí. (A17, 1:227)

Respecto a categoría secundaria, practicamente a totalidade dos e das entrevistadas admite non ter recibido formación específica sobre o acoso sexual, acoso por razón de sexo ou agresións sexuais.

No, sobre este tema en concreto no (A6, 1:998).

De acoso sexual, yo no. Eso, acoso... (A17, 1:228).

De feito, soamente dúas alumnas entrevistadas explicaron que nalgunha conferencia na que participaron si recibiron algunha información relacionada co acoso.

No. Específicamente, no. Pero sí que se trata en algún tipo de conferencia, sobre todo eso, relacionado con el feminismo sí que se trata (A10, 1:191).

Jornadas de intersexualidad (A12, 1:203).

Recoñecen de forma unánime que este tipo de formación é importante, e que esta formación debería iniciarse na infancia para poder eliminalo.

Si. Eu creo que debería formarse e informarse máis ás persoas sobre este tema (A7, 1:177)

Sí y considero que sería importante incluso llevarlos a la adolescencia o pre- adolescencia, llevarlo a los institutos... (A13, 1:208)

Si, porque cuanto antes se detecte se puede erradicar (A14, 1:2014).

Nos seus discursos xustifican a importancia de impartir formación sobre o acoso.

A min particularmente porque é unha cousa que me encanta. E si que fai falta moito porque hai moitísima ignorancia acerca do tema (A15, 1:218).

Si, de feito eu apúntome porque gústame saber do tema porque ao fin e ao cabo tampouco sabes... (A11, 1:199).

Porque creo que hay mucha información que no sabemos (A5, 1:149).

Paralelamente, apuntan tamén que a formación é importante para superar os estereotipos tradicionais sexistas.

Sí. Ahora se conoce más... vamos evolucionando y antes por ejemplo había más miedo y ahora no. La gente que lo denunciaba y que realmente lo sufría lo veía como algo normal en cambio ahora te das cuenta de que no es normal y lo denuncias (A2, 1:114).

Porque yo creo que hay gente quizá, en mi opinión, quizá gente más mayor que no se dé cuenta que algunos tipos de actos pueden llegar a ser acoso sexual, aunque para ellos será algo «que se hizo toda la vida», pero no es... no está bien (A4, 1:125).

Información nos ayuda a ver... otro punto de vista y que la realidad no debería ser así siempre (A12, 1:204).

Da mesma forma, exprésase de forma explícita que é importante para axudar a protexer as mulleres e tamén os homes.

Sí, por supuesto. Sobre todo, para nosotras. Para la persona que lo puede llegar a sufrir y a parte por las personas que puedan hacer este tipo de acoso ¿no? Para saber lo que estamos haciendo ¿no? (A10, 1:192).

Porque creo que cualquier persona universitaria mujer, en este caso hablando de mujer, es... susceptible de acoso sexual (A18, 1:232).

Sí, porque a día de hoy es algo habitual en cualquier situación, me refiero a en cualquier ámbito, es algo que surge a diario y ya no es sólo dirigido hacia las mujeres sino que también hay un cierto número de hombres que sufren el acoso (A1, 1:1883).

En relación coa categoría secundaria, relativa ao coñecemento por parte do alumnado da existencia do *protocolo de acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo*, case a totalidade dos/as informantes descoñece a súa existencia.

No, no sabíamos que la universidad tenía un protocolo (A1, 1:115).

No, nunca habíamos oído hablar de eso (A2, 1:116).

Tan só dúas persoas admiten ter certo coñecemento sobre o protocolo, con todo, din que non se acordan ben e cuestionan a súa utilidade.

Me lo leí hace tiempo pero ya no... (A9, 1:188).

Sé que hay un protocolo de la Universidade de Vigo y creo que es bastante específico y bastante único ¿no? [...] Entonces ¿funciona? No, yo creo que no. Puede mejorarse (A10, 1:193-194).

#### 6.2.1.1.2. Percepcións do acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresión sexual

No referente a esta segunda categoría primaria, *percepcións sobre o acoso sexual*, acoso por razón de sexo e agresións sexuais, emerxen tres subcategorías de segundo nivel relativas a: i. Frecuencia percibida das situacións de acoso; ii. Motivacións para a existencia de acoso; e iii. Seguridade no ambiente universitario. Estas categorías divídense á súa vez en subcategorías de terceiro, cuarto e quinto nivel.

En primeiro lugar, no relativo á subcategoría *frecuencia das situacións de acoso no contexto universitario*, a maioría do alumnado entrevistado expresa que son situacións frecuentes e habituais no seu ambiente. De feito, nalgúns casos sinalan que son frecuentes todas as

formas de acoso independentemente da súa gravidade. Outras persoas informáronnos, aínda que expresan que o acoso é frecuente no terreo universitario, sinalan que as accións leves son as que máis ocorren.

Normalmente, casi todos los días, de comentarios o... faltas de respeto, tal, yo creo que todos los días (A12, 1:318).

A diario (A1, 1:244).

Aquí ya te digo que casi todos los días, bien comentarios, bien chistes, bien miraditas, gestos... aquí casi todos los días. No sé si en otras facultades, pero aquí ya te digo que casi todos los días (A3, 1:250).

Mi opinión es que para algunos profesores es habitual esto (A5, 1:273).

Yo creo que igual bastante a menudo (A6, 1:285).

Eu creo que si, que se dan pero creo que se ocultan bastante (A11, 1:313).

Neste sentido un par de participantes apuntan que dende a súa percepción as expresións de acoso máis frecuentes seguramente son as menos leves.

Por ejemplo, acoso sexual creo que se divide en leve, moderado y grave ¿no? Pues sí, por ejemplo los comentarios y cosas así creo que se califican en leves. Que para mí no lo son y no deberían ser catalogados como leves. Por ejemplo, agresión sexual, no te digo que no la haya, seguramente la haya habido o la hayan sufrido... [...] Yo creo que se da bastante (A10, 1:309-310).

Yo creo que deben ser muy frecuentes. Aunque sean... cositas muy leves pero que están ahí. Sí yo diría que continuamente (A17, 1:334).

De xeito explícito, dúas das entrevistadas expresan que o acoso na universidade é máis frecuente do que se pensa, e que está normalizado.

Y es más habitual de lo que te imaginas aquí, en la universidad sí. Pero realmente en todos los lados (A1, 1:742).

Es como que hay un velo que lo normaliza. Porque además llegamos a casa y lo comentamos: a mí me ha pasado esto. Yo pienso sobre todo en comportamientos de... Cuando tú tienes un compañero no trata igual a ella, o a ti o a la otra por, porque a veces se toman la licencia de hacer cosas con ciertas compañeras (A18, 1:1307).

Nesta dirección o alumnado expresa que moitas das situacións de acoso sexual en realidade considéranse bromas, porque é o habitual, ou tamén por descoñecemento.

Es habitual en nuestro ámbito. La gente que lo hace no lo hace con la intención de ofender, y se lo dices y te dice: es una coña (A2, 1:827).

Porque es lo que vemos (A1, 1:251).

Los comentarios van hacia las chicas y los hombres siempre son los mejores, ellos nunca tienen problemas. Alguna vez tienen comentado algo sobre lesbianas, gays y demás. Algunos chistes o cosas así. Cualquiera tontería vamos (A3, 1:253).

Eu creo que un pouco de acoso todo o mundo recibe. Porque se falamos de acoso tamén estamos falando verbal e se che... se che están xulgando por algo que ti fas xa están xa te están acosando. O que pasa é que eu creo que hai xente que non ve o acoso verbal, solo ve o físico (A11, 1:314).

Dentro das xustificacións que aluden para afirmar que o acoso é frecuente destacan que o acoso é un problema da sociedade que tamén afecta á universidade.

Porque es lo de siempre, igual que en la universidad en toda la sociedad así, entonces... ¿Por que en la universidad no? Supongo que sí (A6, 1:286).

Contrariamente a estas ideas, tamén hai quen considera as situacións de acoso como pouco frecuentes na universidade.

Yo creo que hay x personas que a lo mejor tal pero no siempre se dan. No es lo frecuente. Me refiero que a lo mejor hay algunos profesores que se dan con ellos y a lo mejor todos los años pero no creo que sea lo frecuente en todos los profesores (A14, 1:323-324).

As e os estudantes entrevistadas/os tamén aluden á necesidade de ter en conta o tipo de acoso, indican que as agresións sexuais son as menos frecuentes e tamén aluden que depende de se sabes identificar as situacións abusivas ou non. Pero para identificar as situacións de acoso é necesario ter formación con perspectiva de xénero.

Eu creo que as agresións, por exemplo, eu non coñezo ningún caso. E se as hai son moi infrecuentes. O acoso sexual, non coñezo ningún caso e tamén diría que non é moi frecuente. O que si é máis frecuente é o que pode considerarse agresión pero que... non coa finalidade, pode ter o resultado de acabar ofendendo a alguén (A7, 1:301).

Acoso por razón de sexo menor o acoso sexual, a veces. Agresiones y casos extremos, pocas veces (A8, 1:302).

Depende de la clase, depende de... mismo la reflexión de esa clase sobre la propia violencia, desde mi punto de vista ¿no? Estamos dentro de un sistema que cuando vas trabajando algo, a pesar de que está influenciado, a pesar de que hay otra carga ideológica tú contrastas o ese es el objetivo. Entonces vas viendo. Lo de las gafas violetas, en cuanto te las pones no te las sacas. Y eso, claro, cuando empiezas no... pero luego vas aprendiendo cosas y sí que... poco a poco (A9, 1:307).

En lo que yo viví, agresión sexual creo que si se da es muy poco frecuente, por lo menos aquí en la Universidad de Vigo. Acoso por razón de sexo yo creo que sí que se da pero en situaciones... con profesores o en situaciones muy marcadas, no siempre. [...] Acoso sexual... esa también poco frecuente (A16, 1:330-331).

No referente a que tipo de acoso consideran máis frecuente e cara a que colectivo, a tendencia no discurso dos e das estudantes é sinalar o acoso por razón de sexo.

El acoso por razón de sexo en general, sí. Porque es lo que vemos (A2, 1:249). Si, polo menos na facultade, si. Por razón de sexo (A7, 1:303).

Yo creo que acoso por razón de sexo. Porque... porque creo que cuando está algo normalizado, cuando... tú ves normal que las personas se comporten de determinada manera, que se admitan determinadas bromas, que se admitan determinados comentarios, pues, ni lo piensas y quizás los chistes y la carga con contenido sexual se ejercen cuando hay cierta confianza. No vas a soltar ciertos comentarios cuando primer día de clase, no. Ya está todo muy construido (A9, 1:308).

Por los comentarios, chistes, miradas que eso es lo que más... [...] Acoso por razón de sexo (A16, 1:332-333).

De forma específica indícase que o máis frecuente na universidade é o acoso por razón de sexo cara ao colectivo LGTBI-Q. Aínda que, ao ser as mulleres un grupo máis grande, acaban sendo elas as máis acosadas. Aluden que as identidades/orientacións sexuais diferentes á heteronorma son aínda descoñecidas e pouco visibles.

Yo veo a alguien por la calle e inevitablemente vuelto a mirar, y sé que es feo... que la persona se puede sentir mal, pero lo hago sin querer, porque para mí todavía es una cosa rara, diferente, rara igual suena un poco mal [...] Ese miedo a lo desconocido, por decirlo de algunha manera (A4, 1:258-260).

En la universidad, es que no conozco ningún caso sobre homosexuales o transexuales. Entonces los que más he visto ha sido hacia mujeres. [...] Porque... los comentarios de ese tipo creo que están bastante más al día que a lo mejor, que... hagan algo en contra tuya porque eres mujer. A mí me parece que está más al día los comentarios, las miradas, las sonrisas así obscenas... esas cosas me parece que las veo más (A5, 1:276-277).

Yo creo que los LGTBI-Q se encuentra en una situación más vulnerable que la mujer. Porque encima dentro hay mujeres entonces es doble grado. Primero las mujeres y después los hombres (A18, 1:342).

Mujeres, mujeres sobre todo y LGTBI-Q seguro que también (A6, 287-289).

Mujeres y LGTB, más. Más mujeres porque hay más mujeres. Hay más mujeres y hay más comentarios hacia mujeres que hacia LGTB. LGTB no hay muchos (A8, 1:304, 306).

Neste sentido, unha das persoas participantes indica que, como non ten a ninguén cunha orientación sexual non heteronormativa preto, non identifica este colectivo como o que máis acoso recibe.

Yo creo que todo va hacia la mujer, incluso también al LGTBI-Q supongo que también. Supongo que también habrá hombres que por el hecho de ser homosexuales sufrirán algún tipo de acoso, digo... tipo, por ejemplo, insultos. Recibirán insultos por su orientación o tendrán que, muchas veces, hacer oídos sordos a comentarios en según qué contexto. Sí. Sí. Me imagino que sí. Aunque yo, como tampoco tenemos ningún chico gay en nuestra clase, tampoco lo puedo afirmar con rotundidad, sí que me imagino que estará pasando. Pero bueno, yo creo que todo irá enfocado a eso, a la mujer. Yo me imagino que será el acoso sexual, digo yo. Porque, bueno, abarca a todos y... a todos y a todas y... Y me imagino que la agresión espero que sea lo último ya porque ya sería ya... Digo que va en ese... ¿no? Es como un escalón. Lo más básico será lo que más se repite, el acoso sexual, después imagino que por razón de sexo será lo segundo y espero, que ya lo último sean las agresiones sexuales que ya es cuando pasas todas las barreras y ya... invades el espacio físico de las personas ¿no? (A13, 1:322-321).

Por outra parte están as afirmacións que sitúan as mulleres como as que máis acoso por razón de sexo reciben na universidade.

Mmmm... Pues seguramente en el de razón de sexo [...] Porque digamos es el menos... grave físicamente a lo mejor hablando o es el que puede pasar más desapercibido y... creo que sí, yo creo que sí (A6, 287-289).

El acoso por razón de sexo en general, sí. Porque es lo que vemos. Y hacia las mujeres, sin duda (A1, 1:248).

Ademais é así porque é o que ven ou porque a sociedade é machista.

A ver eu creo que na nosa titulación non tanto porque temos bastante o tema. Temos materias e entón parece que imos con outras mentalidades. Pero eu creo que fóra, por exemplo en dereito e estas carreiras, creo que é máis de por ser muller pois ti é mellor que fagas outra cousa, e cousas así. Nós temos unha compañeira de clase a cal ten unha compañeira de piso que está en dereito, de ir en tacóns a presentar os traballos. Entón eu, non se me ocorrería na vida ir en tacóns para presentar os traballos ¿Sabes? E ela vai ¿por que? Porque é muller (A11, 1:315-317).

Por razón de sexo por el hecho de vivir en un mundo machista donde cualquier cosa que se diga no le va a parecer mal a nadie porque está bien dicha o bien dicho (A12, 1:319).

Finalmente, unha das alumnas entrevistadas afirma que o acoso sexual e o acoso por razón de sexo son igual de frecuentes.

Pues... tanto el acoso sexual como por razón de sexo o género ¿no? Creo que son las dos más. En el sentido, pues, comentarios, algún tipo de chiste entre amigos sobre todo que se escuchan (A10, 1:311).

En segundo lugar no relativo á subcategoría *motivacións das condutas de acoso* identificouse que os alumnos e alumnas que participaron nas entrevistas aluden un amplo abanico de causas de por que cren que suceden este tipo de situacións no contexto universitario. Non obstante, os motivos expresados poden ser organizados en tres categorías de terceiro nivel: I. cuestións que se refiren á vítima do acoso, II. cuestións relativas ao agresor; e III. outras referidas á sociedade.

Con respecto ás causas expresadas polo alumnado que *se refiren ás vítimas*, recóllense comentarios que aluden directamente á responsabilidade da vítima por non frear condutas de acoso dos seus compañeiros.

Si no les pones frente desde un principio... La culpa obviamente es de ellos. Tal cual. Pero yo creo que también lo que dices tú (A2, 1:347, 349).

Mi problema por ejemplo, es que yo soy capaz de ser así de, de decir lo que no me gusta, lo que no tal, sería, con los profesores. A mí si me aparece algo injusto les digo, esto no es así, esto no es así, esto no es así. Pero con mis compañeros, no sé, debe ser que les tengo más aprecio más tal que no soy capaz (A1, 1:1350-1351).

Unha das alumnas entrevistadas responsabiliza tanto ás mulleres vítimas coma ás mulleres espectadoras, de non frear o acoso.

Considero que las chicas, a veces, somos peores que los chicos porque vemos que está pasando algo delante nuestra y como que no actuamos ¿sabes? Lo que te digo, la situación en el comedor, 20 chicos hablando de forma despectiva de chicas y yo de las 10 chicas, soy la única que les digo que paren. Ellas se ríen, en plan qué gracioso los chistes y no me hace gracia que se estén riendo de las mujeres. Y considero que a veces, pues que somos peores que ellos en ese sentido porque no decimos: hasta aquí. O por ejemplo cuando te están mirando el escote: tío tengo los ojos aquí arriba. En plan, hay gente como que lo busca. Es como... defiéndete (A3, 1:1389-1390).

Respecto aos motivos que teñen que ver coa *persoa agresora/acosadora* para explicar as condutas de acoso atopamos nos discursos conclusións como que é mala persoa, a falta de respecto, que ten o poder ou por ignorancia.

Para empezar: mala educación, falta de respeto, desconocimiento, ignorancia, ser... mala persona, directamente. Es que yo creo que es eso, falta de respeto a una persona porque yo puedo pensar algo sobre los homosexuales o sobre las mujeres y no lo digo porque respeto a esas personas aunque no esté de acuerdo con ellas (A12, 1:1730-1735).

Por ignorancia. Por ignorancia porque creo que se confunde o término «común» con «normal» e... Pero xa non na universidade, en todo, en todo. (A15, 1:1800).

Este tipo de situaciones, en las que los profesores acosen a los alumnos. Yo creo porque ellos saben que como que tienen el poder. Entonces, que nos digan o no nos digan, como nosotros vamos a tener ahí el problema de la nota, de la asignatura, no vamos a querer tener problemas con ellos yo creo que pueden hacer lo que quieren, se sienten ellos que creen que pueden hacer lo que quieren por eso (A16, 1:1831).

Un dos alumnos entrevistados afirma que a persoa acosadora/agresora pode facelo como parte dunha broma, o que responsabiliza o opresor, ou porque de verdade queira danar a vítima.

Hay dos variantes. Cuando lo haces en tu entorno, que saben que es de broma, saben que es mentira y tú realmente no... A veces, tengo colegas gays que son súper divinos, son unos súper cracks, y yo les hago comentarios de: tío, eso es una mariconada. Que él sabe que lo hago con una intención de parodiar el concepto de decir que algo es una mariconada. (A8, 1:1648-1650).

No relativo aos *motivos relacionados coa sociedade*, algunhas das entrevistadas apuntan á sociedade heteropatriarcal e machista como causante e consentidora das situacións de acoso e das faltas de respecto cara ás diferentes orientacións sexuais.

Porque está establecido así. El sistema patriarcal permite este tipo de cosas (A10, 1:1699).

Pues que está instalada la pareja europea, blanca, heterosexual... eso principalmente. Y entonces a partir de ahí empieza a haber diferencias con lo que no es normal, con lo que no se considera normal, y una búsqueda de dónde me posiciono yo ante esta anormalidad (A18, 1; 1853).

Porque no hay respeto por las... lo que no se corresponde con lo que se considera como normal. Independientemente de tu orientación sexual, de tu manera de pensar, de todo, de seas quien seas... si no correspondes al estándar vas a tener algún tipo de violencia a lo largo de tu vida (A9, 1:1663).

La sociedad es muy machista, entonces estas cosas de acoso sexual y a veces, hasta se ven normales, yo



creo. Hay gente que a lo mejor lo que me pasó a mí de que te toquen o así pues lo ve normal o... bueno normal no, pero no sé... las mujeres incluso estamos a veces lo vemos normal (A6, 1:1536-1537).

Un pequeno grupo de alumnas/os reconecen claramente que o acoso funde as súas raíces nos prexuízos que non foron combatidos por esa “boa educación”.

Yo creo que la gente tiene muchos prejuicios y no está bien educada. Porque vamos a ver si una persona tiene una buena educación y... sabe respetar, que es en lo que se basa una educación, no tiene por qué haber estas situaciones ni de acoso sexual, ni de agresión sexual ni... acoso por razón de sexo. Ahora igual se educa un poco más en valores y antes no. Ahora se educa más en respetar, en aceptar las diferencias de los demás y antes... pues creo que no (A5, 1:1486- 1487).

Por... tantas cosas. Para empezar: mala educación, ignorancia, desconocimiento... (A12, 1730-1731, 1733).

De feito, algúns/algunhas apuntan como causa do acoso á educación diferenciada a nenos e nenas e baseada nos estereotipos de xénero, que lles outorga máis poder e privilexios aos homes.

Yo creo que todo va en la educación. Porque si tú a un niño ya desde pequeñito... tienes un niño y una niña, si a la niña le estás diciendo tú recoge esto no sé que y al niño lo dejas a su bola. Cuando sea mayor te va a decir, me educaste así «no voy a hacer cosas, porque ya las va a hacer mi hermana por ejemplo» (A3, 1:1385).

Por una pura educación del hombre de que todo lo puede y que él está por encima de... cualquier cosa. Sí, su interés personal o lo que quiera hacer o lo que quiera decir tiene todo el derecho del mundo de decirlo y hacerlo. (A17, 1:1855).

Y además yo creo que se le dota de herramientas diferentes que las mujeres. De tal manera que hay situaciones que abordan con esas herramientas que a lo mejor a nosotras nos enseñan otras que nada tienen que ver (A18, 1:1856-1857).

En relación con isto unha das entrevistadas expresa que outro dos motivos é porque a problemática do acoso non é un tema que lle interese á sociedade.

En general sí, en la universidad no conozco si hay o no. Porque no preocupa. Bueno sí, debe preocupar, [risas] pero no a todo el mundo (A6, 1:1538).

Por outro lado, identifícase na desinformación que existe sobre a temática do acoso, a causa que explica este tipo de violencia.

Eu creo que é por desinformación. Ou sexa, que a xente fai comentarios... É o que di el, no teu círculo, unha persoa concreta sabes a relación pero se o fas en alto ou a unha persoa que non coñeces pode afectar (A7, 1:1644-1646).

En terceiro lugar no relativo á categoría secundaria *seguridade percibida respecto ás situacións de acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresións sexuais*, as achegas dos alumnos e alumnas

divídense en dúas subcategorías de terceiro nivel relativas á percepción xeral de seguridade e á percepción persoal de seguridade. Así, por un lado a maioría dos e das estudantes manifestan que a universidade é un espazo inseguro no referente ás situacións de acoso. De feito afirman que é igual de inseguro/seguro que calquera outro espazo, e de feito nomean lugares da universidade que consideran especialmente inseguros.

A ver é que a min non me pasa, ou sexa, non tal pero... bueno, seguro seguro... non vexo seguro ningún sitio (A11, 1:1720).

Na miña experiencia podería dicir que, polo menos paréceme igual de seguro que o contorno de fóra. No sentido de que cae nos mesmos problemas que moita xente fóra da universidade. Nese sentido sófrense os mesmos comentarios, os mesmos problemas iguais ca fóra. Non considero que sexa nin mellor nin peor (A7, 1:1651).

Sí, es que el problema no es que la universidad sea o no sea seguro. La universidad es parte de la sociedad. Y sea como sea la sociedad no podemos forzar que la universidad sea un sitio seguro mientras la sociedad sea con unos valores arrastrados de otros tiempos tanto como homófobos como machistas como de otras cosas. Y los comentarios esos existen en la sociedad y es imposible que esos comentarios desaparezcan de la sociedad solo. Es algo que debemos evitar de la sociedad (A8, 1:1652).

No, seguro, seguro al 100 % no hay ninguno (A10, 1:1770).

Es seguro en cuanto mientras estés en el aula pero una vez sales de ahí y vas a los despachos de los profesores o tienes alguna tutoría o incluso clases extras que hacen a veces, ahí yo creo que no, porque no está vigilado. Si pasa algo y gritas quién te va a ayudar (A16, 1:1832).

Nesta liña son varias as alumnas que sinalan a inseguridade que sinten pola existencia dun ambiente no que se produce este tipo de violencia.

Sí, digamos que los chistes y comentarios es como la base de la que subyace todo... bueno, una ideología y todo esto... Pero puede evolucionar a casos de agresiones sexuales o lo que sea. Yo, casos de agresión sexual no conozco a nadie. Pero comentarios de contenido sexual, de generalizaciones por razón de género o sexo sí que los hay y los hubo pero a veces se toman como chiste en medio de una clase (A9, 1:1670).

Precisamente por eso, porque hay un sistema establecido y en la universidad también tiene que haber... Seguro no hay 100 % (A10, 1:1701).

El año pasado, por ejemplo, en sus clases, el resto de clases no estaba segura, contenta y libre de si me encontraba mal incluso salir. Pero con ese profesor no. Estabas en clase siempre tensa, siempre mirando hacia abajo para no darle alas a él para que surja algún comentario. Lógicamente, es lo que te decía antes, yo sé que la culpa no es mía, ni es de mis compañeras, ni es de nadie, es de él. (A16, 1:1833).

No, 100 %, no. 100 % no porque nunca hay un espacio seguro para una mujer ni para el colectivo LGTBI-Q. Nunca, jamás. Una sociedad... da igual ya sea en la universidad, el súper o en tu propia casa yo creo que no hay nunca un lugar seguro (A10, 1:1702).

Nesta mesma liña, dúas alumnas expresan que debido a que non se senten seguras modifican a súa forma de vestir á hora de acudir ás aulas.

Sí, básicamente, te tienes... a la hora de vestirse tienes que pensar en cómo te van a ver (A1, 1:1363).

Pola contra, xorden tamén afirmacións de que a universidade é un ambiente seguro respecto ás situacións de acoso, aludindo á existencia de mecanismos de defensa de seguridade, como por exemplo o teléfono do campus, ou ben porque sempre hai xente en todos os espazos da facultade.

En primer lugar porque hay un número de teléfono de la seguridad del campus [risas] Y luego porque, no me he encontrado todavía con un sitio en la universidad donde estés como en solitario. Y los administrativos y tal... son gente muy atenta, entonces te sientes segura, arropada (A4, 1:1405-1407).

Entonces sí que me parece un entorno seguro para mí y mis compañeros y compañeras sean del sexo que sean y la orientación. Sí, sí que me parece (A12, 1:1737).

Polo menos a nosa facultade está sensibilizada co tema, ou sexa, co LGTB, coa muller, con todo... Non sei outras universidades. Pero eu aquí síntome súper seguro, súper integrado ou sexa, súper ben. Non sei, é algo que non dou explicado porque nunca me sentín tan ben cos compañeiros e cos profesores. Pero nunca me sentín tan integrado. Ou sexa síntome cómodo, síntome eu mesmo (A15, 1:1804).

Por outro lado, no referente a como se senten eles e elas persoalmente na universidade, destaca o feito de que ser homes permíteselles sentirse seguros.

A ver, me siento segura porque hasta el momento yo he podido controlar si quiero... si tengo que ir al despacho de ese profesor pues yo prefiero ir con alguien. También porque hasta ahora no hubo... un organismo que yo pudiera irme a quejar e hiciera algo (A14, 1:1787).

Yo creo que sí. Supongo que igual que el resto de la sociedad ¿no? Es que yo me siento seguro, pues eso, por ser hombre básicamente. Por ser hombre no tengo miedos que tendrían, pues las mujeres pues cuando te vas sola para casa. (A13, 1:1763).

### 6.2.1.1.3 Actitudes cara ao acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresión sexual

Dentro desta terceira categoría xeral, *actitudes*, emerxeron catro categorías de segundo nivel relativas ás actitudes do alumnado, do persoal docente e investigador e da propia universidade. No discurso do estudiantado entrevistado amósase que diferencian entre as súas propias actitudes e as actitudes do seu grupo (alumnado universitario) e, dentro destas, as actitudes que teñen os alumnos e as alumnas de forma diferenciada. Así, en primeiro lugar, en relación coas actitudes persoais amosadas, atopamos que a maioría expresa actitudes negativas cara ás situacións de acoso, especialmente na universidade.

Opino que no me gusta (A1, 1:449).

Yo, por ejemplo, eso les digo que se callen y hasta me enfado, a veces. Y yo creo que a veces, cuando me enfado peor me lo hacen sabes? Como que, siguen, cuanto más les digo que paren más siguen (A3, 1:52,55).

Pues que es una vergüenza (A6, 1:534).

En la universidad y en la no universidad, no muy bien (A8, 1:584).

Pois si, é increíble que todavía pasen estas cousas... (A7, 1:585).

Yo creo que queda mucho por hacer pero estamos por el camino (A9, 1:612).

Opino que está muy mal y más en la universidad (A13, 1:649).

Una falta de... de principios. En qué mundo vivimos que nos construimos y... que personas que hacen esto o personas que podemos llegar a hacer algo así (A18, 1:703).

Ademais, expresan diversos motivos para xustificar estas actitudes negativas cara ás situacións de acoso no eido universitario. Nalgúns casos afirman que o acoso na universidade é negativo porque están para aprender e porque se supón que a xente na universidade ten máis formación.

Porque es que yo vengo aquí para aprender, no vengo aquí para estar escuchando comentarios absurdos de... tíos... Diciendo: «Buah, aquella noche follé con tantas, me lié con tantas, mira qué culo, mira qué escote... eh... cuál es el mejor lugar para que esté una mujer» (A3, 1:453).

Bueno en cualquier universidad, pero es que nos están educando y nosotros vamos a educar al futuro. Y si vemos este tipo de cosas aquí, pues es que... me parece una vergüenza que gente como ellos puedan estar impartiendo clases, la verdad (A5, 1:505).

E na universidade cando, ou sexa, con todo o repertorio que temos de... ou sexa nós por exemplo temos asignaturas, cousas que nos están concienciando ao mesmo tempo ¿non? Entón creo que debería ser máis... castigado (A11, 1:629).

Creo que si una profesora que trabaja en la universidad es para transmitir los valores y conocimientos buenos, a nosotros lo último que nos deberían transmitir es eso (A16, 1:688).

Y encima que nos están educando, estamos para formarnos entonces sí (A17, 704).

Que es donde nos estamos formando para ser profesionales, pues que ya... sigan existiendo este tipo de situaciones es... muy triste como sociedad, como universidad y como todo (A13, 1:650).

Paralelamente, outras/os informantes entrevistadas/os apuntan outros motivos para xustificar esas actitudes negativas, como a educación que recibiron, a necesidade de controlar as situacións de acoso na universidade e de formar a todo o alumnado, independentemente da carreira que curse, ou a idade que xa teñen para saber o que está ben e o que está mal.

Que... algo estamos haciendo mal porque si yo con mi carrera tengo estos conocimientos ¿por qué no alguien que estudia derecho puede tenerlos igual? Si yo sé sobre feminismo que... qué es machismo, qué es patriarcado, todo esto ¿por qué no lo va a saber una persona que estudia infantil? Es un derecho básico tener conocimiento sobre esto porque si no tampoco puedes cambiar tu forma de pensar ni abrirte a nuevas cosas. Si tú no tienes conocimiento, no sabes lo que es, no vas a investigar sobre ello o eso nunca has oído hablar sobre ello ¿cómo cambias tu forma de pensar o cómo... reaccionas ante algo así? (A12, 1:640).

Porque somos adultos e creo que temos que ter dous dedos de fronte saber o que está ben, entre comillas, e o que está mal, entre comillas tamén (A15, 1: 677).

Non obstante, as e os alumnos informantes ao expresar as súas actitudes cara á situación de acoso tamén apuntan que é unha situación que é difícil de solucionar.

Porque se deberían de parar, deberían estar más controladas. A ver, también entiendo que es difícil (A6, 1:535).

Y que... costará generaciones, si eso, cambiar mínimamente algo. Pero pillar consciencia me parece el primer paso (A9, 1:601).

Me parece un tema tan complicado que no sé... [...] Porque es eso, a la hora de prevenir la respuesta y todo me parece un tema muy complicado porque... puede que diga personas que te diga la verdad pero puede que haya alumnos que solamente se quieran enfrentar a ese profesor y... al final el profesor no es verdad y le estás arruinando también una... la vida (A14, 1:663-664).

En segundo lugar, no relativo ás actitudes que o alumnado percibe dos seus/súas compañeiros/as, a tendencia dos discursos é afirmar que son pasotas respecto das situacións de acoso.

[Suspiro] Puff... pues al principio te mosquea, pero es que al final te acostumbras a que nunca haga nadie nada. Todos se quejan, todos comentan: es que este profesor me dijo tal cosa en clase, es que este profesor me dijo que fuera al despacho, es que este profesor me miró el culo... Pero nunca se hace nada. Ni se pone una queja, ni se habla con nadie. Pasan (A5, 1:508).

Y en general... hay de todo, yo creo, hay gente que no que pasa del tema y otra que está bastante involucrada vamos (A6, 1:537).

Pasotismo, muchísimo pasotismo excepto en los casos extremos: lo de la fiesta, lo del profesor este... Normalmente es un: ¡bueno! Cosas que pasan (A8, 1:589).

Os que reciben, pasotas totalmente porque ninguén fai... eu tampouco dou feito, tamén o digo. E os que o fan pois un día fano e outro día recíbeno (A11, 1:631).

Pasivos. Les da igual. Si me llaman «reina» pues bueno, lo dejo pasar porque tenemos a una este cuatrimestre y ya no la vuelvo a ver más [...] Los compañeros... o las chicas dicen: déjalo, solo es este cuatrimestre, y tal, y los chicos te dicen que no es para tanto, que no sé qué y que no sé cuánto (A14, 1:667-668).

Na mesma liña, tamén atopamos que máis dun terzo das e dos informantes afirma que o alumnado ten actitudes máis pasotas ou máis negativas cara ao acoso dependendo da gravidade do acoso ou da situación.

Y en general... hay de todo, yo creo, hay gente que no que pasa del tema y otra que está bastante involucrada vamos (A6, 1:537).

As agresións, por exemplo o caso así máis grave, como non vin ninguha tampouco sei como reaccionaría o alumnado mesmo para a agresión sexual ou o acoso sexual. En canto ao acoso por razóns de sexo, a reacción dependerá da persoa pero en xeral pasa bastante desapercibido. Esa base, eses comentarios caen en saco roto (A7, 1:588).

Hay personas que no lo permiten por nada del mundo y otras personas que les da igual y por esa gama pues... (A10, 1:615).

De feito, unha das entrevistadas afirma que debería existir unha maior unión entre o alumnado para defenderse e denunciar as situacións de acoso.

Ya ver tú no das tu consentimiento de nada, pero es que te están obligando y a veces por ser jefes pues... aunque no quieras te ves obligada, porque como el jefe es el jefe, entre comillas. A mi es que me pasa cada cosa que esto no puede ser, pero bueno (PAS 4, 1:1916).

Digamos que la gente que tiene algún poder como para poder mover la sociedad o intentar cambiarla, muchas veces no quiere por eso. Porque a ver, si a lo mejor integro lo que no me gusta, a lo mejor los otros se dan cuenta de que lo que no me gusta a mi es mejor que lo mío, y entonces es probable que yo, pase a un segundo término y no quiero. No se quiere perder poder, no se quiere perder... Y entonces bueno, así vamos permitiendo cosas que son propias de la cultura (PAS 3, 1:1907).

E canto ás *cuestións relacionadas coa sociedade*, a maioría das informantes PAS considera que o acoso sexual e o acoso por razón de sexo ten a súa orixe na sociedade e cultura machista e na ausencia de educación. Tamén afirman que outro dos motivos de que sucedan este tipo de situacións de acoso sexual na universidade e a supremacía masculina e os estereotipos que aínda persisten nesta sociedade.

Porque la sociedad de alguna forma no las visualiza, no quiere entender que existen [...] y porque realmente hay un machismo, un sistema patriarcal enorme, pero enorme, enorme. Sí, concediéndose la idea de que el hombre es fuerza, el hombre competitivo, el hombre... el jefe, el que sabe. Y la mujer sigue siendo entendida como un ser débil, cariñoso, atento... no sé... víctima muchas veces, ¿no? Entonces yo creo que pasa por eso (PAS 1, 1:1457, 1:1458).

Siguen considerando que ellos pueden hacer y decir lo que quieran, y que no va a tener penalización muchas veces. Y no la tiene, porque nosotros no lo denunciarnos realmente. Porque tú piensas en la repercusión que te puede traer a nivel profesional y de trabajo, pero deberíamos de denunciarlas y comunicarlas para que la gente sepa que esa persona ha hecho algo mal. Y no lo contamos. Nos callamos, aguantamos y lo permitimos de alguna forma. Y que siga. Y es un error (PAS 1, 1:1459).

Yo creo que hay mucha ignorancia y mucha falta de educación (PAS 2, 1:1505).

Yo creo que es porque la sociedad actual sigue manteniendo los mismos estereotipos. Y la publicidad y la televisión, lo están metiendo todos los días. Entonces, es lo que están aprendiendo los adolescentes, los jóvenes, y las personas de más edad. Que para triunfar en la vida si eres mujer, tienes que ser como esos estereotipos que aparecen en los anuncios, si no, no vas a triunfar. Y la imagen a su vez es muy sexual, reduciéndose así a que sigamos siendo objetos. Es muy triste (PAS 3, 1:1909).

Yo creo que son dos cosas fundamentalmente, la primera es la falta de apertura mental. Yo creo que todavía hay gente que vive muy cerrada sobre los estereotipos de siempre. Eso por un lado, y, por otro lado, creo que hay poca educación (PAS 3, 1:1905).

Nos discursos das entrevistadas tamén nos achegan outros motivos relacionados coa sociedade, como son a falta de respecto e a cousificación que a sociedade fai sobre o corpo da muller.

Yo es que creo que la gente no tiene respeto a los demás, falta y no sé si es debido a la educación o qué, pero desde luego respeto no hay. Y sí, se ve esa discriminación en cuanto a las mujeres en concreto. Y los homosexuales o las lesbianas sufrirán lo mismo, pero duplicado, por dos claro (PAS 4, 1:1575).

Y otra cosa luego, que siempre pasa es que aparentemente puedes dar la imagen a una persona, de «esta es que va pidiéndolo a gritos». Y para nada, que porque lleves una falda corta o un escote o no sé qué, no quiere decir que vaya diciendo que quiero guerra, ni mucho menos. Pero eso sí que suele pasar, de hecho es que es así (PAS 4, 1:1914).

E, por último, en relación con esta subcategoría de terceiro nivel relativa a cuestións relacionadas coa sociedade, unha das traballadoras considera que as persoas que non se axustan á heteronormatividade que marca a sociedade sofren unha dobre vitimización.

Yo creo que hay mucha cultura y poca educación. Entonces la gente tiene mucha cultura, muchos conocimientos, pero lo que es educación muy poca. Y con el acoso sexual y con el sexo pasa lo mismo, si siempre ha sido un mundo heterosexual, y entonces no puede ser sano ser de otra manera. Y a lo mejor pues un día hay que probar otras cosas y a lo mejor no pasa nada, ¿sabes? Entonces, bueno, yo creo que pasa mucho, se acosa y se aparta enseguida a todos los que no piensan como nosotros, y en vez de tratar de integrarlos lo que queremos es eliminarlos. Y claro, como la amplia mayoría sigue siendo heterosexual, pues entonces todo lo que no sea como yo, no está bien visto (PAS 3, 1:1906).

No relativo á categoría secundaria, *seguridade percibida respecto ás situacións de acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresións sexuais*, as achegas das informantes permítenos dividir os seus argumentos en dúas subcategorías de terceiro nivel: por unha banda a percepción xeral e, por outra, a percepción persoal de seguridade. E dentro desta subcategoría tamén se atopan categorías de cuarto nivel en relación a se consideran a universidade un espazo seguro ou, polo contrario, o consideran inseguro.

A maioría das mulleres do PAS consideran que a universidade non é un espazo seguro, incluso unha das entrevistadas declara que nin se sente segura como para poñer un vestido ou escotes para ir traballar á facultade.

Seguro no, para nada, todo lo contrario, es una pared blindada. Lo que te pueda ofrecer la seguridad, pues en este caso, no deja traspasar más allá. La seguridad te deja encerrada y no deja traspasar, por lo tanto no se conoce lo que hay. Y eso es perjudicial, porque nos tiene como prisioneros aquí dentro (PAS 4, 1:1579).

Yo creo que no hay ningún entorno seguro [...] A ver yo segura me siento. Yo me siento segura. Lo que no quiere decir que en algún momento pueda pasar algo como me pasó por ejemplo... (PAS 2, 1:1506, 1:1508).

No me siento segura muchas veces de traer pues... un vestido al puesto de trabajo o un escote pronunciado. Alguna vez lo tengo hecho porque me revelo, porque digo, bueno a ver, tengo una cena esta noche, pues voy a arreglarme, porque no me puedo arreglar y ponerme un vestidito y mis taconcitos para ir a trabajar, si puedo un día hacerlo y pues no, no lo hago, lo evito. Y si me sintiera segura lo haría evidentemente (PAS 1, 1:1463).

En liña coa falta de seguridade na universidade argumentada polas entrevistadas, unha das informantes expón que, para sentirse segura no ámbito universitario, tivo que cambiar o seu carácter e actitude persoal. Incluso reconece que non fala da súa vida persoal para obter un trato respectuoso.

No es seguro, porque se viven situaciones incómodas... [...] yo realmente me he tenido que poner un muro, como quien dice, de trato con ciertas personas en previsión a lo que pueda ocurrir. Ya te digo, yo no soy natural en el puesto de trabajo, no soy como en la vida personal. La vida personal la tengo totalmente para un lado, y la vida profesional para el otro. Entonces si me sintiera realmente segura no tendría que hacer este tipo de cosas (PAS 1, 1:146, 1:1462).

No hablo de mi vida personal, a efectos de la gente del trabajo digo que tengo pareja, porque así los tratos son diferentes. Hay como un mayor respeto hacia la mujer que tiene pareja y las bromas se frenan un poquito. Entonces yo sé que eso es un buen recurso para mi seguridad y lo planteo. Si lo hago es porque no me siento segura. Si me sintiera cómoda y segura, pues no lo tendría que hacer. De hecho aprendí a mantener las distancias (PAS 1, 1:1464).

En cambio, o PAS home identifica a universidade como un ambiente seguro para el.

Sí, sí yo sí me siento seguro, sí (PAS 3, 1:1912).

### 6.2.3.3. Actitudes cara ao acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresión sexual

Dentro desta segunda categoría primaria, *actitudes cara ao acoso sexual e acoso por razón de sexo e agresións sexuais*, emerxeron tres categorías de segundo nivel en relación coas actitudes persoais do PAS, as actitudes que ten o grupo en xeral do persoal de administración e servizos, e por último da propia universidade.

En relación coas *actitudes persoais* amosadas por parte do persoal de administración e servizos atopamos que a totalidade das persoas entrevistadas expresa actitudes negativas cara ás situacións de acoso sexual.

Hombre pues me parece mal (PAS 3, 1:556).

No deberían darse estas situaciones, es un sitio de formación para todos los alumnos, es el futuro, estamos enseñando a gente a comportarse, a como tienen que dar clase a otros alumnos, estamos formando a gente (PAS 4, 1:575).

En canto ás *actitudes que as persoas entrevistadas perciben dos seus compañeiros/as PAS*, destacan actitudes favorables cara ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo. Incluso manifiestan que algúns dos seus compañeiros de traballo mostraron actitudes de rexeitamento durante a distribución da enquisa da parte cuantitativa desta investigación.

Considero que precisamente en la universidad, que son centros académicos superiores, en donde se supone que hay gente académicamente preparada y más actualizada ¿no? Pues me parece increíble que hoy en día sigamos con este tipo de comentarios, chistes etc. Es que además los veo en gente que tiene una preparación superior. Me siguen sorprendiendo y me parece increíble que en la universidad, donde claramente podía haber un trato cómodo, no tiene por qué haber acoso, ni nada incómodo (PAS 1, 1:490).

Pues con esta encuesta, por ejemplo, un amigo que tengo que trabaja aquí en la universidad y que yo lo considero no machista. Con respecto a esta encuesta la puso a caer de un burro. Es que esto no sé qué, esto no sé cuánto, yo ya me quedé callada, yo ya no dije nada... no me lo podía creer. Y es una persona que yo no la consideraba machista, pero viendo ciertas cosas ya me quedé así un poco... (PAS 2, 1:1507).

No les gustan que haya ese tipo de investigaciones, ni ese tipo de cosas, les molesta, parece que les ofenden. Se molestan porque tengo hablado con un compañero y le tengo dicho, pero vamos a ver a ti que más te da que se haga aquí, ¿por qué te metes con esas investigaciones?, que parece que se ofenden, que se molestan y yo creo que si te ofenden y te molestan será por algo (PAS 1, 1:491).

Unha das mulleres do PAS incluso se refire ás actitudes que presenta o persoal docente e investigador e cargos superiores da universidade cara ao acoso sexual, e afirma que teñen actitudes permisivas cara ao acoso sexual que se manifiestan a través de comentarios verbais e condutas de indiferenza ante estes temas.

Algunos profesores respecto a estos temas dejan mucho que desear, y ya no sólo digo profesores sino también la gente que está arriba, que deberían tener un poco más de cabeza y no hacer estas cosas (PAS 4, 1:575).



Las actitudes del profesorado, es que yo he visto a un profesorado muy marcadamente machista en esta facultad. Entonces, ellos hacían comentarios en plan vaya tetas tiene esa o estas cosas, ellos lo decían abiertamente (PAS 1, 1:497).

Yo creo que el profesorado es muy pasota en esos temas (PAS 3, 1:579).

En relación coas *actitudes que percibe o PAS por parte da universidade*, as traballadoras consideran que o acoso sexual e por razón de sexo non é un tema de grande importancia para a universidade. Xustifican no seu discurso que ao eido universitario só lle interesa a parte académica da persoa, e que as deixan nunha situación de vulnerabilidade fronte ao acoso sexual.

Yo entiendo que la universidad de lo único que se preocupa es de formar profesionales, y no personas. Yo siempre veo lo mismo, a mí no me importa lo que piensas, a mí me importa lo que sabes. Y yo creo que muchas veces habría que ver más allá, pararse un poco más con los alumnos, a ver qué es lo que piensan sobre determinadas situaciones y menos lo que sabe [...] En un nivel de importancia de 1 a 10 yo creo que para la universidad esto, siendo 1 el menos importante yo creo que sería un 3 (PAS 3, 1:558, 1:569)

Pues por todas estas cosas que pasan y no hay a donde poder ir a quejarte y aunque te quejes no va a ninguna parte en plan... aquí no se hace nada, esto se hace oídos sordos de todo y las cosas siguen adelante como que somos todos estupendos y maravillosos y aquí no pasa nada (PAS 4, 1:578).

En cambio, para a maioría do PAS, á universidade si que lle interesa esta problemática social, xa que estamos a falar dun ámbito no cal o persoal está académicamente moi preparado.

Yo creo que sí. Si desde la propia universidad que es un ámbito académico se supone que se maneja gente preparada académicamente (PAS 1, 1:501).

Hombre sí (PAS 2, 1:1513).

Yo creo que sí. Es básico y es fundamental (PAS 4, 1:581).

En calquera caso, con respecto á última subcategoría de terceiro nivel, as actitudes de implicación por parte da universidade cara ao acoso sexual e por razón de sexo, a maioría das persoas do colectivo consideran que non hai implicación para previr, detectar, intervenir ou erradicar o acoso sexual e por razón de sexo.

No, no. Lo esconde con decir que realmente es algo que no existe... aquí no existe. Lo he oído de compañeros de trabajo (PAS 1, 1:502).

Creo que no, pero bueno tú los ves cuando son las macrofiestas, qué bueno... Ahora este año han aparecido estos carteles de «queremos fiestas libres de violencia machista». Pero yo no entiendo la actitud de la universidad, porque, vamos a ver, ni siquiera hacemos un comunicado manifestando el malestar que se tiene porque ocurran esas cosas, yo ya no digo que se prohíba, que parece que suena muy... pero por lo menos que se haga un comunicado manifestando el malestar que se tiene. Esas son las preocupaciones. Pero por lo menos saca un comunicado en prensa diciendo que la Universidad de Vigo repudia todos los actos de acoso sexual que se producen, y todo lo que conlleva ese tipo de fiestas y todo eso. Por lo menos que se enteren de que en el sitio donde están estudiando, la gente que dirige ese sitio no está de acuerdo con que se lleven a cabo esas acciones (PAS 3, 1:570).

Yo creo que mientras para ellos no suponga un problema de que... estemos saliendo en prensa continuamente o de que todo el mundo nos esté usando como referente negativo pues... bueno, tampoco pasa nada (PAS 3, 1:573).

No, ninguna, ninguna implicación. Yo lo veo como que ninguna, nadie le interesa solucionar, ni tratar, ni nada, muy poca gente, por eso los que sufren este tipo de cosas de acoso sexual se ven solos (PAS 4, 1:582).

#### 6.2.3.4. Relatos de acoso sexual, por razón de sexo e agresión sexual no contexto universitario

En relación coa cuarta categoría de primeiro nivel, *relatos de acoso no contexto universitario*, identificáronse dúas categorías secundarias seguindo os argumentos das entrevistadas, e dentro destas emerxeron tres subcategorías relativas ao acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresións sexuais.

##### 6.2.3.4.1 Relatos vividos de acoso sexual narrados en primeira persoa

As participantes relatan que viviron situacións de acoso sexual a través de comentarios verbais e tocamientos indesexados na universidade por parte dos seus compañeiros e incluso por parte do persoal docente e investigador.

Bueno yo he recibido frases en plan «bueno tú ya sabes que a muchos nos gustaría verte desnuda» Fundamentalmente de compañeros de trabajo (PAS 1, 1:922).

Bromas fuera de lugar, fulanito de tal tiene que salir contigo, fulanito de tal tiene que ir contigo de cena, tienes que llevarlo de cena, sácalo de cena, quiere una cita contigo (PAS 1, 1:925).

Por parte de algún profesorado, por ejemplo lo de hablar de tus tetas y del culo (PAS 1, 1:930).

A mí me han llegado a decir... «tú ya sabes que a muchos nos gustaría verte desnuda», y yo no supe que contestar. O... «caray que guapa y que bonita nos vienes hoy, así con ese escote,» Yo no lo veo como una broma natural (PAS 1, 1:939).

Alguna vez viví la situación de algún profesor llegar y decirme «espera que te doy un masaje y agarrarme por los hombros» (PAS 1, 1:933).

Tres das entrevistadas afirman ter recibido acoso sexual a través de comentarios verbais, e non verbais e condutas de acoso sexual indesexadas.

Son bromas... ellos lo interpretan como «bromas», pero al final que hay un acercamiento físico y... y algo fuera de lugar para mí (PAS 1, 1:931).

He recibido un tocamiento y palabras... ocurrió porque había una fiesta de estudiantes, él es una persona que bebe y fue a la fiesta y después vino por allí. Él había bebido, pero sabía perfectamente lo que decía y lo que hacía. Mi compañera se fue a cerrar el edificio y me quedé yo sola con él. Yo estaba sentada encima de la mesa y en un momento yo no seguí las bromas para nada y aunque las hubiera seguido tampoco creo que sería para hacer eso pero bueno. Entonces en un momento dado, me puso la mano en el muslo arriba de todo [señala la zona de la ingle] y me dijo «que buena estás joder» (PAS 2, 1:976).

Si, miradas lascivas, tocamientos. Y más de acercamiento en los brazos, piernas. Y te agarran por la cintura (PAS 4, 1:1050).

Unha das informantes expón que sufriu ciberacoso sexual por parte dos seus compañeiros de traballo e que continuaba no seu posto de traballo na universidade.

También he recibido Telegrams con imágenes muy inadecuadas y preguntarme... por ejemplo la foto de tres mujeres, dos con la braga del bikini de espaldas y otra en tanga. Y ponerme debajo, yo que se ¿cuál de ellas crees que eres tú? [...] Yo no contesté al recibir el Telegram. Y entonces al día siguiente yo le digo a la cara que yo a eso no te iba a responder, creerás que eso... no lo veo adecuado para contestarte. Y entonces, se ríen. Pues no sé por qué mujer. Pues yo tengo muy claro quién eres tú. Y ese tipo de cosas. Y ya ahí dices tú, bueno pues tú verás y ya no sigo. Es que si sigo entras en su juego y la broma crece, crece, crece... y no, mi intención es que frene (PAS 1, 1:940).

Outra das traballadoras PAS relata como sufriu acoso sexual por parte do seu compañeiro de traballo tanto dentro coma fóra do eido universitario, incluso ata o punto de perseguila e acosala no seus momentos de ocio.

Tuve un compañero que me esperaba o me controlaba, incluso yo creo que venía detrás, yo me sentía como acosada. E iba continuamente a ver el trabajo que yo hacía en plan de... pues vete allí, pues luego va el detrás en plan de ver si lo hice bien. Constantemente. Eso también lo viví, fueron dos años muy duros en mi puesto de trabajo en esta facultad con este compañero tan desagradable. Fue la primera vez, he recorrido un montón de sitios de trabajo y no me lo podía creer que me estuviera pasando esto [...] Es que a lo mejor salir e ir a tomar el vino con unos compañeros y luego cuando te vas para casa pues a las 12 de la noche y giras para atrás y lo tienes en tres portales más atrás. En plan, ostra, ¿y este que hace aquí? Claro, un día puede coincidir... pero cuando ya te fijas y dices qué raro... y ya vas pendiente y viendo a ver si anda en los alrededores. Entonces ya dices, ¡Uff, este me sigue...! (PAS 4, 1:1056, 1:1059).

Esta mesma entrevistada argumenta ter sufrido outros episodios de acoso sexual. Relata como, outro compañeiro de traballo lle propuxo manter relacións sexuais argumentando que ela está separada e el non as mantén coa súa muller. Nesta situación, a vítima de acoso sexual xustifica a actitude do seu compañeiro alegando que é «un buenazo».

Otro compañero de trabajo que es un buenazo, que es que no sé ni cómo se le ocurrió al hombre. Pero era... es tan buenazo que encima te lo dice «mira como tú estás separada, y yo es que, que mi mujer no me deja acostarme con ella pues ¿podíamos acostarnos no?» (PAS 4, 1:1082).

Por outro lado, esta mesma vítima relata outras situacións de acoso sexual que sufriu por parte do seu superior. Argumenta como recibía unhas chamadas por parte desta persoa para que se presentase no seu despacho coa finalidade de poder tocala e intentar manter relacións sexuais con ela.

El ven... cuando te llama para que subas a su despacho... te estás sintiendo acosada, porque se nota, y cuando se acerca y te dice es que yo soy muy amigo de tal... «¿tienes algún problema? ¿Te puedo ayudar? Yo... puedo solucionar» No puedes solucionar nada, ni quiero que soluciones nada. Pero me seguía llamando una y otra vez, «ven al despacho» y yo no me puedo negar a ir, ¿entiendes? Entonces... eso, para mi es acoso sexual (PAS 4, 1:1046).

Trataba de eludir esas llamadas, porque esas llamadas eran denigrantes vamos. Cuando te llamaban al despacho pues... era para tocarte [...] Digo tocarte digo de... querer... de que querían tener sexo conmigo. Y entonces bueno, pues que te escapas, porque estás en el despacho puedes abrir la puerta y salir y entonces pues... pero claro, es lo que te digo, es que encima en esto... esta historia machista que es así (PAS 4, 1:1073, 1:1075).

Ao longo do discurso a vítima tamén relata que sufriu un episodio de exhibicionismo no despacho do seu superior.

Me llamó para que subiera a su despacho y a que fuera detrás de la mesa a ver algo... algo que el tenía en el ordenador. Cuando me doy la vuelta y veo lo que había en el salvapantallas, en el ordenador, era una foto de él desnudo, de frente. «Mira» Digo: «pero tú estás tonto, ¿como tienes esto aquí en el ordenador?» «Bueno lo acabo de poner ahora, en plan para que lo veas y tal... fíjate que cuerpo tengo y tal» el tío, muy bien no estaba porque... pero eso... toda la pantalla ampliada y tal. ¿A qué viene que te diga eso? Yo es que te quedas a cuadros dices, pero... ¿me llamas al despacho para que venga a ver una...? (PAS 4, 1:1093).

A entrevistada sinala que non ten accedido ás chantaxes sexuais por parte do seu superior, o que lle provocou un perxuízo no seo posto de traballo, tendo incluso que encargarse de tarefas que excedían as súas competencias.

Me cargaba de más de trabajo, y con trabajos que yo no podía hacer, ¿sabes? Por ejemplo, ponerte con el sacho, mi trabajo no consiste en ponerme con un sacho sabes? Ese tipo de cosas de cuando tú no accedes, pues lo que hacen es... machacarte (PAS 4, 1:1102).

Así mesmo, fala dunha situación de acoso sexual por parte dun alumno nos baños da facultade:

En los baños de esta facultad. Yo recuerdo estar desatascando un water con una fregona y notar así una presencia y entonces mirar para atrás y encontrarme a un alumno masturbándose allí y yo me di la vuelta y vuelve a ser (PAS 1, 1:1452).

En relación cos *sentimentos* que as vítimas expoñen ter vivido despois de sufrir o acoso, alegan sentirse mal, avergonzadas, incómodas, enfadadas e indefensas.

Yo avergonzada. Porque además soy tímida y yo avergonzada [risa]. Hay veces que me quedo, hay veces que me quedo callada porque sé que me perjudica el hablar. Pero es que hay veces que me quedo callada porque ya no sé qué contestar, ya lo veo tan, que digo... mm, déjalo estar. Y me quedo avergonzada, me quedo estática y bloqueada. Me bloqueo, me bloquea la situación, no... No sé qué contestar a una cosa así, es que no se qué decir. Lo veo tan fuera de lugar que digo mmm ¿qué le contestó? No. Y... y me quedo callada y bloqueada, muchas veces. Es incómodo (PAS 1, 1:937).

Yo sé que mi marido no se iba a enfadar ni nada, pero es que yo me sentía superavergonzada y mal (PAS 2, 1:985). Con ese compañero lo pasé muy mal, sí (PAS 2, 1:1057).

Me sentí como intimidada, porque es un superior. Si es un compañero no se lo permito, le digo pero de qué vas o tal. Pero en otro sentido en plan de tú estás ahí y yo estoy aquí, pero “yo soy tu superior y si quieres te puedo ayudar, bonita. [...]”. Era un suplicio ir al trabajo y estar todos los días y tantas horas en el trabajo amargada, es que me ponía mala solo pensar en ir al trabajo. [...] Pues mal, pero porque no sabes qué hacer. Lo que intento es evitar la situación [...] Y te cabreas, te sientes indefensa, y no se lo quieres decir a nadie porque creo que es

una vergüenza para mí, sí, pero porque arrastro todavía psicológicamente cosas, entonces... [...] (PAS 4, 1:1052, 1062, 1068, 1070).

Respecto ás *reaccións* que tiveron as vítimas ante este tipo de situacións de acoso sexual, atopamos que algunhas das mulleres do PAS non reaccionaron. Incluso unha das entrevistadas afirma que non puido denunciar o seu acosador.

Pero que te bloqueas. Yo no sé por qué pero nos bloqueamos, no sabemos responder y denunciarlo. No lo hemos denunciado (PAS 1, 1:1456).

Es que me pilló así tan... tan de sorpresa que tampoco fui capaz de reaccionar. De reaccionar mal con él, sé que le quité la mano, pero tampoco fui capaz ni de echarlo de allí ni nada ¿sabes? (PAS 2, 1:977).

Yo en ese momento si hubiera querido denunciarlo, estaría un poco perdida ¿sabes? Porque diría yo, me dirijo a alguien, tengo que contar esto a alguien y encima me voy a sentir ridícula, por decir que me han puesto la mano en el muslo (PAS 2, 1:994).

No discurso, unha das traballadoras afirma que desde que viviu a situación de acoso sexual tivo que armarse de valor e de forza, e que a partir dese momento actuou doutro xeito cos acosadores.

El problema aún está ahí, y estará ahí esperando la historia pa cuando vuelva, que eso es lo que suele pasar. Si no dejas las cosas zanjadas, siempre quedan abiertas y luego siempre pueden volver a repetirse ¿Qué pasa? Que entre tanto vas cogiendo fuerza, que es lo que me va pasando a mí. Y me ha pasado cuando me separé. Entre tanto vas cogiendo fuerza y ahora, pues llega un momento en que cuando alguien te llama al despacho vas con toda tranquilidad y vamos es que le plantas una bofetada al superior que sea. Es que me da igual, al que sea. E incluso bueno, pues sales y si se enteran todos los compañeros, que se enteren, ya está. Además yo ya le dejé muy claro al superior que a mí no me interesaba ningún favor de ningún tipo. Pero... eso no lo haces la primera vez que te pasa, te tiene que pasar unas cuantas para después hacer lo que te estoy diciendo (PAS 4, 1:1076).

A vítima relata que tras sufrir os episodios de acoso sexual non recibiu axuda de ninguén, é máis, o seu superior intentaba restarlle importancia ás situacións de acoso sexual sufridas por parte do seu compañeiro de traballo na universidade.

Lo puse en conocimiento de mi superior. Pero lo que pasa es que en esta casa es todo muy complicado, supongo que en las demás también pero... en plan lo pones en conocimiento y me enfado y le digo «mira, yo esto voy a presentar un escrito al rector y al comité y a quien haga falta» En plan de, como esto siga pasando y además delante de él, en plan llamé al trabajador y le digo mira, los tres, mira me pasa esto, y esto yo no lo consiento, no va a volver a pasar, porque como vuelva a pasar hago un escrito y tal, os estoy avisando. «Bueno, no te pongas así» decía [el trabajador-acosador], tonterías... no sé qué... tampoco es para tanto.» Mi superior le dijo [al trabajador-acosador] «tú no hagas eso, no vayas, no la presiones, no vayas detrás, no cual, y esto hay que arreglarlo. Y tú tampoco le des tanta importancia, tampoco es tan así...» En plan de calmar la cosa, porque era lo que hacía. Y una y otra vez. Fueron tres veces las que nos sentamos a hablar y la cosa seguía exactamente igual. Hasta que después ya, yo ya fue cuando me vine de aquel campus y entonces ya se acabó la historia, se quedó allá. Y yo me vine para aquí (PAS 4, 1:1061).

En definitiva que no vaya a maiores, aunque todo el mundo lo sabe, porque luego esto lo comentas, porque yo he comentado lo que me ha pasado [...] Y... «bueno eso... no pasa nada y tal, tú no le hagas caso, tú no te preocupes tú tal...» Pero lo vives y entonces, pues es complicado y ahí sí que nadie... aunque tengan la ética que tenga la universidad, no hace nada. Nadie se mueve, ni hace nada [...] No, no puedes contar con nadie. No hay, nadie con quien contar y todavía no se ha solucionado. Es fastidiado (PAS 4, 1:1063-1064, 1071).

A entrevistada expón que quedou soa ante o problema e sinalada polo seu ambiente, nun espazo en que se dubida da vítima, pero nunca do acosador.

En el fondo te ves sola, te quedas sola y te vas a quedar sola, pero señalada por un montón de dedos. Entonces yo no lo puedo comentar a mi compañera, a ver lo del superior entre comillas si se lo comenté a los compañeros. Le digo “mira, es que de qué va este hombre, me acaba de pasar esto, tú te crees que es normal”. Si ya tal y cual, ya, ya, ya... pero nadie hace nada, ni dice nada, ni le da el toque en plan de oye... Entonces no sirve de nada (PAS 4, 1:1581).

Que ellos son hombres y entonces pues... no sé... siempre... queda la duda entre los demás de que tú puedas ir a provocar al despacho, yo que sé, esas cosas, no sé (PAS 4, 1:1073,1075).

#### 6.2.3.4.2. Relatos vividos de acoso por razón de sexo narrados en primeira persoa

Dentro desta subcategoría de terceiro nivel as informantes relatan que viviron situacións de acoso por razón de sexo a través de comentarios na Universidade de Vigo.

Recuerdo, el entrar en las aulas, entrar a cambiar los partes del aula y se hablaba de mi culo y de mis tetas (PAS 1, 1:916).

Evito los temas de sexo, la temática de sexo yo no entiendo nada, los chistes de sexo no entiendo nada de lo que dicen, no tomo nunca partido de las temáticas, ni las bromas, ni los chistes de sexo. Eso lo evito, porque además es continuo, es... (PAS 1, 1:921).

Comentarios en plan es que no sabía darle lo que ella quería o... lo que necesita es un hombre que... bueno comentarios de ese tipo y... que los procuraba hacer a veces delante de gente, profesorado o incluso alumnado donde yo claramente no le podía responder de forma inadecuada porque era mi jefe (PAS 1, 1:903).

Respecto ás *reaccións* que tiveron ante este tipo de situacións de acoso por razón de sexo atopamos que unha PAS reconece ter que cambiar a súa forma de vestir como medida de protección para non recibir máis acoso por razón de sexo.

Porque ya había cambiado la estructura de vestir que vestía, pues más holgada, pantalones nunca faldas, nada ajustado, nada muy escotado... y tuve que empezar a ponerme pues chaquetones, la bata de trabajo y así pues... como quien dice poner una barrera para ellos (PAS 1, 1:919).

#### 6.2.3.4.3. Relatos vividos de agresión sexual narrados en primeira persoa

En relación cos relatos vividos de agresión sexual, unha traballadora PAS reconece ter sufrido unha agresión sexual na universidade.

Me agarró e intentó besar y luego yo conseguí soltarme, me volvió a intentar agarrar, me solté, me intentó agarrar otra vez, conseguí salir evidentemente. Tuve visitas en mi puesto de trabajo por parte de él, dado que era mi superior, con frases inadecuadas y digamos que algún intento de quedarnos a solas. Una vez me mandó ir a por una cosa porque sabía que yo iba a estar en [ese espacio] sola, tuve que hacer que un compañero mío de trabajo me acompañara, porque tenía miedo a que él bajara otra vez y me encontrara otra vez en el [espacio] sola... (PAS 1, 1:899).

Respecto á *reacción* que tivo a vítima ante a agresión sexual, reconece que non denunciou por medo, pero si alega que optou como estratexia mentir no seu estado civil e cambiar a súa forma de vestir coa finalidade de que isto non volvese ocorrer.

Ninguna. No sabía cómo me iba a repercutir, yo no sabía hasta qué punto aquello luego me podía perjudicar en mi trabajo (PAS 1, 1:907).

Tuve que hacer, mentir y decir que había vuelto con mi pareja, porque yo... todo esto vino como desencadenante de que yo comuniqué que lo había dejado con mi pareja. A raíz de decir que había vuelto con mi pareja, finalizó. Entonces, era distinto. Fue así (PAS 1, 1:910).

Modifiqué mi forma de vestir y buscaba estar siempre acompañada [...] porque claramente sabía que si reaccionaba de forma violenta iba a tener una repercusión: era su palabra contra la mía (PAS 1, 1:913, 1:914).

En canto aos *sentimentos* da vítima despois da agresión sufrida, alega sentirse avergoñada e intimidada e só cando finalizou o contrato nesa sección da facultade sentiuse por fin liberada.

Primero avergonzada. Segundo... intimidada. Yo aparte estaba en un momento personal malo, como quien dice y me cogió de... no sé, de sorpresa (PAS 1, 1:901).

Cuando se me acabó el contrato, para mí fue una liberación, fue una liberación total y absoluta (PAS 1, 1:909).

#### 6.2.3.4.4. Relatos vividos de acoso sexual narrados en terceira persoa

En referencia á subcategoría de terceiro de nivel dos relatos en terceira persoa de acoso sexual, as entrevistadas expoñen que viviron situacións de acoso sexual a través de comentarios a terceiras persoas, tanto por parte do persoal de administración e servizos coma por parte do persoal docente e investigador.

He oído como le preguntaban a una compañera de trabajo «¿Pero esas tetas que tienes son tuyas o te la has operado?» Entonces... vuelven a ser comentarios que me parecen totalmente inadecuados (PAS 1, 1:1435).

También he oído casos de alumnas que han ido a despachos y los profesores han intentado algo con ellas, sí, se sabe, algún caso, sí. Y porque oyes a alguna alumna decir, pues es que el profesor es un cerdo, por ejemplo o cosas por el estilo, sí (PAS 1, 1:1467).

#### 6.2.3.4.5. Relatos vividos de acoso por razón de sexo narrados en terceira persoa

As traballadoras PAS relatan que coñecen situacións de acoso por razón de sexo de tipo verbal e non verbal que lle sucederon a terceiras persoas, tanto por parte do persoal de administración e servizos coma por parte do persoal docente e investigador.

Sí que oyes ciertos comentarios que no resultan agradables, por ejemplo en reuniones con gente del género masculino, siempre se oyen comentarios sobre... la chica que pasa, sobre la profesora, sobre no sé qué... que... creo que si se diese en la situación contraria, no habría esos comentarios porque no hay comentarios ni sobre el profesor, ni sobre el alumno, ni... Entonces si eso, eso sí que lo he vivido (PAS 2, 1:1890).

Pues comentarios, gestos y sonrisas... y digamos que ese puntillo de mala intención que se tiene cuando se hace el piropo mal hecho. Bueno yo no creo que sea piropo mal hecho, yo creo que es intención de molestar. También recuerdo de tener una compañera que por haber ido un día con la minifalda un poco más corta de lo normal pues no había más que comentarios de «pero cómo vienes con eso» «pero...» que... Quiero decir que todavía en ese sentido pienso que estamos muy atrasados (PAS 3, 1:1893).

Na mesma liña, unha das participantes afirma que as persoas que non se axustan á heteronormatividade que marca a sociedade tamén sufren acoso por razón de sexo por parte dos seus compañeiros de traballo.

Pero bueno, aquí un compañero gay, que directamente a él... delante de mí por lo menos, no se le decía nada. Ahora... a sus espaldas muchas bromas. Muchas bromas se hacen [...] porque la homosexualidad es algo que yo creo que todavía no está aceptado, está tolerado, pero no aceptado, entonces sí que se oyen muchos comentarios sobre la condición sexual de tipo homosexual o lésbica, sí que se oyen muchos comentarios, aunque yo creo que entre el género masculino está mejor aceptada la relación lésbica que la homosexual. Yo creo que sí, por lo menos por los comentarios que yo oigo y lo que se escucha en reuniones cuando estás con otra gente sí creo que se acepta mejor que una mujer sea lesbiana, que no que un hombre sea homosexual (PAS 2, 1:1510, 1:1891).

Sí, porque, a ver... tu oyes comentarios y los comentarios que oyes son «ese es un maricón» «ese tal» «ese no sé qué», oyes el comentario sobre la mujer «bueno esa es un medio macholo, pero bueno eso no sé qué» (PAS 3, 1:1902).

Pues eso, el típico es que...”el mariconcito este que se va por ahí con otros y siempre está rodeado de hombres y siempre va con hombres” y el típico ¿no? “Pues sí es homosexual, pues sí” (PAS 4, 1:1573).

#### 6.2.3.4.6. Relatos vividos de agresión sexual narrados en terceira persoa

Dentro desta subcategoría de terceiro nivel, *relato en terceira persoa de agresión sexual*, dous/as informantes relatan que dúas compañeras da Universidade de Vigo sufriron unha agresión sexual.

Un compañero PAS que todavía está, que al final no denunciaron, le metió mano directamente entre las piernas a una compañera que estaba haciendo gimnasia en el pabellón, en el gimnasio. Yo estoy haciendo gimnasia y tú que consideras que tienes que venir a decirme esto. Y la compañera quiso denunciar, de hecho montó un pollo de tres pares de narices, pero se paró todo desde arriba porque los jefes dijeron que no, que no, muy mala prensa, muy mala publicidad, eso no podía traspasar y... y ahí se acalló todo (PAS 4, 1:1563).

#### 6.2.3.5. Respostas ás situacións de acoso e accións preventivas

Nesta última categoría de primeiro nivel de profundidade emerxen tres subcategorías que se refiren a: i. Medidas formativas; ii. Medidas de protección e respostas; e iii. Medidas de divulgación.



En relación coa primeira categoría de segundo nivel, *medidas formativas*, a maioría do persoal de administración e servizos refírense a accións dirixidas a proporcionarlle formación a toda a comunidade educativa e a fomentar a investigación, coa finalidade de que o acoso sexual non sexa un tema tabú e, por tanto, se visibilice.

Creo que lo importante es la formación, la investigación, el desarrollo, el I + D + I (PAS 3, 1:569).

A mí me parece que más de formación (PAS 1, 1:370).

Formación. Yo creo que hay que dar formación (PAS 3, 1:382).

La élite entre comillas, La élite también tendría que ir a unas charlitas que le dijeran cómo son las cosas [...]

También creo que deberían concienciarse en hacer charlas, eh, con los alumnos, con los profesores y tratar estos temas más a menudo con más amplitud y a todo el mundo... (PAS 4, 1:386).

Con referencia á categoría secundaria, *medidas de protección e respostas*, dúas PAS refírense á indefensión da vítima ao considerar que se lle deberían ofrecer máis garantías de seguridade, de axuda profesional e, en definitiva, máis protección á vítima.

Saber a dónde acudir en caso de que suframos y queramos denunciar un caso de acoso sexual, acoso por razón de sexo o agresión sexual (PAS 1, 1:371).

Pues me encantaría que hubiese algún tipo de sitio donde poder quejarnos o manifestar nuestras cosas, lo que nos pasa como un buzón de sugerencias, algo así. Una queja y que alguien lo pueda recoger y decir, pues esto va para este comité que lleva esto y lo puede solucionar, algo, donde te puedan tomar en serio mínimamente y te puedan entender y puedan decir esto no puede pasar y hay que tomar medidas. Y entonces a esta persona le tendremos que llamar la atención y si hay que sancionar se les sanciona (PAS 4, 1:390).

E, por último, con respecto ás *medidas de divulgación*, unha das entrevistadas expón a necesaria difusión do protocolo de acoso sexual e por razón de sexo vixente na Universidade de Vigo, xa que alega que temos que visibilizar que o acoso sexual e por razón de sexo tamén sucede no eido universitario, e que existen ferramentas para previlo e sancionalo.

Y que se presente de alguna forma el plan de igualdad o el protocolo existente ante esta situación, así como presentar cursos de formación. Empezar a visualizar que esto existe, que en este trabajo sí hay este tipo de acoso, tanto acoso sexual como acoso por razón de sexo (PAS 1, 1:370).





CONCLUSIÓN



## 7.1. CONCLUSIÓNS DO ESTUDO CUANTITATIVO

### 7.1.1. ESTUDANTES

#### Perfil sociodemográfico do alumnado

- Un total de 1,106 estudantes da Universidade de Vigo participaron no estudo. Un 48,4 % do estudiantado pertence ao campus de Vigo, un 29,7 % ao de Ourense e un 21,9 % ao de Pontevedra.
- O 77,5 % do alumnado definiuse como totalmente heterosexual, un 16,4 % como maioritariamente heterosexual, un 3,9 % como bisexual e un 2,2% definiuse como maioritariamente ou totalmente homosexual ou lesbiana.
- O 52,5 % do estudiantado ten parella actualmente, do cal un 78,1 % mantén unha relación de máis de seis meses.
- As alumnas son as que teñen relacións máis duradeiras (81,7 %) fronte aos seus compañeiros.

#### Os trazos estereotipados polo xénero e o nivel de sexismo ambivalente

- As alumnas adscribíense aos trazos expresivos e os alumnos defínense con características instrumentais, seguindo os estereotipos de xénero.
- En canto ás actitudes sexistas ambivalentes cara ás mulleres, podemos sinalar que son os alumnos os que mostran os maiores niveis de sexismo tanto hostil (sexismo tradicional) coma benevolente (ton afectivo-positivo).

#### Percepción de risco do acoso sexual, o acoso en función do sexo e da agresión sexual na universidade

##### *Percepción de risco do acoso sexual*

- Un 28,9 % das alumnas e un 21,9 % dos alumnos considera que é unha situación habitual na cal se poden atopar as mulleres no ámbito universitario.
- O alumnado considera que a poboación máis vulnerable é o colectivo LGTBI-Q (37,6 %), seguido das mulleres (26,1 %).

##### *Percepción de risco do acoso por razón de sexo*

- Son os alumnos os que presentan os niveis máis baixos de percepción de risco.
- O alumnado considera que a poboación máis vulnerable é o colectivo LGTBI-Q (37,8 %), seguido das mulleres (31,1 %).

### *Percepción de risco da agresión sexual*

- O alumnado mostra unha baixa percepción de risco en relación coa agresión sexual, xa que considera que é moi pouco probable que se produza unha situación deste tipo no ámbito universitario, especialmente nos homes (case improbable nun 99,2 %), seguido das mulleres (case improbable nun 90,7 %) e das persoas LGTBI-Q (case improbable nun 85,9 %).
- Un 10,8 % das alumnas considera bastante ou moi probable que as mulleres sufran unha agresión sexual no ambiente universitario.
- En relación coas persoas LGTBI-Q, as alumnas consideran bastante e moi probable que poidan sufrir unha agresión sexual (un 17,7 %) fronte aos seus compañeiros (un 8,3 %).

### **Actitudes cara ao acoso sexual**

- Os alumnos mostran unha maior tolerancia cara ao acoso sexual que sofren as mulleres e ao mesmo tempo están en maior desacordo coas causas feministas ca as súas compañeiras.
- Os alumnos están máis de acordo ca as alumnas, con enunciados como que «unha muller atractiva debe esperar recibir insinuacións sexuais e aprender a manexalas»; que «moitas das mulleres con quen a maioría dos homes se relacionan coquetean de forma sexual con eles»; que «a maioría das mulleres que reciben insultos sexuais de homes os provocan a través da súa forma de falar, actuar ou vestir»; que «unha muller que usa a súa sexualidade para promoverse na súa vida académica ou profesional é algo natural»; que «un home se insinúe sexualmente a unha muller que lle resulta atractiva é algo natural».

### **Comportamentos sexuais e comportamentos en función do sexo non desexados**

#### **i. Vítimas de acoso sexual, por razón de sexo e agresión sexual na universidade**

##### *Vítimas de acoso sexual*

- 35 estudantes que participaron neste estudo autoidentificáronse como vítimas de acoso sexual sufrido na universidade (30 son alumnas e 5 son alumnos).
- En canto aos agresores das 30 alumnas vítimas de acoso sexual, sinalaron 19 compañeiros de facultade, 7 profesores-investigadores e 1 traballador PAS, e 2 persoas vinculadas indirectamente coa universidade. Unha alumna non identificou a persoa agresora do acoso sexual.
- En canto ás persoas agresoras dos 5 alumnos vítimas de acoso sexual, sinalaron 2 compañeiros da facultade, 1 compañeira e 1 profesora-investigadora. Un alumno non identificou a persoa agresora do acoso sexual.

*Vítimas de acoso en función do sexo*

- 39 estudantes afirmaron ser vítimas de acoso por razón de sexo nesta universidade, dos cales 37 son alumnas e 2 son alumnos.
- En relación coa identificación da persoa agresora, as alumnas sinalaron como agresor 24 compañeiros, 11 profesores e 1 compañeira. Unha alumna non identificou a persoa agresora do acoso en función do sexo.
- Os alumnos sinalaron como agresor 1 compañeiro e 1 profesora.

*Vítimas de agresión sexual*

- Unha alumna afirmou ser vítima dunha agresión sexual por parte dun compañeiro da facultade.

**ii. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade**

Ao avaliar a frecuencia de situacións de índole sexual (non desexadas e ofensivas), ás que as persoas están expostas na universidade, estas situacións organizáronse en tres tipos: acoso de xénero, atención sexual non desexada e coacción sexual.

*Acoso de xénero*

- As medias acadadas polo alumnado nesta situación de acoso de xénero son as máis altas en relación coa atención sexual non desexada e coa coacción sexual. Así mesmo, non se atoparon diferenzas significativas en función do xénero.
- Durante a súa experiencia na universidade, as alumnas sentiron máis veces fronte aos seus compañeiros que «as trataron de forma “diferente” debido ao seu xénero», un 8,1 % (n = 54) delas viviron esta situación ás veces e un 3,5 % (n = 30) bastantes veces.
- 17 alumnas e 36 alumnos recoñecen que presenciaron comentarios sexistas; suxeriron, por exemplo, que «as mulleres son demasiado emotivas para ser científicas» ou «ben que os homes non deben ser os cuidadores principais das súas crianzas».

*Atención sexual non desexada*

- Son as alumnas as que máis sofren situacións de atención sexual non desexada ca os seus compañeiros.
- Ante a situación de «empeñáronse en pedirles citas a pesar de dicirlles claramente que non», encontramos que un 8,6 % (n = 58) das alumnas sufriron esa situación polo menos unha vez, un 6,1 % (n = 41) ás veces, e un 3,4 % (n = 23) bastante a miúdo, fronte aos alumnos que o experimentaron un 5,2 % (n = 22), un 3,1 % (n = 13) e un 2,1 % (n = 9), respectivamente.
- Ante a situación de «tocoute de forma inadecuada como por exemplo poñerche a man encima do teu brazo descuberto, abrazarte polo ombreiro etc.», un 14,5 % (n =

97) das alumnas e un 9,9 % (n = 42) dos alumnos afirman que algunha vez sufriron esta situación.

#### *Coacción sexual*

- En relación coas medias acadadas polo alumnado na situación de coacción sexual non atopamos diferenzas significativas en función do xénero.
- Ante a situación de «subornoume de forma sutil con algún tipo de premio ou de trato especial coa finalidade de manter unha relación sexual», encontramos que un 4 % das alumnas sufriron esa situación polo menos unha vez, un 1,2 % (n = 8) ás veces e un 0,8 % (n = 6) bastante a miúdo.
- Ante a situación de «tratoute mal por negarte a manter relacións sexuais» atopamos que un 2,1 % (n = 14) das alumnas sufriron esa situación polo menos unha vez, un 0,3 % (n = 2) ás veces e un 0,4 % (n = 3) bastante a miúdo; os alumnos experimentárono un 1,9 % (n = 8), un 0,5 % (n = 2) e un 0,5 % (n = 2), respectivamente.

#### **iii. O nivel de cousificación sexual experimentado**

- Son as alumnas as que sofren con maior frecuencia avaliacións sobre o seu corpo; por exemplo, que as miran cara a algunha parte do seu corpo sexuado cando falan con elas ou que avalían a súa aparencia física. Tamén son as alumnas ás que máis sofren comportamentos sexuais explícitos non desexados como por exemplo que as tocan contra a súa vontade, que se sentiron acosadas sexualmente ou que as beliscaron ou agarraron algunha parte íntima do seu corpo con violencia.

#### **iv. Acoso relativo á non conformidade de xénero**

- As persoas que sofren, no ámbito universitario, un maior acoso por non cumprir coas normas de xénero tradicionais son principalmente os alumnos. Ademais moitos deles séntense cuestionados coa súa masculinidade.
- En canto á frecuencia en que o alumnado se atopou durante a súa experiencia na universidade nunha situación na cal se poñía en dúbida algunha vez a súa masculinidade (se é home) ou a súa feminidade (se é muller), encontramos que un 9,7 % (n = 41) dos alumnos sufriron esa situación polo menos unha vez, un 6,9 % (n = 29) ás veces e un 4,2 % (n = 18) bastante a miúdo, fronte ás alumnas que o experimentaron un 5,1 % (n = 34), un 3,9 % (n = 26) e un 1,9 % (n = 13), respectivamente.
- Os alumnos sofren unha maior hostilidade persoal heterosexista ca as alumnas.
- Un 22,9 % (n = 60) dos alumnos e un 19,7 % (n = 91) das alumnas viviron un ambiente hostil heterosexista na universidade, e un 6,7 % (n = 26) dos alumnos e un 1,9 % (n = 12) das alumnas sufriron hostilidade heterosexista no ámbito persoal.



## 7.1.2. PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI)

### Perfil sociodemográfico do PDI

- Nos tres campus da Universidade de Vigo distribuíse ao colectivo PDI un total de 710 cuestionarios e contestaron 185, o que supón unha taxa de resposta do 26,05 %.
- Un 59,8 % son profesoras-investigadoras e un 40,2 % son profesores-investigadores cunha media de idade de 45 anos.
- O 84,7 % definiuse como totalmente heterosexual, un 11,5 % como maioritariamente heterosexual, un 0,5 % como bisexual e un 3,3 % definiuse como totalmente homosexual ou lesbiana.
- Afirmar ter parella actualmente o 81,5 %, dos cales un 97,3 % levaban máis de seis meses de relación. Os profesores-investigadores son os que teñen relacións de parella máis duradeiras fronte ás profesoras-investigadoras.

### Os trazos estereotipados polo xénero e o nivel de sexismo ambivalente

- Non se atopan diferenzas significativas na adscrición aos trazos expresivos e instrumentais en función do xénero.
- En canto ao grao de sexismo ambivalente cara ás mulleres, podemos sinalar que o PDI mostra un baixo grao de sexismo ambivalente, e son os profesores-investigadores os que presentan máis actitudes sexistas hostís.

### Percepción de risco do acoso sexual, o acoso en función do sexo e da agresión sexual

#### *Percepción de risco do acoso sexual*

- O profesorado participante no estudo considera que a poboación máis vulnerable para sufrir acoso sexual na universidade é o colectivo LGTBI-Q (36,1 %), seguido das mulleres (24,5 %).
- Un 31,8 % das profesoras-investigadoras considera que é unha situación bastante ou moi habitual na cal se poden atopar as mulleres no ámbito universitario fronte a un 13,5 % dos profesores-investigadores.
- En relación coa percepción de acoso sexual que poden sufrir as persoas LGTBI-Q, podemos subliñar que son os profesores-investigadores os que mostran unha maior percepción de risco deste colectivo (78,4 %) fronte ás súas compañeiras (54,2 %).
- As profesoras-investigadoras consideran o colectivo LGTBI-Q de maior risco para sufrir acoso sexual (un 45,8 %) ca elas mesmas (31,8 %).

### *Percepción de risco do acoso por razón de sexo*

- O PDI considera que a poboación máis vulnerable a sufrir acoso por razón de sexo é o colectivo LGTBI-Q (43,7 %), seguido das mulleres (35,6 %).
- Os profesores-investigadores son os que presentan os niveis de percepción máis baixos.
- Cómpre destacar que as profesoras-investigadoras perciben un maior risco de sufrir acoso por razón de sexo as persoas LGTBI-Q (un 43,7 %) ca as propias mulleres (45,4 %).

### **Percepción de risco da agresión sexual**

- O colectivo PDI presenta unha percepción de risco sobre a agresión sexual moi baixa.
- Un 12,7 % das profesoras-investigadoras considera bastante ou moi probable que unha muller poida sufrir unha agresión sexual fronte ao 5,5 % dos profesores-investigadores.
- En relación coas persoas LGTBI-Q, as profesoras-investigadoras consideran bastante e moi probable que poidan sufrir unha agresión sexual (un 18,4 %) fronte aos profesores-investigadores (un 9,5 %).

### **Actitudes cara ao acoso sexual**

- A pesar de obter medias baixas na escala de actitudes cara ao acoso sexual, o que significa que teñen actitudes negativas fronte ao acoso sexual, son os profesores-investigadores os que mostran unha maior tolerancia cara ao acoso sexual que sofren as mulleres e, ao mesmo tempo, están máis en desacordo coas causas feministas ca as profesoras.
- Os profesores-investigadores están máis de acordo con enunciados como que «unha muller que usa a súa sexualidade para promoverse na súa vida académica ou profesional é algo natural»; que «un home se insinúe sexualmente a unha muller que lle resulta atractiva é algo natural»; que «un dos problemas co acoso sexual é que hai mulleres que non saben aguantar unha broma»; que «moitas denuncias do acoso sexual son frívolas»; que «moito do que chaman acoso sexual é o simple coqueteo entre homes e mulleres»; e que «toda esta preocupación co acoso sexual fai que sexa difícil para os homes e as mulleres manter relacións normais».

### **Comportamentos sexuais e comportamentos en función do sexo non desexados**

#### **i. Vítimas de acoso sexual, por razón de sexo e agresión sexual na universidade**

##### *Vítimas de acoso sexual*

- 12 profesoras-investigadoras e 1 un profesor-investigador autoidentificáronse como vítimas de acoso sexual nesta universidade.

- En canto aos agresores/as das 12 profesoras-investigadoras sinalaron 5 profesores-investigadores, 3 alumnos e 2 alumnas. Unha profesora non identificou a persoa agresora do acoso sexual.
- O profesor-investigador vítima de acoso sexual sinala a unha profesora-investigadora como agresora.

#### *Vítimas de acoso en función do sexo*

- Atopamos que 17 PDI afirmaron ser vítimas de acoso por razón de sexo, todas son profesoras-investigadoras.
- En relación coa identificación da persoa agresora, as profesoras-investigadoras sinalaron 9 profesores-investigadores, 5 alumnos e 2 compañeiras profesoras-investigadoras. Unha profesora non identificou a persoa agresora.

#### *Vítimas de agresión sexual*

- Foron dúas as profesoras-investigadoras que afirmaron ser agredidas sexualmente por 1 alumno e por 1 profesor-investigador, respectivamente.

## **ii. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade**

### *Acoso de xénero*

- Na situación de acoso de xénero son as situacións máis sufridas na universidade, principalmente, polas profesoras-investigadoras fronte aos compañeiros.
- As profesoras-investigadoras son as que máis «adoitan escoitar historias con contido sexual ou chistes ofensivos», ás que «intentaron, sen que elas quixesen, falarlles de temas persoais ou sexuais», ás que «lles fixeron comentarios ofensivos e groseiros en público e en privado», ás que «depreciaron, ignoraron ou trataron diferente polo seu xénero», ás que «lles fixeron comentarios sexistas» e ás que «tamén mostraron unha actitude paternalista cara a elas».
- Viviron na universidade ás veces un 44,6 % (n = 45) das profesoras-investigadoras, unha situación na que «adoitaban contarlles historias con contido sexual ou chistes ofensivos», e un 23,9 % (n = 26) bastantes veces; fronte aos profesores-investigadores que viviron esa situación entre un 41,3 % (n = 33) e un 8,2 % (n = 6), respectivamente.
- Ao analizar a situación de «menosprezoute ou mostrou unha actitude paternalista polo teu xénero», atopamos que os profesores-investigadores de forma unánime afirman que nunca se encontraron nesa situación; non obstante, entre as profesoras-investigadoras un 26,4 % (n = 9) experimentárona ás veces e bastantes veces un 13,7 % (n = 15).

### *Atención sexual non desexada*

- As profesoras-investigadoras manifestan que son elas as que sofren unha maior atención sexual non desexada fronte aos profesores.
- Se analizamos a frecuencia en que o colectivo PDI se atopou na situación dunha atención sexual non desexada, encontramos que un 11 % (n = 12) de das profesoras-investigadoras recoñecen ter vivido esta situación, un 22 % (n = 24) ás veces e un 5,6 % (n = 4) bastantes veces; mentres que dos profesores- investigadores un 90,5 % afirma que nunca se encontrou nesta situación.
- Ante a situación «tocoute dunha forma que te incomodou», o 100 % do profesores-investigadores afirmaron que nunca se atoparon nesa situación na universidade, mentres que un 7,3 % (n = 8) das profesoras-investigadoras sosteñen que polo menos experimentaron ese tipo de situacións unha vez e un 9,1 % (n = 10) manifestan que esas situacións as sofren ás veces.

### *Coacción sexual*

- As profesoras-investigadoras son as que máis situacións de coacción sexual sofren ao comparalas cos profesores-investigadores.
- Ante a situación de experimentar «unha coacción sexual, a través do suborno de forma sutil con algún tipo de premio ou de trato especial coa finalidade de manter unha relación sexual», encontramos que un 3,6 % (n = 4) das profesoras-investigadoras sufriron esa situación polo menos unha vez, un 1,8 % (n = 2) ás veces e un 0,9 % (n = 1) bastante a miúdo fronte aos profesores-investigadores que afirman que nunca se atoparon nesta situación.
- En canto á situación de «obrigoute a responder positivamente ás invitacións sexuais ou sociais para recibir un bo trato no traballo», o 100 % do profesorado afirma que nunca se atopou nesta situación, pero un 2,7 % (n = 3) das profesoras afirman experimentar esa situación polo menos unha vez e un 0,9 % (n = 1) moi a miúdo.

### **iii. O nivel de cousificación sexual experimentado**

- As profesoras-investigadoras son as que afirman sufrir con maior frecuencia avaliacións sobre o seu corpo sexuado e tamén son as que máis reciben comportamentos e comentarios sexuais explícitos non desexados.

### **iv. Acoso relativo á non conformidade de xénero**

- En relación co acoso relativo á non conformidade de xénero, son as profesoras-investigadoras quen manifestan sufrir un maior acoso por non cumprir coas normas de xénero tradicionais.

- Tamén son as profesoras as que afirman que son «máis criticadas por non comportarse como unha muller de verdade» fronte aos profesores- investigadores. Así, un 10 % (n = 11) das profesoras-investigadoras atopáronse nesa situación polo menos unha vez, un 6,4 % (n = 7) ás veces e un 1,8 % (n = 2) bastante a miúdo. Mentres que os profesores-investigadores experimentaron ese tipo de situacións en menor medida, un 2,7 % (n = 2) unha vez, un 1,4 % (n = 1) ás veces e un 1,4 % (n = 1) bastantes veces.
- Un 24,7 % (n = 18) das profesoras-investigadoras e un 19,6 % (n = 10) dos profesores-investigadores recoñecen que viviron un ambiente hostil heterosexista, e un 0,9 % (n = 1) das profesoras-investigadoras sufriron hostilidade heterosexista no ámbito persoal.

### 7.1.3. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

#### Perfil sociodemográfico do PAS

- Dos 252 cuestionarios distribuídos nos tres campus ao colectivo PAS contestaron un total de 154, o que supón unha taxa de resposta do 61,1 %.
- 154 persoas son PAS dos tres campus da Universidade de Vigo. Un 68,8 % (n = 106) de traballadoras PAS e un 31,2 % (n = 48) de traballadores PAS, cunha media de idade de 46,7.
- O 84,6 % adscribíuse como totalmente heterosexuais, un 11,4 % como maioritariamente heterosexual, un 2 % como bisexuais e un 2 % definiuse como maioritariamente ou totalmente homosexuais.
- Un 76 % do PAS afirmou ter parella, dos cales un 97,3 % levaban máis de seis meses de relación. As traballadoras son as que teñen relacións máis duradeiras (98,1 %) fronte aos seus compañeiros.

#### Os trazos estereotipados polo xénero e o nivel de sexismo ambivalente

- As traballadoras adscribíuse en maior medida aos trazos expresivos fronte aos seus compañeiros, e teñen o mesmo nivel ca os seus compañeiros en canto aos trazos instrumentais.
- Detectouse un baixo nivel de sexismo ambivalente cara ás mulleres. Aínda que seguen sendo os homes os que mostran un maior nivel de sexismo hostil e tamén de sexismo benevolente.

## **Percepción de risco do acoso sexual, o acoso en función do sexo e da agresión sexual na universidade**

### *Percepción de risco do acoso sexual*

- Para o PAS o colectivo máis vulnerable é o LGTBI-Q (26,6 %), seguido das mulleres (19,6 %).
- Un 21,9 % das traballadoras e un 14,6 % dos traballadores considera que é unha situación habitual en que se poden atopar as mulleres no contexto universitario.
- A percepción de risco sobre o acoso sexual que poden sufrir as persoas LGTBI-Q é maior fronte ao resto dos colectivos (32 %).
- As traballadoras do PAS consideran o colectivo LGTBI-Q como máis vulnerable a sufrir acoso sexual (28,3 %) ca elas mesmas (21,9 %).

### *Percepción de risco do acoso por razón de sexo*

- Consideran que o colectivo máis vulnerable son as persoas LGTBI-Q (29,8 %), seguido das mulleres (23,5 %).
- As mulleres seguen percibindo con maior risco de sufrir acoso por razón de sexo ás persoas LGTBI-Q (32 %) ca a elas mesmas (26,6 %).

### *Percepción de risco da agresión sexual*

- No colectivo PAS detectouse unha baixa percepción de risco de agresións sexuais. Así, de forma maioritaria o PAS considera que é moi pouco probable que as mulleres (96,1 %), os homes (98 %) e as persoas LGTBI-Q (91,5 %) sufran agresións sexuais no ámbito universitario.

## **Actitudes cara ao acoso sexual**

- Os traballadores e as traballadoras mostran actitudes cara ao acoso sexual similares.
- Pero os traballadores están máis de acordo con enunciados como que «a idea de que o que fai un traballador PAS no seu posto laboral pódese interpretar como acoso sexual é levar a idea do acoso sexual demasiado lonxe»; e que «a agresión sexual e o acoso sexual son dous conceptos totalmente distintos».

## **Comportamentos sexuais e comportamentos en función do sexo non desexados**

### **i. Vítimas de acoso sexual, por razón de sexo e agresión sexual na universidade**

#### *Vítimas de acoso sexual*

- 9 PAS manifestaron sufrir situacións de acoso sexual nesta universidade, 8 traballadoras e 1 traballador.

- As traballadoras PAS evidencian que sufriron acoso sexual por 5 traballadores PAS, por 2 profesores-investigadores e por 1 alumna.
- O traballador PAS vítima de acoso sexual non desvelou a persoa agresora.

#### *Vítimas de acoso en función do sexo*

- 4 traballadoras recoñecen ser vítimas de acoso por razón de sexo.
- En dous casos o agresor foi un profesor-investigador e nos outros dous casos foi un compañeiro PAS.

#### *Vítimas de agresión sexual*

- Unha traballadora PAS revelou ser agredida sexualmente por un compañeiro PAS.

## **ii. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade**

#### *Acoso de xénero*

- En relación coas medias acadadas polo colectivo PAS na situación de acoso de xénero non se confirman diferenzas significativas en función do xénero.
- Un 10,6 % (n = 11) das traballadoras atopáronse ás veces na situación na universidade na que «sentiu que a trataron de forma “diferente” debido ao seu xénero, é dicir, que se sentiu maltratada, desprezada e ignorada» e un 5,7 % (n = 6) bastantes veces.
- Un 12,5 % (n = 13) das traballadoras atopáronse ás veces nunha situación de «menosprezoute ou mostrou unha actitude paternalista polo teu xénero», fronte a un 95,8 % de traballadores do PAS que nunca experimentaron este tipo de comportamentos.

#### *Atención sexual non desexada*

- As traballadoras do PAS manifestan que son elas as que sofren unha maior atención sexual non desexada.
- Un 6,7 % (n = 7) das traballadoras do PAS recoñecen ter sufrido ás veces unha situación de «intentar establecer unha relación sentimental, a pesar dos esforzos por disuadir a persoa», fronte aos seus compañeiros que afirman que nunca se viron nesa situación.
- En relación co feito de «tocoute dunha forma que te incomodou» un 10,6 % (n = 11) das traballadoras do PAS sosteñen que polo menos experimentaron ese tipo de situacións unha vez e un 5,8 % (n = 6) manifestan que sofren esas situacións bastantes veces.

#### *Coacción sexual*

- Detectouse un baixo nivel de coacción sexual sufrida.
- Ante a situación «puidéronse sentir ameazados/as de forma sutil con algún tipo de represalia por non cooperar sexualmente», encontramos que un 1,9 % (n = 2) das

traballadoras PAS afirmaron experimentar esa situación polo menos unha vez, e un 1 % (n = 1) a miúdo, fronte aos traballadores PAS que afirman que nunca experimentaron estes comportamentos.

### iii. O nivel de cousificación sexual experimentado

- Son as traballadoras do PAS as que recoñecen sufrir con maior frecuencia avaliacións sobre o seu corpo sexuado.

### iv. Acoso relativo á non conformidade de xénero

- Non se detectaron diferenzas significativas entre as traballadoras e os traballadores do PAS nas medias do acoso relativo á non conformidade de xénero.
- Ao analizar a frecuencia en que o colectivo do PAS experimenta críticas por non axustarse aos trazos estereotipados polo xénero, encontramos que un 3,8 % (n = 4) das traballadoras se atopan nesta situación polo menos unha vez, e un 5,8 % (n = 6) bastantes veces. En cambio os traballadores do PAS experimentaron ese tipo de situacións un 2,1 % (n = 1) polo menos unha vez e un 8,4 % (n = 4) bastantes veces.
- Atopamos que un 16,7 % das traballadoras do PAS e un 29,2 % (n = 7) dos traballadores do PAS recoñeceron vivir un ambiente hostil heterosexista na universidade.

## 7.2. CONCLUSIÓNS DO ESTUDO CUALITATIVO

A continuación expóñense de forma esquemática as principais conclusións extraídas do estudo cualitativo a través de entrevistas e grupos de discusión realizados cos tres colectivos participantes. Así, en primeiro lugar identifícanse as ideas chave extraídas do colectivo de estudantes; en segundo lugar, expóñense as conclusións relativas ao colectivo de persoal docente e investigador; e, por último, recóllense os aspectos máis destacables respecto ao colectivo do persoal de administración e servizos.

### 7.2.1. ESTUDANTES

As opinións e as actitudes do alumnado participante recollidas tanto nas entrevistas coma nos grupos de discusión realizados manteñen unha mesma tendencia, polo que serán expostas de forma conxunta.

#### **Coñecementos de acoso sexual e acoso por razón de sexo**

- O alumnado coñece en gran medida as situacións que abrangue o acoso sexual e o acoso por razón de sexo. Non obstante, moitas persoas tenden a confundir ambas as situacións ou ben a relacionalas con outros fenómenos, como a violencia de xénero.



- Respecto á conceptualización de acoso sexual, tenden a relacionalo con condutas que teñan unha finalidade sexual e que se dan sen o consentimento das vítimas.
- Apuntan que o acoso sexual pode desenvolverse tanto a través de condutas ou comentarios, así como xestos ou condutas non verbais.
- Consideran maioritariamente as mulleres como as principais vítimas de acoso sexual.
- En relación coa conceptualización do acoso por razón de sexo evidénciase que tenden a relacionalo con cuestións de xénero e de identidade sexual. Non obstante, non existe consenso sobre cal é o colectivo que máis o sofre.
- O alumnado indica que maioritariamente reciben a información sobre estes temas no seu ambiente ou a través dos medios de comunicación/redes sociais.
- Practicamente a unanimidade do estudantado admite non ter recibido formación específica sobre o acoso sexual ou o acoso por razón de sexo.
- Todas e todos as/os informantes recoñecen que a formación sobre o acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresións sexuais é importante.
- Case a totalidade do alumnado descoñecía que existira un protocolo de actuación sobre o acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresións sexuais.

### **Percepcións sobre o acoso sexual e acoso por razón de sexo**

- A maioría do alumnado entrevistado defende que o acoso é frecuente e máis habitual do que se pensa no contexto universitario.
- O alumnado indica que os motivos polos que existe o acoso relacionados coa vítima están relacionados coas vítimas (p. ex.: que «consinta» o acoso); relacionados coa persoa acosadora/agresora (p. ex.: que teña máis poder); e relacionados coa sociedade (por ex. o sistema patriarcal machista).
- Non existe consenso á hora de catalogar a universidade como ambiente seguro ou inseguro respecto das situacións de acoso, nuns casos considéranlo inseguro como a sociedade; mentres que noutros indican que é mais seguro ca a rúa.

### **Actitudes cara ao acoso sexual e acoso por razón de sexo**

- A maioría do alumnado expresa actitudes negativas cara ás situacións de acoso, tanto dentro coma fóra da institución universitaria.
- A tendencia dos discursos é afirmar que o alumnado en xeral ten actitudes permisivas é *pasotas* respecto das situacións de acoso.

- O alumnado entrevistado percibe que algún persoal docente está máis implicado ante a problemática do acoso e ten actitudes máis negativas cara a el, mentres que outras persoas docentes son máis tolerantes ou *pasotas* e demostran actitudes máis permisivas.
- Respecto das actitudes da universidade percibidas polo alumnado, a ampla maioría das persoas informantes apunta que debe ser un tema de grande importancia na institución e fóra dela.
- A maioría do alumnado indica que non hai unha verdadeira implicación en previr, dar resposta ou solucionar este tipo de situacións na Universidade de Vigo.

### **Relatos de acoso no contexto universitario**

- Máis da metade das persoas entrevistadas relatan situacións de acoso sexual no contexto universitario, perpetradas maioritariamente a través de acoso verbal.
- Dous terzos das persoas entrevistadas relatan situacións de acoso por razón de sexo no contexto universitario, fundamentalmente a través do acoso verbal tanto referido a mulleres coma ao colectivo LGTBI-Q.
- Nos grupos de discusión varias alumnas expoñen ter sido vítimas de acoso sexual por parte de compañeiros traballadores PAS ou de docentes, perpetrado a través de accións verbais ou incluso por vía telemática.
- Algunhas informantes relatan ter vivido situacións de acoso por razón de sexo a través de comentarios verbais discriminatorios e chistes ofensivos, tanto por parte do profesorado coma dos seus compañeiros da universidade, incluso nas aulas.
- Na maioría dos grupos de discusión saen á luz casos coñecidos de acoso sexual por parte de compañeiros, docentes ou PAS.
- Nun dos grupos de discusión relátase que nunha festa universitaria, celebrada dentro do campus, intentaron drogar a unha rapaza coa finalidade de perpetrar unha agresión sexual.

### **Respostas ás situacións de abuso e accións preventivas**

- A maioría do alumnado propón medidas formativas para previr e actuar ante as situacións de acoso, fundamentalmente a través de charlas ou conferencias de carácter obrigatorio e que impliquen tanto a docentes coma a discentes.
- Algúns e algunhas das estudantes tamén apuntan medidas institucionais como crear un gabinete de axuda ou garantir as represalias para as persoas acosadoras/agresoras; ou tamén investigar máis a problemática, darlle publicidade aos recursos de axuda da universidade ou un sistema de queixas.

## 7.2.2. PERSOAL DOCENTE INVESTIGADOR (PDI)

### Coñecementos de acoso sexual e acoso por razón de sexo

- As informantes relacionan o acoso sexual coa obxectivización e a discriminación, coa invasión do espazo físico e con facer sentir incómodas as vítimas.
- Escaso coñecemento do acoso por razón de sexo, o cal relacionan con condutas ou situacións discriminatorias.
- As docentes/investigadoras sinalan que a información que teñen sobre o acoso é adquirida a través de achegas persoais ou por cultura xeral.
- A unanimidade do persoal docente/investigador reconece non ter recibido formación específica en relación coas situación de acoso analizadas.
- Todas as docentes entrevistadas concordan en outorgar unha gran relevancia á formación sobre o acoso, co fin de identificar correctamente as diferentes situacións e poder actuar e dar a resposta máis axeitada.
- As entrevistadas descoñecen o procedemento que recolle o protocolo universitario relativo ás situacións de acoso sexual na universidade.

### Percepcións sobre o acoso sexual e acoso por razón de sexo

- A maioría das entrevistadas argumenta que este tipo de situacións son máis frecuentes do que pensamos e que non se denuncian por medo, vergoña ou pola culpabilidade que experimentan.
- Tres cuartas partes das informantes identifican o acoso sexual como o tipo de acoso máis frecuente na universidade, fundamentalmente dirixido cara ás mulleres.
- As motivacións aludidas que explican as condutas de acoso no contexto universitario xiran arredor de cuestións relacionadas coa persoa acosadora (p. ex.: problemas de personalidade ou desaxustes psicolóxicos); ou por cuestións relacionadas co ambiente (p. ex. sociedade machista/patriarcal).
- A metade das informantes non teñen claro que a universidade sexa un espazo seguro xa que, ao non estar claros os límites destas condutas e os recursos existentes, a universidade non pode ofrecer esa seguridade.
- A participante que revela ter sufrido unha situación de acoso sexual na universidade non se sentiu segura, e descoñecía onde podía acudir tras a experiencia vivida.

### **Actitudes cara ao acoso sexual e acoso por razón de sexo. Relatos de acoso no contexto universitario**

- Atopamos que todas as informantes expresan actitudes negativas cara ás situacións de acoso sexual, nalgúns casos tamén indiferenza.
- A metade das informantes consideran que o acoso sexual e por razón de sexo non é un tema de grande importancia para a universidade.
- A maioría do persoal docente-investigador considera que non hai implicación por parte da institución para previr, detectar e erradicar o acoso sexual, ou que este é insuficiente.

### **Relatos de acoso sexual e acoso por razón de sexo no contexto universitario**

- Identificamos tres vítimas de acoso sexual na universidade das catro informantes, dúas a través de comentarios, condutas non verbais ou insinuacións por parte de compañeiros ou superiores da universidade; e unha por parte dun alumno que chegou a seguila ata a súa propia vivenda.
- Dúas docentes-investigadoras relatan, en primeira persoa, que no seu posto de traballo na universidade tamén sufriron situacións de acoso por razón de sexo, fundamentalmente comentarios sexistas.
- Unha das informantes argumenta que foi espectadora de como alumnas da facultade manifestaban sufrir acoso sexual na universidade por parte dun profesor.
- Unha participante reconece que presenciou momentos nos cales os seus compañeiros de traballo verbalizaron comentarios tipificados como acoso por razón de sexo, especificamente chistes homófobos.

### **Respostas ás situacións de abuso e accións preventivas na universidade**

- A metade das informantes sinalan a necesidade de desenvolver accións formativas dirixidas a proporcionar información que permita identificar o acoso sexual.
- As participantes consideran que se debería ofrecer máis cobertura de seguridade e de protección á vítima, e que as persoas acosadoras/agresoras sufran consecuencias.
- Como medidas concretas para desenvolver propoñen crear un gabinete de axuda para previr, detectar, intervir e denunciar o acoso sexual, investigar a problemática e proporcionar información a través de pantallas dixitais.

### 7.2.3. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS)

#### **Coñecementos de acoso sexual e de acoso por razón de sexo**

- O discurso deste colectivo relaciona o acoso sexual con agresións, intimidacións, presións ou proposicións que poidan incomodar as vítimas.
- As e os informantes conceptualizan o acoso por razón de sexo con situacións de discriminación, que incluírían tanto cuestións de xénero coma de orientación sexual.
- Vincúlase o coñecemento coa información recibida desde os medios de comunicación, pero tamén grazas aos seus estudos, ás lecturas ou os documentais que viron ou directamente por vivencias persoais.
- A maioría das persoas entrevistadas admite non ter recibido formación explicitamente nesta temática. Non obstante, sinalan que a formación/información neste eido resulta fundamental.
- As e os informantes descoñecen a existencia do protocolo da Universidade de Vigo contra a situación de acoso sexual e por razón de sexo, e incluso confúndeno co protocolo contra o acoso moral/laboral.

#### **Percepcións sobre o acoso sexual e o acoso por razón de sexo**

- Non existe consenso sobre se este tipo de situacións son frecuentes ou non no contexto universitario.
- A maioría das persoas participantes considera que o tipo de acoso máis frecuente na universidade é o acoso por razón de sexo.
- Identifican no desequilibrio de poder, na cultura e sociedade machista que o propicia favorecer a cousificación sobre o corpo das mulleres.
- A maioría das informantes consideran que a universidade non é un espazo seguro, recoñecendo que as estratexias para incrementar a seguridade teñen sido individuais como, por exemplo, mudando a vestimenta ou cambiando de lugar de traballo.
- O único participante PAS home identifica a universidade como un ambiente seguro.

#### **Actitudes cara ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo. Relatos de acoso no contexto universitario**

- A totalidade expresa actitudes negativas cara ás situacións de acoso sexual.
- Recoñécense actitudes permisivas cara ao acoso por parte dos compañeiros/as, que se evidencian incluso no rexeitamento ante a enquisa de acoso sexual e por razón de sexo desta investigación.


- Unha das entrevistadas sinala a permisividade do persoal docente e investigador ante as situacións de acoso no contexto universitario.
- A maioría reconece que é unha problemática que lle interesa ao colectivo universitario, xa que é un ámbito no cal o persoal está academicamente moi preparado.

### **Relatos vividos de acoso sexual narrados en primeira persoa**

- As participantes relatan ter vivido situacións de acoso sexual, especificamente expoñen ter recibido comentarios e tocamentos non desexados na universidade por parte de compañeiros ou do persoal docente e investigador.
- Unha das informantes foi vítima de ciberacoso sexual por parte dos seus compañeiros que continuaban coas experiencias vividas no seu posto de traballo na universidade.
- Relátanse varios episodios de acoso sexual por parte de compañeiros e superiores a través de propostas sexuais, exhibicionismo ou situacións de acoso que se continuaron nos seus momentos de ocio.
- As persoas entrevistadas expoñen que presenciaron varias situacións de acoso sexual e acoso por razón de sexo a través de comentarios verbais a terceiras persoas, tanto por parte do persoal de administración e servizos coma por parte do persoal docente e investigador.
- Relátase unha agresión sexual por parte dun superior a unha das traballadoras de administración e servizos.

### **Respostas ás situacións de abuso e accións preventivas**

- A maioría do persoal de administración e servizos refírese a accións dirixidas a proporcionar formación, así como investigación a toda a comunidade.
- Ante a indefensión das vítimas consideran que se debería ofrecer máis cobertura de seguridade e axuda profesional.
- Unha das entrevistadas destaca a necesidade de difundir o protocolo de acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo.



**PROPOSTAS**





## PROPOSTAS PARA A PREVENCIÓN E A INTERVENCIÓN EN SITUACIÓNS DE ACOSO SEXUAL E POR RAZÓN DE SEXO NA UNIVERSIDADE

Tal e como se ten sinalado ao longo desde informe-diagnose, o acoso sexual e por razón de sexo é unha expresión máis do sistema heteropatriarcal no ámbito académico e laboral (Torns, Borrás e Romero, 2000). Nesta liña é un produto máis da desigualdade entre homes e mulleres (Ferrer e Bosch, 2014), así como da desigualdade entre identidades de xénero normativas e non normativas (Lameiras *et al.*, 2013).

Así mesmo, non podemos esquecer, tal e como sinala a Organización das Nacións Unidas (2006), que o acoso sexual e por razón de sexo é unha forma máis de violencia contra as mulleres nas comunidades, así como contra as persoas que transgreden a norma de xénero. Neste sentido, ademais das consecuencias obvias nas vítimas que o sofren, o acoso sexual e por razón de sexo ten consecuencias negativas na organización en que se produce, incluíndo a diminución da produtividade, o absentismo e os custos derivados das baixas, o empeoramento do ambiente laboral/académico coas consecuencias negativas que iso implica, e a perda de valores da organización, nos que se basea a súa razón de ser e o seu funcionamento, así como a mala imaxe pública da institución ao non atender e combater este tipo de prácticas de violencia.

Como destaca o Código de conduta europeo para combater o acoso sexual (1992), o procedemento para resolver as queixas debe ser recollido só como un dos compoñentes dunha estratexia para tratar o problema. O principal obxectivo debe ser, polo tanto, cambiar actitudes e comportamentos.

Neste sentido, as universidades, como espazos de traballo e, especialmente, de formación de alumnado, teñen a obriga ética de adoitar un compromiso explícito coa promoción dos valores democráticos e coa transformación social, na liña dun concepto sociocrítico da educación, que entende a educación fundamentalmente como humanización do alumnado, superando amplamente a simple instrución. Isto implica que os órganos de goberno das universidades teñen a obriga de encarnar, respectar, velar e promover estes valores mínimos de convivencia.

Consciente disto, a Universidade de Vigo, no seu *Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo* (Resolución reitoral do 16 de decembro de 2014), recolle, no artigo 1, que é obxecto deste protocolo a prevención de toda situación de acoso sexual e por razón de sexo que se poida producir no contorno universitario da Universidade de Vigo, así como a información, sensibilización, formación e asesoramento a toda a comunidade universitaria en materia de acoso sexual e por razón de sexo, e a adopción das medidas necesarias para a solución das situacións de acoso sexual e por razón de sexo; e espallando

así unha actitude proactiva combinada cunha actitude reactiva que trate con contundencia calquera situación de violencia.

Unha vez realizado o estudo de diagnose das situacións de acoso sexual e por razón de sexo nos tres colectivos (estudantes, PDI e PAS) da Universidade de Vigo, maniféstase a necesidade de establecer unha aposta forte pola análise do seguimento da situación, o que implica a realización periódica de estudos de incidencia, actitudes e percepcións nos tres colectivos sinalados, que constitúa a base para o deseño, aplicación e avaliación de plans e estratexias de prevención e intervención. A continuación expóñense as posibles actuacións para levar a cabo tanto no ámbito da avaliación como da prevención/intervención.

### **Avaliación periódica da incidencia, actitudes e percepcións dos colectivos de alumnado, PDI e PAS**

As enquisas utilizadas nesta investigación, así como o guión de preguntas realizado para elaborar as entrevistas e os grupos de discusión constitúen ferramentas útiles que poden seguir sendo empregadas nas avaliacións de seguimento da problemática do acoso sexual e por razón de sexo nos tres campus da Universidade de Vigo. A aposta por un deseño multimétodo, que integra o enfoque cuantitativo e cualitativo, aínda que máis custosa e complexa, permite facer unha dobre aproximación á realidade, atendendo á cuantificación das situacións de acoso sexual e por razón de sexo, así como das crenzas e actitudes cara a esta problemática nos tres colectivos analizados. Ao mesmo tempo, permite profundar nas anteriores cuestións, mostrándose especialmente útil para revelar os significados e significantes deste fenómeno a través da voz de parsoas pertencentes aos colectivos da comunidade universitaria (Hawe *et al.*, 1993).

A avaliación, que debe partir dun modelo colaborativo entre os diferentes axentes da comunidade universitaria, debe realizarse periodicamente, especialmente despois de que as accións de mellora sexan aplicadas (McMahon *et al.*, 2016; Office on Violence Against Women, 2015), incluíndo a análise da satisfacción das persoas participantes e o seu impacto.

En relación coa administración das enquisas, sería conveniente que a universidade lles asignase un enderezo electrónico a todo o alumnado e persoal docente e investigador, así como ao persoal de administración e servizos, co obxectivo de facilitar o envío en liña da enquisa e incrementar a taxa de resposta. Así mesmo, a información e a motivación da participación dos tres colectivos por parte da universidade será fundamental para garantir unha boa acollida da avaliación e unha ampla participación.

Así, tal e como sinalan McMahon *et al.* (2016), unha avaliación e seguimento de calidade constitúe, por tanto, o piar básico sobre o que terá que construírse calquera proposta de prevención/intervención efectiva.

## Estratexias de prevención e de intervención nos colectivos de alumnado, PDI e PAS

Tal e como se sinalou anteriormente, a prevención e a intervención en situacións de acoso sexual e por razón de sexo na universidade debe estar dirixida necesariamente aos tres colectivos universitarios (alumnado, PDI e PAS) dos tres campus da Universidade de Vigo. Así mesmo, o obxectivo xeral que debe guiar o deseño das propostas de prevención/intervención é formar, informar e sensibilizar, así como previr e eliminar o acoso sexual e por razón de sexo en calquera das súas manifestacións.

En calquera caso, a metodoloxía de traballo será unha metodoloxía dialóxica e participativa, na que os e as participantes terán un protagonismo central neste proceso de ensino-aprendizaxe. Deste xeito, nas diferentes sesións formativas analizaranse casos prácticos e historias de vida e visualizarase material audiovisual que lles permitirá ás persoas participantes pór en práctica os contidos de traballo e achegarse dunha forma vivencial á problemática.

Por outra parte, todas as accións deseñadas deben partir das necesidades detectadas no estudo de diagnose do acoso sexual e por razón de sexo, así como das avaliacións periódicas da problemática. Ademais, para avaliar cada acción propónse unha avaliación de carácter formativo e mixto, cuantitativa e cualitativa, que consiste en a) unha *avaliación inicial*, a través da aplicación dun cuestionario pretest e o desenvolvemento de varios grupos de discusión co obxectivo de saber os coñecementos, actitudes e comportamentos de partida, así como as súas necesidades percibidas en relación coa problemática e as súas expectativas sobre a acción formativa –en base á cal se concretará o deseño final da acción concreta de actuación; b) unha *avaliación procesual*, por medio dun cuestionario con preguntas de carácter semiaberto aplicado ao finalizar as diferentes accións, co obxectivo de coñecer a súa satisfacción con estas e o grao de aproveitamento das sesións; e c) unha *avaliación final*, consistente nun postest, un cuestionario de satisfacción e o desenvolvemento de diferentes grupos de discusión para coñecer o impacto inmediato da actividade e a satisfacción global das persoas participantes con ela.

Con base a estas premisas teóricas e metodolóxicas, a continuación preséntanse unha serie de orientacións que poden guiar o deseño e a aplicación de políticas, programas e estratexias de prevención e de intervención. Neste sentido, tal e como sinala a White House *Task Force* (2014), o compromiso da universidade coa prevención/intervención do acoso sexual e por razón de sexo debe ser claro e explícito, de modo que debe ser liderado polas autoridades universitarias, así como polas persoas de referencia na comunidade. E, ao igual ca na avaliación, o éxito no deseño e na aplicación de estratexias e de actuacións virá marcado por un compromiso de colaboración entre os diferentes axentes da comunidade universitaria (Office on Violence Against Women, 2015).

### **Actuacións no ámbito da prevención**

Atendendo a unha aproximación preventiva/proactiva, o obxectivo xeral anteriormente destacado concrétese nos seguintes obxectivos específicos:

- a) Coñecer e comprender os criterios definitorios do acoso sexual e por razón de sexo.
- b) Ser quen de identificar as distintas situacións que son constitutivas de ambas as problemáticas.
- c) Tomar conciencia das consecuencias do acoso sexual e por razón de sexo para todas as persoas implicadas para a organización e a comunidade.
- d) Tomar conciencia do carácter pervasivo/xeneralizado do fenómeno.
- e) Desenvolver o coñecemento do protocolo e as competencias de actuación ante calquera situación de acoso sexual e por razón de sexo vivida ou coñecida.
- f) Manifestar a responsabilidade compartida na prevención, detección e intervención.
- g) Fomentar o desenvolvemento da personalidade libre de estereotipos e roles de xénero.
- h) Desenvolver actitudes positivas cara á igualdade e á diversidade sexual.
- i) Fomentar o valor da diversidade.
- j) Potenciar o desenvolvemento da intelixencia emocional, atendendo especialmente á empatía e a outras habilidades sociais como a asertividade e a escoita activa.
- k) Promover unha educación sexual de calidade que contribúa ao desenvolvemento de relacións afectivo-sexuais saudables e respectuosas (Basile *et al.*, 2016).
- l) E, en definitiva, desenvolver un clima organizacional cálido e de confianza para a comunidade universitaria e crear contornas de estudo e de traballo respectuosas con todas as persoas. Esta perspectiva de traballo é de carácter integrador, que supera as intervencións específicas sobre acoso sexual e por razón de sexo, a máis eficaz (Office on Violence Against Women, 2015).

Nos traballos de Basile *et al.* (2016), McMahon *et al.* (2016) e Office on Violence Against Women (2015) destácase a importancia de orientar estas intervencións cara á perspectiva das espectadoras/es, figuras clave para a prevención do fenómeno, así como para a intervención neste que contribúa a romper o perigoso círculo do silencio. Outro aspecto clave é a importancia de mobilizar os homes como aliados e promover o desenvolvemento doutras masculinidades, afastadas da masculinidade hexemónica (Basile *et al.*, 2016; Office

on Violence Against Women, 2015) –que se constrúe sobre a agresión e a subordinación das mulleres e das persoas que non conforman as normas de xénero (Connell e Messerschmidt, 2005)–.

De forma congruente os contidos nos que deben basearse estas propostas deben atender ao nivel conceptual dos criterios definitorios do acoso sexual e por razón de sexo, as súas causas –enmarcadas na sociedade patriarcal e heterosexista que subordina as mulleres e as persoas que transgreden a norma de xénero–, as consecuencias do fenómeno para todas as persoas implicadas, a ampla prevalencia destas situacións e os principais programas e estratexias de prevención.

A nivel actitudinal é preciso incidir nunha cultura de tolerancia cero cara ao acoso sexual e por razón de sexo, no fomento da toma de conciencia da propia responsabilidade individual na prevención, detención e eliminación do fenómeno, na tolerancia en positivo cara á diversidade (sexual, cultural e ou funcional), no desenvolvemento da empatía e a ética do coidado.

Así mesmo, a nivel procedemental, as diferentes accións de prevención deben basearse no diálogo e na participación activa en sesións formativas ou de sensibilización, na análise e na resolución de casos prácticos, así como na lectura de textos e historias de vida e a visualización de materiais audiovisuais relevantes, no contexto dunha metodoloxía vivencial e experiencial, e no traballo cooperativo.

Estes contidos, que deben ser transversais a todas as materias de grao e de posgrao, deben impregnar tamén as actuacións dos órganos de goberno da universidade, teñen que ser reforzados necesariamente a través de estratexias de actuación específicas entre as que destacan actividades presenciais, semipresenciais e a distancia, así como o desenvolvemento e a distribución de materiais, orientadas á formación e á información/divulgación:

a) Difusión e divulgación dos resultados do estudo de diagnose e de avaliación periódica da situación do acoso sexual e por razón de sexo. McMahon *et al.* (2016) sinalan a importancia de facelo de forma transparente e o máis axiña posible tras obter os datos, procurando que chegue a todas as persoas da comunidade universitaria.

Seminarios/obradoiros presenciais para alumnado, PDI e PAS, con base nos obxectivos e nos contidos sinalados: estas actividades deben ser periódicas e secuenciadas, realizadas obrigatoriamente co alumnado de novo ingreso, así como co PDI e co PAS de nova incorporación. Ademais debe atenderse á formación continua dos tres colectivos a través de actividades tanto presenciais coma semipresenciais e a distancia. Por exemplo, poderíase realizar ao inicio de cada curso académico un seminario semipresencial, cunha parte de formación en liña, que permita fixar os coñecementos e avanzar na comprensión e na

sensibilización en relación co acoso sexual e por razón de sexo. Estes seminarios presenciais/ semipresenciais poderían complementarse con programas en liña de formación continua para o alumnado, o PDI e o PAS, a través da plataforma Tema.

b) Promoción de obradoiros de extensión universitaria nos tres campus, orientados á formación en actitudes de igualdade e de valoración da diversidade sexual.

c) Incentivación e apoio ao asociacionismo de carácter activista na universidade.

d) Deseño e desenvolvemento dun manual de boas prácticas para toda a comunidade universitaria: estudantes, PDI e PAS. Na liña dun código ético que regule os comportamentos entre os distintos colectivos da Universidade de Vigo, incluíndo as cuestións que escapan ao ámbito da aplicación da normativa e do protocolo de acoso sexual e por razón de sexo.

e) Deseño e desenvolvemento dun decálogo derivado do código ético anterior que sintetice os aspectos máis importantes.

f) Inclusión do díptico sobre acoso sexual e por razón de sexo e do decálogo de boas prácticas derivado do código ético nos sobres de matrícula do alumnado de primeiro curso, así como adxunto ao contrato do PDI e do PAS de nova incorporación.

g) Presentación da política e estratexias de tolerancia cero da Universidade de Vigo en relación co acoso sexual e por razón de sexo nas xornadas de acollida de alumnado de primeiro curso, incluíndo a presentación e a distribución do protocolo, o díptico, o decálogo e o código ético.

h) Distribución do protocolo, díptico, decálogo e código ético entre todo o alumnado, PDI e PAS da universidade. Así mesmo, tanto o díptico coma o decálogo de boas prácticas debe colocarse nun lugar visible de cada aula e espazo de traballo da universidade, como folla de ruta na regulación das relacións entre as diferentes persoas da comunidade universitaria.

i) Os anteriores materiais, xunto con outros carteis, deben incluírse tamén nas entradas de todos os edificios da universidade coa mensaxe clara de tolerancia cero co acoso sexual e por razón de sexo e de universidade como espazo libre de violencia.

j) Concursos de slogans, webseries, carteis, fotografías, relatos, curtas, ou outros, para alumnado, PDI e PAS, impulsados desde a Unidade de Igualdade e desenvolvidos arredor do 25 de novembro e do 8 de marzo, así como noutras datas menos coñecidas, pero de igual importancia como o 26 de outubro –Día Mundial da Intersexualidade–, o 20 de novembro –Día Internacional da Memoria Transexual– ou 28 de xuño –Día Internacional do Orgullo LGTBI-Q–. Desta forma, estase a transmitir a idea de que a

violencia sexual non afecta só ás mulleres, senón tamén aos homes que non reproducen a masculinidade hexemónica e, en xeral, ás persoas que non conforman o xénero, e son un problema que nos afecta a todos/as e no que todas/os temos moito que achegar (Office on Violence Against Women, 2015).

k) Campañas que chamen á acción a toda a comunidade universitaria contra calquera situación de acoso sexual e por razón de sexo. Véxase, por exemplo: *The Revolution starts here. End sexual violence now.* (<https://www.youtube.com/watch?v=T3Ao707yEsw>).

l) Deseño e desenvolvemento dunha páxina web específica, á que se poida acceder na páxina principal da web uvigo.es, na que se inclúa toda a información relativa á política de prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo, así como todos os materiais dispoñibles, para que os poidan descargar todas as persoas da comunidade universitaria que o desexen. Esta web pode utilizarse tamén para mensaxes periódicas de tolerancia cero das autoridades académicas (reitoría, vicerreitorías, decanatos, dirección de departamentos, dirección da Unidade de Igualdade ou representantes do alumnado). Véxase, por exemplo: [www.endsexualviolence.rutgers.edu](http://www.endsexualviolence.rutgers.edu).

### **Actuacións no ámbito da intervención**

Por outra parte, atendendo a unha aproximación reactiva ou de intervención, o obxectivo xeral anteriormente destacado concrétase nos obxectivos específicos propios do ámbito da prevención, xa que na medida que se dediquen esforzos na prevención diminuírá o número de situacións de acoso sexual e por razón de sexo. Deste xeito, aínda que é certo que a universidade ten a obriga de contestar con dilixencia e contundencia ante calquera situación de violencia sexual, incluíndo o acoso por razón de sexo, unha abordaxe exclusivamente reactiva está abocada ao fracaso, non só polo sufrimento que provoca nas vítimas destas situacións, senón porque contribúe á orixe, aceptación, consolidación e mantemento da cultura da violencia.

Así, ademais dos obxectivos e dos contidos propios da dimensión preventiva, que deben constituír o primeiro paso da intervención, unha vez que a universidade ten que facer fronte a unha situación coñecida ou sospeitada de acoso sexual ou por razón de sexo, destacan os seguintes obxectivos específicos: a) transmitir a responsabilidade conxunta na denuncia de calquera situación que poida constituír acoso sexual ou por razón de sexo, así como na colaboración de todo o persoal da comunidade universitaria coa CAS; b) eliminar calquera barreira que inhiba ou impida a denuncia de calquera situación constitutiva de abuso; c) garantir a protección e a seguridade de vítimas do acoso sexual e por razón de sexo e contribuír ao seu empoderamento; e d) actuar con dilixencia e contundencia na aplicación

das medidas de sancionamento recollidas no protocolo cando se demostre a existencia dunha situación de abuso.

Neste sentido, ademais do recollido no *Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo* (Resolución reitoral do 16 de decembro de 2014), sería recomendable:

*Creación e difusión dunha carteira de servizos e recursos para as vítimas de situación de acoso sexual ou por razón de sexo que ofrezan unha resposta inmediata e de asesoramento continuo, atendendo así tanto ás fases iniciais previas á posible denuncia como ao proceso e á resolución desta, a través dun gabinete de orientación ou similar (Basile et al., 2016; McMahan et al., 2016; Office on Violence Against Women, 2015; White House Task Force, 2014), formado por persoal especificamente formado para esta tarefa. A White House Task Force (2014) tamén recomenda a creación e a divulgación dun número de urxencias para que poidan utilizar as vítimas ou calquera persoa coñecedora dunha situación de acoso sexual ou por razón de sexo. Estes recursos deben publicitarse adecuadamente a través de folletos e de dípticos que se poden repartir nos diferentes centros e espazos de traballos e colgados na páxina web.*

a) Formación inicial e continua para profesionais de servizos especializados na atención ás vítimas, a fin de dotalos de habilidades sociais de empatía e escoita activa e evitar situacións de vitimización secundaria (Campbell, Wasco et al., 2001).

b) Na liña de eliminar barreiras para denunciar estas situacións e facilitar a súa detección e eliminación (McMahan et al., 2016), destaca o mantemento do anonimato da vítima para todos os efectos. Así, aínda que é certo que a confidencialidade da vítima podería limitar a capacidade da universidade para investigar unha suposta situación de abuso, a CAS podería tomar «medidas para limitar os efectos da presunta situación abusiva e evitar que volva repetirse sen iniciar unha acción formal contra a presunta persoa agresora ou revelar a identidade da persoa que presenta a queixa». Entre estas medidas destacan, tal e como sinala a White House Task Force (2014), a supervisión das aulas, espazos ou actividades onde sucedeu a situación, proporcionar materiais de capacitación e educación para estudantes, PDI e PAS destes centros, revisar e publicitar as políticas universitarias en relación co acoso sexual e por razón de sexo, ou levar a cabo enquisas específicas de detección.

c) En relación co anterior, sería útil crear caixas de queixas e suxestións, de carácter anónimo, en relación co acoso sexual e por razón de sexo nas diferentes facultades e nos centros de traballo da universidade.



- d) Deseño e divulgación de medidas que prohiban expresamente a toma de represalias contra as vítimas, persoas que presenten unha queixa ou denuncia, testemuñas ou persoas participantes no proceso de investigación ou disciplinario de calquera situación de acoso sexual ou por razón de sexo (White House *Task Force*, 2014).
- e) Creación de grupos de apoio para vítimas de acoso sexual ou por razón de sexo.
- f) Creación dunha listaxe pública de persoas sancionadas polo Reitor por situacións de acoso sexual ou por razón de sexo. Explicítase así unha política transparente e contundente de tolerancia cero contra a violencia sexual.
- g) Atención e sanción proporcionada das situacións que, sen cumprir criterios claros de acoso sexual e ou por razón de sexo, constitúen prácticas tóxicas que vulneran o código ético e o decálogo de boas prácticas que debe regular as relacións das persoas pertencentes á comunidade da Universidade de Vigo.





REFLEXIÓNS FINAIS



## REFLEXIÓNS FINAIS

Neste traballo realízase o primeiro estudo de diagnose da situación do acoso sexual e por razón de sexo na comunidade da Universidade de Vigo, nos tres campus de Vigo, Pontevedra e Ourense, incluído o colectivo de alumnado, PDI e PAS. Para isto empregouse un deseño multimétodo, que combinaba as metodoloxías cuantitativa e cualitativa, nunha estratexia de complementariedade. Na parte cuantitativa, na que se administrou un cuestionario, participaron un total de 1.106 estudantes (cun 61,2 % de alumnas e un 38,8 % de alumnos), 185 PDI (cun 59,8 % de profesoras-investigadoras e un 40,2 % de profesores-investigadores) e 154 PAS (cun 68,8 % de traballadoras e un 31,2 % de traballadores). Complementariamente das persoas participantes na enquisa, as que amosaron interese formaron parte tamén da dimensión cualitativa do estudo. Así, realizáronse un total de 19 entrevistas a estudantes (18 alumnas e 1 alumno), catro profesoras do PDI e cinco PAS (catro traballadoras e un traballador), así como dez grupos de discusión con alumnado (cun total de 63 alumnas e 21 alumnos).

Os resultados obtidos manifestan que a percepción de risco das situacións de acoso sexual é maior por parte das mulleres dos tres colectivos (alumnas, PDI e PAS) ca nos seus compañeiros, cunhas porcentaxes que se sitúan no 30 % para elas, e cun rango de entre o 13,5 % e o 21,9 % para eles. Nos tres colectivos, especialmente no PAS, considérase que o grupo que é máis vulnerable a sufrir acoso sexual na universidade é o colectivo LGTBI-Q, seguido das mulleres.

Datos similares atópanse para o acoso por razón de sexo, e son os homes (alumnos, PDI e PAS) os que presentan niveis máis baixos de percepción de risco. Identifícanse nos tres colectivos as persoas LGTBI-Q como o grupo máis vulnerable a sufrilo, seguido das mulleres.

No caso das agresións sexuais a percepción de risco é moi baixa nos tres colectivos, especialmente para os homes. Non obstante, un 10,8 % das alumnas, un 12,7 % das profesoras-investigadoras e un 4,7 % das traballadoras do PAS consideran bastante ou moi probable que as mulleres sufran unha agresión sexual no ambiente universitario, porcentaxes que se incrementan para o colectivo LGTBI-Q. Así, o alumnado considera que a poboación máis vulnerable é o colectivo LGTBI-Q (37,6 %), o PDI 63,3 % e o PAS 32 %.

As actitudes cara ao acoso sexual, en xeral, son negativas; non obstante, os alumnos e os profesores-investigadores expresan unha maior tolerancia cara ao acoso sexual que sofren as mulleres e móstranse máis en desacordo coas causas feministas ca as súas compañeiras. Diferenzas que non se aprecian entre traballadoras e traballadores do PAS. Así mesmo, os alumnos e os profesores-investigadores están máis de acordo ca as súas compañeiras con afirmacións como que «unha muller use a súa sexualidade para promoverse na súa vida académica ou profesional é algo natural»; e os traballadores do PAS, fronte ás traballadoras,

están máis de acordo con enunciados como que «o que fai un traballador PAS no seu posto laboral pódese interpretar como acoso sexual e levar a idea do acoso sexual demasiado lonxe».

O estudo mostra que o acoso sexual é unha realidade na Universidade de Vigo, ao identificarse como vítimas de acoso sexual 35 estudantes (30 alumnas e 5 alumnos), 13 PDI (12 profesoras-investigadoras e 1 profesor-investigador) e 9 PAS (oito traballadoras e 1 traballador); como vítimas de acoso por razón de sexo 39 estudantes (37 alumnas e 2 alumnos), 17 profesoras-investigadoras e 4 traballadoras PAS; e como vítimas de agresión sexual 1 alumna, 2 profesoras-investigadoras e 1 PAS. Polo tanto, as mulleres son, en comparación cos seus compañeiros, as que máis sofren situacións de acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresión sexual. Polo que respecta á identificación da persoa agresora, os resultados manifestan que, na súa maioría, os agresores son homes do seu colectivo. Non obstante, destacan casos de alumnado que é acosado e agredido polo propio profesorado. Na mesma liña, o nivel de cousificación sexual experimentado, referido ás avaliacións sobre o corpo sexuado, comportamentos e comentarios sexuais explícitos non desexados, é maior nas mulleres dos tres colectivos.

En canto ao acoso relativo á non conformidade de xénero, compróbase que non reproducir a norma de xénero é castigado no ámbito universitario, fiel reflexo da sociedade heteropatriarcal na que se insire. Así, no colectivo de alumnado son os alumnos os que máis sofren as consecuencias de transgredir as normas da masculinidade hexemónica, ao ser cuestionados na súa masculinidade e experimentando máis hostilidade heterosexista directa e ambiental. Esta tendencia modifícase no PDI e, neste caso, as profesoras-investigadoras son as que máis sinalan sufrir acoso por romper as normas da feminidade tradicional, así como máis hostilidade heterosexista directa e ambiental. De forma similar ao alumnado, aínda que os niveis de acoso en relación coa non conformidade de xénero son similares para traballadoras e traballadores do PAS, son eles os que perciben maiores niveis de hostilidade heterosexista ambiental.

Por outra parte, o estudo cualitativo permitiunos afondar nos coñecementos e nas actitudes e, especialmente, nas vivencias e percepcións das persoas participantes, ás que lles deu voz e converteu en verdadeiras/os protagonistas da investigación. Desta forma, podemos coñecer non só canto acoso se produce, senón como é este acoso, como o vive a persoa afectada ou as persoas que, aínda que non o sofren directamente, si son conscientes de que está sucedendo, que consecuencias ten nas súas vidas e cal é a reacción das persoas do seu arredor.

En relación coas súas percepcións do acoso sexual e por razón de sexo na universidade, recoñecen que si se producen situacións deste tipo pero, ao mesmo tempo, certas situacións, especialmente as de acoso por razón de sexo, non se recoñecen como tal e mesmo se normalizan, tanto por parte de quen as presencia ou as coñece coma por parte de quen as sofre. Así mesmo, perciben tamén que o acoso sexual e por razón de sexo non recibe a

atención necesaria por parte das autoridades universitarias e destacan a necesidade dunha maior implicación, así como a urxencia de levar a cabo seminarios de formación obrigatoria sobre este fenómeno. Na mesma liña, manifestan sentir inseguridade nos seus respectivos campus, especialmente o alumnado e o PAS.

Polo que respecta aos coñecementos, identifícase un gran descoñecemento sobre o que é o acoso sexual e por razón de sexo nos tres colectivos, así como do protocolo de prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da universidade. En canto ás actitudes cara ao acoso sexual e por razón de sexo, estas son negativas, ao identificarse un baixo nivel de tolerancia cara ao acoso. É de destacar tamén que as participantes perciben que o grao de tolerancia dos seus compañeiros é maior ca o seu, e incluso sinalan o seu rexeitamento a participar na parte cuantitativa do estudo, e os seus comentarios negativos sobre este, restándolle importancia á problemática e sentíndose culpabilizados pola investigación e as investigadoras.

Se atendemos aos relatos de situacións vividas ou coñecidas de acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresión sexual, destacan especialmente as situacións de acoso por razón de sexo explícitas e constantes, tanto para as mulleres coma para os colectivos LGTBI-Q; así mesmo, relátase un caso de agresión sexual a unha PAS. Para as profesoras entrevistadas estas situacións son case inexistentes ou non se producen, excepto para unha das participantes que relata situacións sufridas de acoso por razón de sexo e abuso de poder.

Malia que estas condutas son suficientemente graves en si mesmas, aínda é, se cabe, máis grave a resposta do grupo, que vai desde o total descoñecemento dos abusos, mirar cara a outro lado, restarlle importancia á situación, normalizala, acusar a vítima de esaxerar e quitar as cousas de contexto ou mesmo culpabilizada polo sucedido, especialmente cando as situacións de abuso son máis de tipo sutil e ambiental e non abertamente hostís. Desta forma, a vítima é dobremente vitimizada xa que, máis aló das consecuencias directamente derivadas da situación de vitimización primaria, experimenta tamén posteriormente as reaccións negativas do seu ambiente. Esta vitimización secundaria implica, por tanto, un trauma adicional especialmente duro, posto que é exercida polas persoas que se supón que deberían axudala e protexela. Neste sentido, as persoas participantes relatan o sufrimento causado por esta dobre vitimización, que ten consecuencias na súa saúde física e psíquica, así como no seu traballo e rendemento académico; e tamén describen diferentes estratexias de supervivencia que se refiren a cambiar de lugar de traballo, cambiar na forma de vestir e evitar certas situacións como asistir a clase, revisar un exame ou facelo na compañía doutras persoas.

Esta normalización da cultura do acoso na universidade, que non é máis ca unha expresión máis da sociedade sexista e heteronormativa á que pertence, debe entenderse, por tanto, non como unha apoloxía ou defensa explícita do acoso sexual e por razón de sexo, que sería intolerable en calquera institución académica dunha sociedade supostamente democrática

e desenvolvida, senón como a minimización ou incluso negación do acoso, o deixamento e o desinterese do profesorado e as autoridades académicas por esta problemática, que se ten amosado na falta de colaboración ou obstaculización no desenvolvemento de estudos como o que aquí se presenta. Neste sentido, temos que destacar e agradecer a alta taxa de participación do colectivo do PAS, así como a súa colaboración na realización do traballo de campo. Interese e participación que contrasta coa escasa implicación do colectivo do PDI, tal e como se reflicte no seu baixo nivel de participación que tras o argumento de que non é un problema nesta universidade, esconde a falta de sensibilización que, en non poucas ocasións, se traduciu tamén na obstaculización para a administración do cuestionario ao alumnado.

Así, os datos derivados deste estudo son unha «radiografía» da situación do acoso sexual e por razón de sexo na Universidade de Vigo que, lonxe de amosar uns resultados desexables, manifesta a necesidade de tomar conciencia desta problemática e poñer en marcha medidas urxentes de prevención e de intervención. Non podemos esquecer que a universidade non é só un espazo de traballo, senón fundamentalmente un espazo de formación de persoas. Isto supón unha obriga ética engadida que implica adoitar un compromiso explícito e real coa promoción dos valores democráticos de igualdade, respecto e de xustiza social. Así mesmo, da man deste compromiso das autoridades académicas debe ir tamén o compromiso individual de todas e cada unha das persoas que formamos parte da comunidade universitaria, pois só así será posible previr, diminuír e erradicar todas as formas de violencia sexual e por razón de sexo.





# BIBLIOGRAFÍA



## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALEMANY, C. (1998). *Sexual Harrassment at Work in Five Southern European Countries*. Commission of the European Communities.
- ALEMANY, C., LUC, V. e MOZO GONZALEZ, C. (2001). *El acoso sexual en los lugares de trabajo*. Madrid, Instituto da Muller.
- ALONSO, L. (2003). *La mirada cualitativa en sociología. Una aproximación interpretativa* (2.<sup>a</sup> ed.). Madrid: Fundamentos.
- APPEL, S. (1999). *Psychoanalysis and pedagogy*. Westport: Bergin and Garvey.
- BARBOUR, R. (2013). *Los grupos de discusión en investigación cualitativa*. Madrid: Ediciones Morata.
- BASILE, K. C. et al. (2016). *STOP SV: A Technical Package to Prevent Sexual Violence*. Atlanta, GA: National Center for Injury Prevention and Control, Centers for Disease Control and Prevention [en línea]. Disponible en: <https://goo.gl/42KrQY>.
- BEM, S. L. (1974). The measurement of psychological androgyny. *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, 42, 155-162.
- BENDIXEN, M. e OTTESEN, L., E. K. (2017). Advances in the Understanding of Same-Sex and Opposite-Sex Sexual Harassment. *Evolution and Human Behavior*, 1-9.
- BENEQUE, T. (1994). *La violación y los hombres*. Bos Aires: Paidós.
- BENEYTO, M. J. (2002). Violencia sexual: entre lo que siente la víctima y lo que piensa el agresor. En Redondo, S. (Eds.), *Delincuencia sexual y sociedad* (pp. 53-86). Barcelona: Ariel.
- BENSON, D. J. e THOMSON, G. E. (1982). Sexual harassment on a university campus: The confluence of authority relations, sexual interest and gender stratification. *Social problems*, 29-(3), 236-251.
- BERDAHL, J. e MOORE, C. (2006). Workplace harassment: double jeopardy for minority women. *Journal of Applied Psychology*, 91-(2), 426-436.
- BERDAHL, J. L., MAGLEY, V. J. e WALDO, C. R. (1996). The sexual harassment of men? Exploring the concept with theory and data. *Psychology of Women Quarterly*, 20 (4), 527-547.
- BERICAT, E. (1998). *La integración de los métodos cuantitativo y cualitativo en la investigación social*. Significado y medida. Barcelona: Ariel.
- BERLANT, L. e WARNER, M. (1998). Sex in public. *Critical Inquiry*, 24 (2), 547-566.
- BOSCH, E. e FERRER, V. (2013). Nuevo modelo explicativo para la violencia contra las mujeres en la pareja: el modelo piramidal y el proceso de filtraje. *Asparkia*, 24, 54-67.

- BOSCH, E. *et al.* (2012). *El acoso sexual en el ámbito universitario: elementos para mejorar la implementación de medidas de prevención, detección e intervención*. Madrid: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.
- BUTLER, J. (1990). *Gender trouble: feminism and the subversion of identity*. Londres e Nova York: Routledge.
- BUTLER, J. (1993). *Bodies that Matter: On the Discursive Limits of «Sex»*. Londres e Nova York: Routledge.
- BUTLER, J. (2001). *Mecanismos psíquicos del poder. Teorías sobre la sujeción*. Madrid: Cátedra (Orix. 1997).
- CABALLERO, M. C. (2006). El acoso laboral en el medio laboral y académico. En M. V. Vigoya (ed.), *Saberes, culturas y derechos sexuales en Colombia*. Bogotá: Centro Latinoamericano de Sexualidad y Derechos Humanos (CLAM) y Centro de Estudios Sociales (CES).
- CALLE, M., GONZÁLEZ, C. e NÚÑEZ, J. A. (1988). *Discriminación y acoso sexual a la mujer en el trabajo*. Madrid: Fundación Largo Caballero.
- CAMPBELL, D. T. e STANLEY, J. C. (1966). *Experimental and cuasi-experimental designs for research*. Chicago: Rand McNally.
- CAMPBELL, R. *et al.* (2001). Preventing the «second rape»: rape survivors' experiences with community service providers. *Journal of Interpersonal Violence*, 16 (12), 1239-1259.
- CANTOR, D. *et al.* (2015). *Report on the AAU campus climate survey on sexual assault and sexual misconduct*. Washington, DC: Association of American Universities.
- CAPRILE, M. (ed.). (2012). *Meta-analysis of gender and science research. Synthesis report*. Bruxelas: European Commission Directorate-General for Research and Innovation.
- CARRERA-FERNÁNDEZ, M. V. *et al.* (2014). Spanish adolescents' attitudes toward transpeople: proposal and validation of a short form of the Genderism and Transphobia Scale. *Journal of Sex Research*, 51 (6), 654-666.
- CASAS CÁNCER, E. (2006). *Acoso sexual en el trabajo*. Madrid: ASEPEYO.
- CENTRO DE INVESTIGACIONES SOCIOLOGICAS (2001). *El acoso sexual a las mujeres en el trabajo*. Estudio 2,4, 22 de xuño de 2011.
- CHAMBLISS, D. E. e SCHUTT, R. K. (2010). *Making Sense of the Social World. Methods of Investigation*. California: Sage Publications.
- CONNELL, R. e MESSERSCHMIDT, J. W. (2005). Hegemonic masculinity: rethinking the concept. *Gender and Society*, 19 (6), 829-859.

- CONSELLO DE EUROPA (1992). Declaración do Consello do 19 de decembro de 1991 relativa á aplicación da Recomendación da Comisión sobre a protección da dignidade da muller e do home no traballo, incluído o Código práctico encamiñado a combater o acoso sexual. *Diario Oficial C 27*, 04/02/1992.
- COOK, T. D. e REICHARDT, S. S. (eds.). (1986). *Métodos cualitativos y cuantitativos en la investigación evaluativa*. Madrid: Morata.
- CORTINA, L. M. (2008). Unseen injustice: Incivility as modern day discrimination in organizations. *Academy of Management Review*, 33 (1), 55-75.
- COWAN, G. (2000). Women's hostility toward women and rape and sexual harassment myths. *Violence Against Women*, 6 (3), 238-246.
- CUENCA PIQUERAS, C. (2015). Factores precipitantes del acoso sexual laboral en España. *Revista Mexicana de Sociología*, 77 (4), 525-554.
- CUENCA PIQUERAS, C. (2017). *El acoso sexual. Un aspecto olvidado de la violencia de género*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas. Monografías núm. 302.
- DE EUROPA, C. (2011). *Convenio de Estambul sobre prevención y lucha contra la violencia contra las mujeres y la violencia doméstica* [en liña]. Disponible en: <https://rm.coe.int/1680462543>.
- DE MIGUEL, A. (2003). El movimiento feminista y la construcción de marcos de interpretación. El caso de la violencia contra las mujeres. *Revista Internacional de Sociología (RIS)*, 35, 127-150.
- DE MIGUEL, A. (2015). *Neoliberalismo sexual: El mito de la libre elección*. Madrid: Cátedra.
- DIGNAN, M. B. e CARR, P. A. (1992). *Program planning for health education and promotion*. Philadelphia: Lea & Febigar.
- EPSTEIN, D., O'FLYNN, S. e TELDFORD, D. (2003). *Silenced sexualities in schools and universities*. Stoke-on-Trent: Trentham Books.
- ERIBON, D. (2000). *Identidades. Reflexiones sobre la cuestión gay*. Barcelona: Bellaterra.
- ESTUDIOS, I. N. M. A. R. K. e ESTRATEGIAS (2006). *El acoso sexual a las mujeres en el ámbito laboral: resumen de resultados*. España: Inmark Estudios y Estrategias SA.
- EUROPEA, U. (2006). Directiva 2006/54/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 5 de xullo de 2006 relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e de igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación (refundición). *Diario Oficial da Unión Europea*, 26, 23-36.
- EUROPEAN AGENCY FOR SAFETY AND HEALTH AT WORK (2010). *Workplace violence and harassment: a European picture*. Luxemburgo: Publications Office of the European Union.

- FERRER, P. V. A. e BOSCH, F. E. (2011). El acoso sexual. En Lameiras, M. e Iglesias, I (eds.), *Violencia de género: la violencia sexual a debate* (pp. 127-158). València: Tirant lo Blanc.
- FERRER, P. V. A. e BOSCH, F. E. (2014). La percepción del acoso sexual en el ámbito universitario. *Revista de Psicología Social*, 29 (3), 462-501.
- FITZGERALD, L. F. *et al.* (1997). Antecedents and consequences of sexual harassment in organizations: A test of an integrated model. *Journal of Applied Psychology*, 82 (4), 578-589.
- FITZGERALD, L. F. *et al.* (1988). The incidence and dimensions of sexual harassment in academia and the workplace. *Journal of vocational behavior*, 32 (2), 152-175.
- FORBES, G. B. e ADAMS-CURTIS, L. E. (2001). Experiences with sexual coercion in college males and females: Role of family conflict, sexist attitudes, acceptance of rape myths, self-esteem, and the Big-Five personality factors. *Journal of Interpersonal Violence*, 16 (9), 865-889.
- FREDRICKSON, B. L. e ROBERTS, T. A. (1997). Objectification theory: Toward understanding women's lived experiences and mental health risks. *Psychology of Women Quarterly*, 21 (2), 173-206.
- GARDELLA, J. H. *et al.* (2015). Beyond Clery Act statistics: A closer look at college victimization based on self-report data. *Journal of Interpersonal Violence*, 30 (4), 640-658.
- GLASER, B. e STRAUSS, A. (1967). *El desarrollo de la teoría fundada*. Chicago, EUA: Aldine.
- GLICK, P. e FISKE, S. T. (1996). The Ambivalent Sexism Inventory: Differentiating hostile and benevolent sexism. *Journal of Personality and Social Psychology*, 70 (3), 491-512.
- GLICK, P. e FISKE, S. T. (2001). An Ambivalent Alliance. Hostile and benevolent sexism as complementary justification for gender inequality. *American Psychology*, 56, 109-118.
- GÓMEZ, C. A., LUC, V. e GONZÁLEZ, C. M. (2001). *El acoso sexual en los lugares de trabajo*. Madrid: Instituto da Muller.
- GRASGREEN, A. (29 de abril de 2011). U. S. finds violations of college crime reporting. USA Today [en línea]. Disponible en: [http://www.usatoday.com/news/education/2011-05-17-crime-compliance-reports-colleges\\_n.htm](http://www.usatoday.com/news/education/2011-05-17-crime-compliance-reports-colleges_n.htm).
- GRAY, D., AMOS, A. e CURRIE, C. (1997). Decoding the image consumption, young people, magazines and smoking. An exploration of theoretical and methodological issues. *Health Education Research*, 12 (4), 505-517.
- GRINNELL, R., UNRAU, Y. e WILLIAMS, M. (2009). *Research methods for BSW students*. Kalamazoo: Pair Bond Publications.

- GUASCH, O. (2006). *Héroes, científicos, heterosexuales y gays. Los varones en perspectiva de género*. Barcelona: Bellaterra.
- GUTTEK, B. A. e MORASCH, B. (1982). Sex-ratios, sex-role spillover, and sexual harassment of woman at work. *Journal of social issues*, 38 (4), 55-74.
- HAWE, P., DEGELING, D. e HALL, J. (1993). Evaluación en la promoción de la salud. Barcelona: Masson.
- HEISE, L. L. (1998). Violence against women an integrated, ecological framework. *Violence Against Women*, 4 (3), 262-290.
- HERNÁNDEZ-SAMPIERI, S. R., FERNÁNDEZ, C. e BAPTISTA, P. (2010). *Metodología de la Investigación* (5.ª ed.). Perú: Mc Graw Hill.
- HERRERA, A., HERRERA, M. C. e EXPÓSITO, F. (2016). ¿Es lo bello siempre tan bueno? Influencia del atractivo físico en la percepción social del acoso sexual. *Revista de Psicología Social*, 31 (2), 238-253.
- HERRERA, A. *et al.* (2014). ¿Mito o realidad? Influencia de la ideología en la percepción social del acoso sexual. *Anuario de Psicología Jurídica*, 24 (1), 1-7.
- HERRERA, C. A. H., GARCÍA, M. J. e GUADARRAMA, E. T. (2015). La percepción del hostigamiento y acoso sexual en mujeres estudiantes en dos instituciones de educación superior. *Revista de la Educación Superior*, 44 (176), 63-82.
- HERRERA, M. C., HERRERA, A. e EXPÓSITO, F. (2014). Stop Harassment! Men's reactions to victims' confrontation. *The European Journal of Psychology Applied to Legal Context*, 6 (2), 45-52.
- HILL, D. B. (2002). Genderism, transphobia, and gender bashing: A framework for interpreting anti-transgender violence. En B. Wallace e R. Carter (eds.), *Understanding and dealing with violence: A multicultural approach* (pp. 113- 136). Thousand Oaks, CA: Sage.
- HILL, D. B. e WILLOUGHBY, B. (2005). The Development and Validation of the Genderism and Transphobia Scale. *Sex Roles*, 53 (7/8), 531-545.
- HUERTA, M. *et al.* (2006): Sex and Power in the Academy: Modeling Sexual Harassment in the Lives of College Women. *Personality and Social Psychology Bulletin*, 32 (5), 616-628.
- IBÁÑEZ, M. *et al.* (2007). *Acoso sexual en el ámbito laboral. Su alcance en la C. A. de Euskadi*. Deusto: Universidade de Deusto.
- INMARK, ESTUDIOS & ESTRATEGIAS (2006). *El acoso sexual a las mujeres en el ámbito laboral: resumen de resultados*. Madrid: Instituto da Muller.

INSTITUTO DA MULLER (2009). *Violencia sexual y tráfico de seres humanos* [en liña]. Disponible en: <https://goo.gl/wbGxRB>.

INSTITUTO DA MULLER (2015). *Delitos contra la libertad sexual* [en liña]. Disponible en: <https://goo.gl/b9UgXA>.

IRISH DEPARTMENT OF JUSTICE, EQUALITY E LAW REFORM (2004). Report on Sexual Harassment in the workplace in EU Member States. Made by the Irish Presidency of the European Union in association with FGS Consulting and Professor Aileen McGolgan. Gobierno de Irlanda.

IZCARA-PALACIOS, S. P. (2014). *Manual de investigación cualitativa*. México: Fontamara.

KELLEY, M. L. e PARSONS, B. (2000). Sexual harassment in the 1990s: A university-wide survey of female faculty, administrators, staff, and students. *The Journal of Higher Education*, 71 (5), 548-568.

KONIK, J. e CORTINA, L. M. (2008). Policing gender at work: Intersections of harassment based on sex and sexuality. *Social Justice Research*, 21 (3), 313-337.

KOSS, M. P., GIDYEZ, C. A. e WISNIEWSKI, N. (1987). The scope of rape: Incidence and prevalence of sexual aggression and victimization in a national simple of higher education students. *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, 55 (2), 162-170.

KOZEE, H. B. *et al.* (2007). Development and psychometric evaluation of the interpersonal sexual objectification scale. *Psychology of Women Quarterly*, 31 (2), 176-189.

KRUEGER, R. A. (1991). *El grupo de discusión: guía práctica para la investigación aplicada*. Madrid: Ediciones Pirámide.

LAMEIRAS, M., CARRERA, M. V. e RODRÍGUEZ, Y. (2009). Violencia de género: ideología patriarcal y actitudes sexistas. En Lameiras, M. e Iglesias, I. (eds.), *Violencia de género: perspectiva jurídica y psicosocial* (pp. 117-151). València: Tirant lo Blanc.

LAMEIRAS, M., CARRERA, M. V. e RODRÍGUEZ, Y. (2011). La violencia sexual contra las mujeres: Abordaje Psicosocial. En Lameiras, M. e Iglesias, I (eds.), *Violencia de género: la violencia sexual a debate* (pp. 127-158). València: Tirant lo Blanc.

LAMEIRAS, M., CARRERA, M. V. e RODRÍGUEZ, Y. (2013). *Sexualidad y salud. El estudio de la sexualidad humana desde una perspectiva de género*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

LEGIDO-MARÍN, S. e SIERRA, J. C. (2010). Evaluación de conductas sexuales agresivas en estudiantes universitarios españoles. Propiedades psicométricas del Aggressive Sexual Behavior Inventory. *Boletín de Psicología*, 98, 23-40.



- LEÓN, O. G. e MONTERO, I. (2015). *Métodos de investigación en psicología y educación. Las tradiciones cuantitativa y cualitativa*. Madrid: McGrawHill.
- LEI ORGÁNICA 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. *BOE*, 313, 42166-42197.
- LEI ORGÁNICA 2/2006, do 3 de maio, de educación. *BOE*, 106, 17158- 17207.
- LEI ORGÁNICA 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. *BOE*, 71, 12611-12645.
- LEI ORGÁNICA 5/2010, do 22 de xuño, do Código penal. *BOE*, 152, 54811-54883.
- LEI ORGÁNICA 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. *BOE*, 295, 97858-97921.
- LIZÁRRAGA, A. (2005). Homofobia: enfermedad y germen. *Revista de Estudios de Antropología Sexual*, 1 (1), 33-42.
- LONSWAY, K. A., CORTINA, L. M. e MAGLEY, V. J. (2008). Sexual harassment mythology: Definition, conceptualization, and measurement. *Sex Roles*, 58 (9), 599-615.
- MACKINNON, C. A. (1979). *Sexual harassment of working women: A case of sex discrimination*. Yale University Press.
- MINISTERIO DE SANIDADE, SERVICIOS SOCIAIS E IGUALDADE (2015). *Macroencuesta de Violencia contra la Mujer*. Madrid: Colección Contra la Violencia de Género, Documento 22, MSSSI.
- MAZER, D. B. e PERCIVAL, E. F. (1989). Ideology or experience? The relationships among perceptions, attitudes, and experiences of sexual harassment in university students. *Sex roles*, 20 (3), 135-147.
- MCDONALD, P. (2012). Workplace Sexual Harassment 30 Years on: A Review of the Literature. *International Journal of Management Reviews*, 14 (1), 1-17.
- MCMAHON, S. *et al.* (2016). *Understanding and responding to campus sexual assault: A guide to climate assessment for colleges and universities*. New Brunswick, NJ: Center on Violence Against Women and Children, School of Social Work, Rutgers, the State University of New Jersey [en liña]. Disponible en: <https://goo.gl/Si8rpq>.
- MORGAN, G. (ed.) (1983). *Beyond method. Strategies for social research*. Beverly Hills: Sage.
- MUÑOZ-RIVAS, M.J. *et al.* (2007). Physical and psychological aggression in dating relationships in Spanish university students. *Psicothema*, 19 (1), 102-107.

OFFICE ON VIOLENCE AGAINST WOMEN, US (2015). *Addressing gender-based violence on college campuses: guide to a comprehensive model*. Washington: Author [en liña]. Disponible en: <https://goo.gl/rxUXKj>.

ORGANIZACIÓN DAS NACIÓNS UNIDAS (2006). *Estudio a fondo sobre todas las formas de violencia contra la mujer*. Nova York: Nacións Unidas [en liña]. Disponible en: <https://www.cepal.org/mujer/noticias/paginas/1/27401/InformeSecreGeneral.pdf>.

ORGANIZACIÓN INTERNACIONAL DO TRABALLO (OIT) (2007). *Acoso sexual en el lugar de trabajo* [en liña]. [Ref. do 3 de maio de 2017]. Disponible en: <https://goo.gl/2jhIgX>.

ORTS, E. e ALONSO, A. (2014). Introducción al estudio de los delitos sexuales contra menores. En Lameiras, M. e Orts, E., *Delitos sexuales contra menores: abordaje psicológico, jurídico y policial* (pp. 27-37). València: Tirant lo Blanc.

PERELLÓ-OLIVER, S. (2011). *Metodología de la investigación social*. Madrid: Dykinson.

PERNAS, B. *et al.* (2000). *La dignidad quebrada. Las raíces del acoso sexual en el trabajo*. Madrid: Los Libros de la Catarata.

PETERSON, Z. D. e MUEHLENHARD, C. L. (2011). A match-and-motivation model of how women label their nonconsensual sexual experiences. *Psychology of Women Quarterly*, 35 (4), 558-570.

PHILLIPS, L. M. (2000). *Flirting with danger: Young women's reflections of sexuality and domination*. Nova York: New York University Press.

PINA, A., GANNON, T. A. e SAUNDERS, B. (2009). An overview of the literature on sexual harassment: Perpetrator, theory, and treatment issues. *Aggression and Violent Behavior*, 14 (2), 126-138.

PROTOCOLO DA UNIVERSIDADE DE VIGO. RR do 16 de decembro de 2014. *Diario Oficial de Galicia*, 553-569.

PRYOR, J. B. (1995). The psychosocial impact of sexual harassment on women in the U. S. Military. *Basic and applied social psychology*, 17 (4), 581-603.

PRYOR, J. B. e DAY, J. D. (1988). Interpretations of sexual harassment: An attributional analysis. *Sex Roles*, 18 (7), 405-417.

QUILES, M. *et al.* (2003). La medida de la homofobia manifiesta y sutil. *Psicothema*, 15, 197-204.

QUINN, B. A. (2002). Sexual harassment and masculinity: The power and meaning of «girl watching». *Gender & Society*, 16 (3), 386-402.

- RABELO, V. C. e CORTINA, L. M. (2014). Two sides of the same coin: Gender harassment and heterosexist harassment in LGBTQ work lives. *Law and human behavior*, 38 (4), 378.
- REILLY, M. E., LOTT, B. e GALLOGLY, S. M. (1986). Sexual harassment of university students. *Sex Roles*, 15 (7), 333-358.
- RENOLD, E. (2005). *Girls, boys and junior sexualities: exploring children's gender and sexual relations in the primary school*. Londres: Routledge.
- RICHARDS, T. e RICHARDS, L. (1994). Using computers in qualitative research. En N. Denzin e Y. Lincoln (eds.), *Handbook of Qualitative Research* (pp. 445-462). Londres: Sage.
- RODRÍGUEZ, Y., LAMEIRAS, M. e CARRERA, M. V. (2009). Validación de la versión reducida de las escalas ASI y AMI en una muestra de estudiantes españoles. *Psicogente*, 12 (22), 284-295.
- RODRÍGUEZ, Y. *et al.* (2012). Estereotipos de género y la imagen de la mujer en los Mass Media. En I. C. Iglesias e M. Lameiras (eds.), *Comunicación y justicia en violencia de género* (pp. 37-69). València: Tirant lo Blanch.
- ROSENTHAL, M. N., SMIDT, A. M. e FREYD, J. J. (2016). Still Second Class: Sexual Harassment of Graduate Students. *Psychology of Women Quarterly*, 40 (3), 364-377.
- RUBENSTEIN, M. (1988). *The dignity of woman at work: A report on the problem of sexual harassment in the members states of the European Communities*. Partes I-II. Luxemburgo: Office for Official Publications of the European Communities.
- SÁEZ, G., VALOR-SEGURA, I. e EXPÓSITO, F. (2016). Interpersonal Sexual Objectification Experiences Psychological and Social Well-Being Consequences for men. *Journal of Interpersonal Violence*, 1-22.
- SEALE, C. (1999). Quality in qualitative research. *Qualitative inquiry*, 5 (4), 465-478.
- SECRETARÍA CONFEDERAL DA MULLER DE CCOO (2009). *La acción sindical frente al acoso sexual [en liña]*. Disponible en: <https://goo.gl/LHMZ7k>.
- SHARMA, J. (2009). Reflections on the construction of heteronormativity. *Development*, 52 (1), 52-55.
- SILVERMAN, D. (2000). *Doing Qualitative Research*. Londres: Sage.
- SILVERSCHANZ, P. *et al.* (2008). Slurs, snubs, and queer jokes: Incidence and impact of heterosexist harassment in academia. *Sexs Roles*, 58 (3-4), 179-191.
- SINOZICH, S. e LANGTON, L. (2014). Rape and sexual assault among college-age females, 1995-2013.

- SMITH, K. T. (1971). Homophobia: A tentative personality profile. *Psychological Reports*, 29, 1091-1094.
- STOCKDALE, M. S., LOGAN, T. K. e WESTON, R. (2009). Sexual harassment and posttraumatic stress disorder: Damages beyond prior abuse. *Law and Human Behavior*, 33 (5), 405-418.
- STRAUS, M. A. (2004). Prevalence of violence against dating partners by male and female university students worldwide. *Violence against women*, 10 (7), 790-811.
- SWIM, J. K. *et al.* (1995). Sexism and racism: Old-fashioned and modern prejudices. *Journal of personality and social psychology*, 68 (2), 199.
- THE WHITE HOUSE TASK FORCE (2014). *NOT ALONE. The First Report of the White House Task Force to Protect Students From Sexual Assault*. Washington: Office of the Vice President and the White House Council on Women and Girls [en liña]. Disponible en: <https://goo.gl/5W3rkd>.
- TILL, F. J. (1980). *Sexual harassment. A report on the sexual harassment of students*. Washington, D. C.: National Advisory Council of Women's Educational Programs.
- TIMMERMAN, G. e BAJEMA, C. (1999). Incidence and methodology in sexual harassment research in Northwest Europe. *In Women's Studies International Forum*, 22 (6), 673-681.
- TORNS, T., BORRÁS, V. e ROMERO, A. (2000). El acoso sexual en el mundo laboral: un indicador patriarcal. En C. Heredero (ed.), *Mujeres: unidad y diversidad. Un debate sobre la identidad de género* (pp. 95-114). Madrid: Secretaría de la Mujer. Federación de Enseñanza de CCOO [en liña]. Disponible en: <https://goo.gl/zMuaQR>.
- TOUGAS, F. *et al.* (1995). Neosexism: Plus ça change, plus c'est pareil. *Personality and Social Psychology Bulletin*, 21 (8), 842-849.
- VALIENTE, C. (1998). Sexual harassment in the workplace. Equality policies in post authoritarian Spain. In Carver, T. e Mottier, V. (eds.), *Politics of Sexuality. Identity, Gender, Citizenship* (pp. 169-179). Londres: Routledge.
- VALLS, R. *et al.* (2016). Breaking the silence at Spanish universities: findings from the first study of violence against women on campuses in Spain. *Violence against women*, 22 (13), 1519-1539.
- VALLS, R. *et al.* (2008). *Violencia de género en las universidades españolas*. Madrid: Instituto da Muller.
- VÁZQUEZ, F. *et al.* (2010). Prevalencia y factores de riesgo de la violencia contra la mujer en estudiantes universitarias españolas. *Psicothema*, 22, 2, 196-201.

- VIÑUALES, O. (2002). *Lesbofobia*. Barcelona: Bellaterra.
- VIVES, A. *et al* (2015). *Derecho penal. Parte especial*. València: Tirant LoBlanch.
- VOGT, D. *et al*. (2007). Attitudes toward women and tolerance for sexual harassment among reservists. *Violence against Women*, 13 (9), 879-900.
- WHALEY, G. L. e TUCKER, S. H. (1998). A theoretical integration of sexual harassment models. *Equal Opportunities International*, 17 (1), 21-29.
- WALDO, C. R. (1999). Working in a majority context: A structural model of heterosexism as minority stress in the workplace. *Journal of Counseling Psychology*, 46 (2), 218.
- WALDO, C. R., BERDAHL, J. L. e FITZGERALD, L. F. (1998). Are men sexually harassed? If so, by whom? *Law and human behavior*, 22 (1), 59.
- WEISS, R. S. e REIN, M. (1972). The evaluation of broad-aim programs: difficulties in experimental design and an alternative. En C. H. Weis (ed.), *Evaluating Action Programs: Readings in Social Action and Education* (pp. 48-56). Boston: Allyn and Bacon.
- WEITZMAN, E. A. (2000). Software and qualitative research. *Handbook of qualitative research*, 2, 803-820.
- WINDSORD, R. *et al*. (1994). *Evaluation of health promotion, health education and disease prevention programs*. Mountain: Mayfield Publishing Company.
- XUNTA DE GALICIA (2016). *Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero*. Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
- ZINZOW, H. M. e THOMPSON, M. (2015). A longitudinal study of risk factors for repeated sexual coercion and assault in U. S. college men. *Archives of Sexual Behaviour*, 44 (1), 213-222.

